

PREMIOS

"Terras de Chamoso"

LIBRO RECOMPILATORIO DOS
TRABALLOS GAÑADORES DO CERTAME
LITERARIO TERRAS DE CHAMOSO

I, II E III EDICIÓN (2007-2009)



ARZUMES
ASOCIACIÓN CULTURAL
O CORGO





PREMIOS TERRAS DE CHAMOSO

1ª edición: decembro de 2010

EDITA

Asociación Cultural Arumes do Corgo

Coa colaboración económica da

Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo

CONSELLO EDITORIAL (Xunta Directiva)

Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (Presidente)

Mª Consuelo Vázquez Castro (Vicepresidenta)

Mario Outeiro Iglesias (Secretario)

Manuel Marqués Reija (Tesoureiro)

Manuel Fernández López

Josefa González Díaz

Roberto Rodríguez Páramo (Vogais)

ASESORÍA LINGÜÍSTICA

Xosé Manuel Castro Castedo

ASESORÍA TIC

Mario Outeiro Iglesias

DESEÑO E IMPRESIÓN

Grafinco

ISBN: 978-84-694-1450-7

Depósito legal: LU 25-2011

Impreso en Galiza

A.C. Arumes do Corgo

Antigas Escolas do Corgo s/n

27.163 O Corgo (Lugo)

arumescorgo@gmail.com

www.arumes.org

PREMIOS TERRAS DE CHAMOSO

LIBRO RECOMPILATORIO DOS
TRABALLOS GANADORES DO CERTAME
LITERARIO TERRAS DE CHAMOSO

I, II E III EDICIÓN (2007-2009)



A MODO DE LIMIAR

Por MARIO OUTEIRO IGLESIAS

Secretario do xurado nas tres primeiras edicións do certame

A idea do Certame Literario Terras de Chamoso naceu no seo da Xunta Directiva da Asociación Cultural Arumes do Corgo no verán do 2007 co xeneroso fin de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo “comitatus Flammusus” (o primeiro dos once condados nos que estaba dividido o antigo convento xurídico lucense no reino suevo), é dicir O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo.

Era unha iniciativa que respondía con fidelidade aos fins estatutarios da entidade e que nacía co fin de encher un baleiro na área de lingua e literatura dun espazo xeográfico que abranguí a ao concello do Corgo e á totalidade dos concellos limítrofes agás Lugo. Pese a non ser unha actividade novidosa na nación galega, o certame naceu coa firme convicción de consolidarse no tempo ata converterse nun referente anual da poesía e o relato breve en galego.

Os obxectivos iniciais deste Certame Literario “Terras de Chamoso” foron:

- Dignificar e fomentar a lingua galega entre a poboación corguesa, facendo un especial fincapé na mocidade (demostrarlles aos rapaces que a lingua galega tamén é moi útil fóra do ámbito oral familiar).
- Valorizar a cultura galega e en especial a literatura (non só a escrita polos propios autores senón co agasallo de lotes de libros, formado polas mellores obras da literatura galega pasada e actual, aos gañadores do certame).

- Promocionar a música e baile galego realizados no Corgo.
- Difundir as actividades artísticas galegas (maxia, contacontos, música...).
- Ofrecer actividades de lecer á poboación do concello alternativas ás da capital comarcal e provincial.
- ...

Dende a óptica da experiencia pódese afirmar que en cada edición do certame se deron pasos de xigante na consecución duns obxectivos nobres e ambiciosos.

As bases do certame

As bases do certame literario evolucionaron levemente ata consolidarse nos seguintes puntos:

1. **Temática e idioma:** A organización do certame non quere limitar a imaxinación dos autores. A única norma é que a obra se redacte en LINGUA GALEGA.
2. **Categorías:**
 - ❖ CATEGORÍA INFANTIL (dos 10 aos 14 anos).
 - ❖ CATEGORÍA XUVENIL (dos 14 aos 18 anos).
 - ❖ CATEGORÍA ADULTOS (maiores de 18 anos).
3. **Modalidades:**
 - ❖ POESÍA (de 30 a 60 versos)
 - ❖ RELATO CURTO (de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo).

NOTA: A categoría infantil non ten límite de espazo inferior, pero si superior.
4. **Presentación:** cada participante poderá presentar varios traballos (non premiados noutros certames literarios). Entregaranse mecanografiados (non é necesario na categoría infantil) indicando a

categoría, modalidade, título e pseudónimo e achegando nun sobre pechado a información persoal: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. Remitiranse ao seguinte enderezo: A. C. Arumes do Corgo. Antigas escolas do Corgo s/n, 27.163 O Corgo (Lugo).

5. **Prazo:** o prazo de entrega rematará a finais de novembro.
6. **Premios:** para cadansúa CATEGORÍA establécense 1º e 2º premio de poesía, e tamén 1º e 2º premio de relato.
Cada premio consiste nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma.
7. **Xurado:** estará composto por membros da Xunta Directiva da Asociación e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras.
8. **Entrega de premios:** a cerimonia de entrega de premios realizarase arredor das festas do Nadal no centro sociocultural do concello do Corgo acompañada de actuacións e de varias sorpresas.
9. **Non premiados:** Os traballos non premiados e as súas correspondentes plicas serán destruídas no prazo dun mes despois do fallo, se os/as autores/as non o solicitan.
10. **Outros:** A presentación ao premio supón a conformidade coas presentes bases por parte dos/as concursantes. A Asociación Cultural Arumes resérvase todos os dereitos de publicación das obras premiadas (en papel, CD ou mediante internet).

Na primeira edición a categoría infantil incluía aqueles participantes entre 8 e 14 anos e non tiña límite de espazo. Aquele ano o prazo de presentación alongouse ata o día 20 de decembro e non se especificaba en ningún punto o que sucedía coas obras non premiadas.

Na seguinte edición corrixiuse a idade mínima para os participantes da categoría infantil ata situala nos 10 anos actuais, adiantouse o prazo de presentación ao 5 de decembro e apareceu o punto 9 tal e como está redactado nas bases anteriores.

Foi na terceira edición cando se incluíu para a categoría infantil o mesmo límite de espazo superior que no resto de categorías, adquirindo o compromiso de intentar manter a redacción das bases para o futuro.

Os membros do xurado

Se dunha cousa se caracteriza e gaba o certame literario é dos distintos membros do xurado que tiveron a difícil tarefa de elixir os premiados de entre as numerosas obras presentadas.

A filosofía do mesmo é a de combinar no equipo seleccionador a persoal con formación filolóxica e relacionada co mundo do ensino con escritores de prestixio en lingua galega que intenten abranguer as diferentes modalidades literarias tanto en xénero como na idade dos lectores.

A maiores a Xunta directiva de Arumes está presente cun membro dos cinco que compoñen sempre o xurado (ata o de agora o Presidente), exercendo as funcións de secretario con voz pero sen voto, o secretario da Asociación Cultural Arumes do Corgo.

A continuación amósase a composición do Xurado nas tres primeiras edicións.

2007 (I Edición):

- D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (presidente da A.C. Arumes do Corgo e profesor de lingua no ensino secundario).

- D. Xosé Manuel Castro Castedo (profesor de lingua no ensino secundario).
- D. Xosé Yáñez Basanta (mestre xubilado).
- D. Xoan Ramiro Cuba Rodríguez (Escritor).
- D. Antonio Reigosa Carreiras (Escritor).
- D. Mario Outeiro Iglesias (secretario con voz pero sen voto).

2008 (II Edición):

- D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (presidente da A.C. Arumes do Corgo e profesor de lingua no ensino secundario).
- D. Xosé Manuel Castro Castedo (profesor de lingua no ensino secundario).
- D. Rubén Ruibal (Escritor).
- D. Toño Núñez (Escritor e mestre).
- Dña. Marica Campo (Escritora e mestra xubilada).
- D. Mario Outeiro Iglesias (secretario con voz pero sen voto).

2009 (III Edición):

- D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano (presidente da A.C. Arumes do Corgo e profesor de lingua no ensino secundario).
- D. Xosé Manuel Castro Castedo (profesor de lingua no ensino secundario).
- D. Xabier Cordal Fustes (Escritor e profesor de lingua no ensino secundario).
- D. Lois Diéguez Vázquez (Escritor).
- Dña. Marisa Núñez (Escritora e mestra).
- D. Mario Outeiro Iglesias (secretario con voz pero sen voto).

Como se pode observar mantivéronse na composición do xurado o presidente da A.C. Arumes do Corgo, Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, e o

profesor de lingua e literatura corgués e gran colaborador en materia de lingua e literatura de Arumes, Xosé Manuel Castro Castedo, a maiores do secretario da entidade cultural, Mario Outeiro Iglesias, cambiando anualmente a representación dos escritores galegos co fin de conseguir esa difícil mestura de continuidade e frescura que todo certame debe de posuír.


Unha participación en aumento

O certame comezou a andar no 2007 cun número de traballos apreciable, tendo en conta que se facía “camiño ao andar” tanto no concello do Corgo coma na contorna. Pero ao ano seguinte o certame deu un paso de xigante duplicándose os traballos, feito que se volveu a repetir no 2010 ao peche da IV edición do Certame Literario Terras de Chamoso (datos optimistas que tamén se inclúen neste limiar e que deben de servir de fol que manteña sempre acesas as ilusións tanto dos organizadores como dos participantes).

Recollemos na seguinte táboa o número de traballos entregados nestas catro primeiras edicións ordenados por modalidades:

ANO	MODALIDADE		TOTAL
	POESÍA	RELATO	
2007	18	21	39
2008	41	35	76
2009	30	37	67
2010	46	88	134

Estes datos poden visualizarse mellor no seguinte gráfico evolutivo:



Agás no ano 2008, o relato curto sempre tivo máis aceptación que a poesía. En canto ás categorías, destaca a participación tanto da categoría infantil como a de adultos, sendo moi pouco vizosa a “leira” xuvenil.

A grande participación infantil é debida á intensa colaboración entre a Asociación Cultural Arumes e os distintos centros educativos tanto do concello do Corgo como da contorna. Ao longo destas edicións teñen participado no certame os seguintes centros de ensino:

- CEIP do Corgo
- CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao (Láncara)
- CPI de Castroverde

- CPI Luís Díaz Moreno de Baralla
- CPI Uxío Novoneira de Pedrafita do Cebreiro
- CEIP Frei Luis de Granada de Sarria
- CEIP da Pobra de Brollón

A alta participación na categoría de maiores de 18 anos é debida á ampla divulgación das bases do certame a través dos medios de comunicación tradicionais, pero sobre todo a través de varias páxinas webs da arañeira. Este feito trae consigo que os participantes no certame proveñan de toda a xeografía galega e sorprendentemente tamén algunha persoa de fóra que ten ou tivo algunha relación con Galiza.

As cerimonia de entrega de premios

As diferentes entregas de premios leváronse a cabo sempre no Centro Sociocultural do Corgo en días próximos ao Nadal, nun acto coa solemnidade oportuna e cunha masiva concorrencia de público.

Mantívose sempre o mesmo horario e idéntica estrutura:

21:00 h Interpretación de tres pezas musicais galegas a cargo da A.C. A Legua Dereita do Corgo.

21:15 h Apertura do acto (saúdo de benvinda e agradecementos varios ao público, participantes no certame, autoridades e membros do xurado presentes).



- 21:20 h Entrega de premios (lectura da acta) aos gañadores e de agasallos aos membros do xurado.
- 21:30 h Recital poético dos gañadores da modalidade de poesía.
- 21:45 h Espectáculo.
- 22:30 h Peche do acto.

Sempre se abriu o acto cunha pequena actuación de música e baile galego a cargo da nosa compañeira corguesa no eido cultural, a A.C. A Legua Dereita.

A entrega de premios levouse a cabo en todas as edicións con membros do xurado e coas autoridades daquelas institucións que co discurrir dos anos apoiaron economicamente esta iniciativa. Os agasallos aos premiados constaron sempre dun lote de libros en galego, un diploma acreditativo e unha figura de cerámica (ver portada) realizada por un dos máis prestixiosos ceramistas galegos, Manuel Fernández López da casa da Vila de Anseán (O Corgo). As pezas dos premiados son pezas únicas e realizadas exclusivamente para as distintas edicións e representan elementos típicos do patrimonio etnográfico corgués e galego.

A entrega de premios da primeira edición celebrouse o venres, 4 de xaneiro de 2008 e contou coa actuación do mago Xacobe. Na segunda edición a cerimonia de entrega desenvolveuse o venres, 26 de decembro de 2008 e rematou cun espectáculo de regueifas a cargo de Luís “O Caruncho”, Josiño e Benito (Trioliro). A terceira entrega de premios mantívose no sábado 26 de decembro contado coa actuación do televisivo contacontos Santi Prego.

E co paso dos anos chegou o libro recompilatorio

Foron moitos os traballos presentados nas tres primeiras edicións e

moitos os merecentes de recibir o ansiado galardón, mais os membros do xurado elixiron a 35 de entre todas as obras presentadas non só para conseguir un lote de agasallos senón para que os seus traballos quedasen inmortalizados neste volume recompilatorio patrocinado economicamente pola Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo.

Pero a verdadeira novidade deste libro é a de xuntar non só os premiados no certame durante tres edicións, senón tamén aos membros do Xurado que os seleccionaron. É, polo tanto, esta obriña que tes entre as mans, un símbolo máis de que o Certame Literario Terras de Chamoso, pese á súa xuventude, se fixo un oco no panorama literario galego.

Deste xeito o Certame Literario servirá de trampolín para futuros escritores pero tamén de obra de referencia onde atopar traballos das plumas máis selectas da literatura galega.

É de ben nacidos ser agradecidos...

Son moi poucas as actividades culturais que se poden realizar sen custe económico, polo tanto comezamos o agradecemento coas dúas administracións que nos apoiaron no Certame e que son o Concello do Corgo (colaboración económica na primeira edición e da infraestrutura precisa para as distintas entregas de premios) e á Vicepresidencia Primeira da Deputación Provincial de Lugo (importante colaboración económica nas tres edicións). Como dixemos antes a edición deste volume recompilatorio tamén llo debemos ao apoio da Vicepresidencia Primeira da Deputación.

Dar as grazas tamén á A.C. Legua Dereita do Corgo polas actuacións iniciais nas tres cerimonia de entrega de premios e polas múltiples colaboracións con Arumes. Co seu traballo dan brillo á cultura tradicional

do país e fan de forte nexo de unión para unha xuventude que precisa de espazos comúns de lecer nun concello cunha forte dispersión xeográfica.

Agradecer, como non, aos nenos, rapaces e adultos que participaron masivamente nas distintas edicións e en concreto aos equipos docentes do CEIP do Corgo, do CPI Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao (Láncara), do CPI de Castroverde, do CPI Luís Díaz Moreno de Baralla, do CPI Uxío Novoneira de Pedrafita do Cebreiro, do CEIP Frei Luis de Granada de Sarria e do CEIP da Pobra de Brollón por animar aos cativos a escribir na lingua de Rosalía de Castro e Castelao.

E, como non, agradecer o traballo dos membros do xurado para a sempre difícil tarefa de elixir só uns premiados de entre moitas obras merecedoras de selo, e o esforzo ímprobo dos membros da Xunta Directiva da A.C. Arumes do Corgo por situar ao noso concello no mapa cultural galego.

O Corgo, na noitevella do 2010

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DA I EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Sendo as 12:00 h do día 31 de decembro de 2007, na localidade do Corgo, reúnen-se os membros do xurado para fallaren os premios da I edición do Certame Literario “Terras de Chamoso”, convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, do que forman parte:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
D. Xosé Manuel Castro Castedo
D. Xosé Yáñez Basanta
D. Xoan Ramiro Cuba Rodríguez
D. Antonio Reigosa Carreiras

Exercendo de secretario do xurado, sen voto, o secretario da A.C. Arumes, D. Mario Outeiro Iglesias.

Logo das deliberacións pertinentes e das votacións oportunas, os membros do xurado conclúen declarar premiados na I edición do Certame Literario “Terras de Chamoso” como segue:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Isabel Rodríguez Gay, de Cendoí (O Páramo), pola obra “O meu amigo”.
2º premio: Patricia Díaz Barreiro, de Friolfe (O Páramo), pola obra “A Navidade”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “O misterio do agasallo de Nadal”.
2º premio: Nerea Balboa Iglesias, de Lapío (O Corgo), pola obra “O armario encantado”.

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Noelia Martínez Rey, de Lugo, pola obra “Sintote”.
2º premio: Judith Arango Arias, de Vilar de Mouros (Cervantes), pola obra “Avó, onde estás?”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Deserto.
2º premio: Noelia Martínez Rey, de Lugo, pola obra “Memoria de bágoas”.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

- 1º premio: Marcelino Sisto Deibe, do Ferrol, pola obra “Praia de Doniños”.
2º premio: Cruz Martínez Vilas, de Vigo, pola obra “Bosquexo dunha perna que pretende seguir para diante”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Orlando Viveiro Veiga, de San Lourenzo de Aguiar (Outeiro de Rei), pola obra “O Caneiro”.
2º premio: María Xosé Castelo Lestón, do Burgo (Culleredo), pola obra “A ela que quería voar”.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, cando son as 13:30 h do día 31 de decembro de 2007.

Asdo.: Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Asdo.: Xosé Manuel Castro Castedo

Asdo.: Xosé Yáñez Basanta

Asdo.: Xoan Ramiro Cuba Rodríguez

Asdo.: Antonio Reigosa Carreiras

Asdo.: Mario Otero Iglesias

PRAIA DE DONIÑOS

(Campo de tiro)

Por MARCELINO SISTO DEIBE

1º premio de poesía da categoría de adultos

A luz da aurora doncela cangou coas pencas da rabia:
Formigas, en pé de guerra, bolen ó pé da montaña.
Á alegría da mañá cuspíronlle na faciana
foron fusilar o ar; foron matar a pantasma.

*

Dous rapaces mariscan unha colleita de balas:
metálicos longueiróns encol da area aviltada.
Érguense as vagas, iradas, xostregando a aba da praia
e venta un vento furado, con pespunto de metralla.

O mar zafráñalle á area, que non trouxe proxectís;
que consinta que apadumen as súas dunas sourís.
Rebilba aire estordegado e, cheo de zuna, zoa,
dende Outeiro ata Fontá; dende Penencia ata A Croa.

Están fartos de ecoar, os montes desta valgada,
foguetes que non son festa; tronos de falsa tronada.
E cala o monte, morcón; a lagoa, aqueloutrada;
as vagas, que se alporizan, en roncallos, despeiteadas:

Quérelle aprender, o mar, ao areal, a maneira
de se erguer cal un roncallo bravú de vaga mareira,
e, con ondas da areeira, varrer aquela ferida,
aberta na aba de A Croa, tal que de feras gorida.

E, xa co mal estiñado, tornar á paz primitiva:
o amor da area e do mar; deixar verdecer a vida.
Lagarto quecendo ó Sol; un curro de sendeiriñas
-antucas de carne mol, abertas entre as herbiñas-.

Soñar da mansa lagoa. Na praia, os dedos de brisa,
nos febles talos do feo, citolando unha cantiga,
pero cantiga de paz, que non berro da metralla;
non aos gargallos de chumbo cuspidos encol da praia.

¡Non apadumedes máis á Natureza aviltada
cos falos deses fusís, entre os testes das granadas!
¡Afastade o son de guerra! “Apazugar as espadas”.

BOSQUEXO DUNHA PERNA QUE PRETENDE TIRAR PARA ADIANTE

Por CRUZ MARTÍNEZ VILAS

2º premio de poesía da categoría de adultos

I

No lado esquerdo da xanela pousa unha bolboreta

tricolor

verde, amarela, vermella

Alugada neste espazo, no que habita

Ten penduradas pingas de resío nas paredes

obxectos que recordan a herba mollada

trevos de catro follas, amuletos de boa sorte

e unha figura que se proxecta no centro do cuarto en

decúbito supino mirando o ceo

pousos de café certifican a fiabilidade das visións

catro bágoas enxoiatas descansan na páxina

daquel libro

que antonte ficou abandonado a carón da televisión

Un corazón con marcapasos atravesa carreiros

estreitos

Sabe que está de prestado

Nese tempo soa un sineiro e o reloxo de peto marca

as 12 e un cuarto

Deixa de contar as horas e sente na caluga os ollos

dos xurelos que agardan a hora de xantar

enriba da mesa da cociña

De vagar senta unha cadeira e conversa

sen présa, e debuxa a silueta do vento

cun dedo no mantel

O CANEIRO

Por ORLANDO VIVEIRO VEIGA

1º premio de relato curto da categoría de adultos

A tarde principiara a empardecer no intre que cruzara o ceo grallando unha bandada de corvos e de seguido xurdiran do norte, de súpeto, aqueles desconformes nubeiros mouros agoirando a noite que se achegaba. O Rulo amosou un breve aceno de satisfacción cando os viu asomar e dispuxo a partida esvaecéndose na escuridade que, en cousa de pouco, venceu a resistencia das derradeiras luces do serán.

Gastara tempo durante os días pasados en repasar o estado dos aparellos, gardados no saco de mostil, que agora ergueu ao lombo para, con el, tomar camiño das fragas, confundíndose entre as sombras caprichosas que a escuridade estaba a debuxar na paisaxe. Unha longa capa con carapucho cubría todo o seu corpo prestándolle amparo contra os primeiros goteiróns que comezaron a caer de boullón, facendo esvarar a auga ata ir parar enriba das zocas de empeña ferradas que calzaba.

En brincando o pasadoiro de Castral semellou escoitar unha voz de xente e ficou quedo no intento de asegurar máis o vento, que xogaba a remexer nos carballos; era o son dominante agochando os ouveos dos cans de Vilar que ao lonxe ventaban o temporal. Fixérase noite pecha cando pasou polas Zarras e dende alí, escoitando xa o estarabouzar da auga do río no porto da Veiguicela, atravesou pola carreira do Pedragoso que o levou ata o caneiro. Ao chegar non se ollaba un palmo de terra e ás apalpadas quitou o tarabelo da porta do caseto e logo de entrar empurrou dende o interior deixándose caer de costas contra dela, alasando polo esforzo da andaina.

Chovía moi forte por veces e a cousa levaba trazas de ir a peor, a noite pasada caeran algunhas treboadas de auga e o río comezaría a encher de contado. Sen tempo para coller folgos comezou os preparativos acendendo un candil de carburo que ficaba encravado nun burato da parede e quitou do saco a rede de manga que tecera de novo aquel ano mais o nobelo de fío de cáñamo para entrallala e daquela comezar a pesca canto antes.

Unha vez rematado o atume da rede nos gallos do forcado, saíu fóra e avanzou polo guiar do caneiro chegando ás pías disposto para armar o trebello. Nas bocas a auga baixaba a cachón e tal como estaba a chover cavilou que as anguías estaban a punto de comezar a baixada. Arrebolou a rede á corrente para que enchoupara gañando peso, evitando así encerellar no forcado, recollendo case ao mesmo tempo. Armou logo na boca de modo que o tiro da auga arrastrara a rede cara abaixo, deixando a súa entrada aberta para a chegada das anguías.

O forcado permanecía entalado na agulla do fondo e no traveseiro da boca resistindo deste xeito a enorme forza da auga, aínda que por precaución amarrara o seu mango á pedra do caneiro coa cadea. Ergueu logo ao cabo dun instante para medir o rebo que baixaba e observou que era escaso: tan só algúns garabullos mesturados con follas, polo que seguidamente volveu armar.

A noite caera mouro coma terra e mentres agardaba, coa choiva a golpearlle na faciana, voltaron ao seu maxín acordos de tantas e tantas ocasións coma aquela, que marcaran a súa existencia dende que era neno. Lembraba como devecía por xogar coas agullas mareliñas, feitas de

buxo, tan estimadas na casa; mentres as mulleres ataban os nós das redes durante as noites do inverno, de par do lume da lareira. E despois máis adiante, xa gañado permiso para baixar ao caneiro, cando levaba a encomenda de alumear co farol de gas mentres os homes recollían a pesca.

En cas do Rulo houbera caneiro dende que se conservaba memoria, tal como relataba o avó Gumersindo que xa coñecera dende sempre da súa existencia. Os asuntos da captura das anguías formaban parte da historia da casa coma os leiros e o gando. Ao seu coidado dedicábanse os esforzos precisos para que se mantivese nas mellores condicións, así era costume que logo das grandes enchentes do inverno sempre se baixara para observar os estragos que padecera tal como sucedera aquel ano cando entullara nas bocas unha enorme carrocha de abeneiro, que baixara arrastrada polo río, impedindo a saída da auga o que provocara unha golfa no guiar e o derrubo da pontella.

Daquela houbera que axustar o arranxo a canteiros de oficio que ergueran de novo o muro asentado no fondo do río e reforzaron a estrutura do guiar polo interior con grandes chantas, arrincadas polo avó na pedreira de Romai, que se achegaran ata a beira do río enriba do rastro que tiraba a parella de bois da casa e logo foron transportadas na barca grande de quitar a area ata o lugar xusto no que se colocaron.

O caneiro do Rulo estaba ben situado, os seus guiares repochaban a auga mesmo ata o intre en que o río beireaba cando estaba a piques de botar fóra, a diferenza dos outros do lugar que eran de augas baixas e tiñan a desvantaxe que a pouco que enchera o río deixaban escapar as anguías

por enriba dos muros, sendo necesario con certa frecuencia aumentar a súa capacidade coa construción de longas sebes entretecidas con pólas de salgueiro.

Cando ergueu o aparello por primeira vez resultoulle livián, cousa que o levou a cavilar, mentres camiñaba ata o caseto para baleirar, que a carga fora escasa. Á luz do candil observou tan só dúas anguías escuras e brillantes que caeron enroscadas unha coa outra no fondo da enorme pía de cantería que servía de depósito para conservar en fresco as capturas ata a súa venda. Voltou de présa na procura de aforrar tempo, levando canda el un dos goxos de boca grande con asas que enxergara con varas de codeso cortadas na lúa minguante.

Armara de novo unha e outra vez ao longo da noite mentres a choiva seguía a caer e o vento zoaba a cada volta con máis forza. Viaxaba ata o caseto en cada ocasión que era preciso baleirar os goxos acurutados traballando sen taxar o esforzo nin o tempo, e foi nunha desas cando de súpeto reparou que a auga medrara comezando a saltar por enriba dos guiares e o río andaba a piques de botar fóra.

O Rulo deixara amarrado o batuxo por debaixo das pías por se fose de necesidade, pois é sabido que as enchentes son repentinas e o quedar no medio da auga en noite coma esta non é comenencia de ninguén; senón que llo preguntaran ao Cachelo dos Agüeiros que nunha ocasión semellante á presente, coa angulemia da pesca, se viu rodeado pola chea e cando acordara non tivera saída posíbel. O home tentara ir a pé polo guiar, pero a forza da corrente fixo que esvarase e aló foi polo río abaixo, empurrado pola auga.

O suceso rematara ben de milagre, xa que a mesma forza que o arrastrara foi dar con el á outra beira e deixouno preso entre as ramallas dun freixo. Tremendo coma unha vara verde, e cando xa se daba por morto, atopárano o Canelo e o Antón do Xordo que andaran con el no caneiro e saíran na súa procura coa barca, entremedias do temporal doente que facía.

A noite transcorreu de xeito regular ata que aló de cara ao amencer comezara a lostregar. Nas primeiras foi ao lonxe, con tronos xordos que retumbaban por tras das carballeiras, mais aos poucos a tronada estaba por enriba. Eran coma lumeiradas enormes que enchían o río todo de luz e deixaban ver con claridade a grandísima chea que levaba. Os estoupidos semellaban coma se fose xuntar o ceo coa terra.

Desarmou erguendo por derradeira vez o forcado e agarrando o goxo, que agora estaba mediado, coa outra man alcançou de contado para refuxiarse no caseto que estaba situado fóra do caneiro no curuto dunha encosta lixeira que facía a ribeira por aquela banda. Non houbera ocasión de voltar polo batuxo, pois durante o tempo que gastara en depositar o aparello no interior do caseto lavaron as pías. O caneiro apenas se adiviñaba agachado debaixo da inmensa corrente de auga e o home voltou atrás, a barca non había de ter coidado pois tal como estaba amarrada coa cadea ao caneiro non o precisaba e como moito daba por perdida a rema.

Trancando o tarabelo e descargado o derradeiro goxo na pía agora case chea, na que andaban a bulir as anguías, tentou prender lume cunhas carqueixas secas enriba dunha chanta que facía de lareira situada nun recanto do casoupo. Estaba a morrer de frío e rebentado polo esforzo,

mentres fóra tronaba e chovía a deus dar polo que ficou cougo e pechando os ollos non tardou en prender no sono, esmorriñado pola quentura que principiaban a dar os carrochos acesos.

Acordou aínda con noite pecha, e logo de atizar ao lume que ficaba esmorecido, abriu o portelo tentando ollar a cara do día. O río tiña botado fóra e a auga chegara aos mesmos pés do caseto. A chuvia amainara, aínda que semellaba ser por pouco tempo; polo que erguendo a vista ao ceo dende o paso da porta determinou coller camiño da casa na procura do carro que deixara preparado con dúas reas de táboas e a trapela de traseira amarradas co adival, para transportar a pesca ata a feira do día seguinte.

O amencer pillara ao home e mais aos bois coa carga de par dos trollos das Veigas. A chea da véspera deixara o camiño enlameirado e os animais tiveron que esforzarse en dar tirado o carro dos buratos, guiados polo Rulo que afalaba coa aguillada. Quedaba un anaco competente de noite cando marchara cargar as anguías sabedor da comenencia de chegar cedo á feira antes de que o fixera ninguén, para poder atender as primeiras demandas dos compradores. O carro, que avanzaba a modiño pola corredoira enlameirada, levaba as entreitoiras de salgueiro postas de novo e o seu roce constante co eixo producía un canto monótono que resoaba no silencio da mañá escura.

No Barrazoso a feira viña cadrando o día nove de cada mes e a das anguías, polo outono, era das máis concorridas da comarca. Aquel día os vellos alboios feitos de pedra e cangados de madeira de carballo, situados ao redor do campón onde se celebraba e que servían para gardar as mercancías, chegaban a pouco. A madrugada resultaba indispensábel á

hora de escoller o lugar axeitado para vender e o Rulo tiña ollado de vello un deles que cadraba situado de par mesmo da entrada. Isto facía que no intre de chegar os feirantes bateran mesmo de fronte coas anguías e considerasen entón a posibilidade de mercar polo menos a proba do presente ano.

Colocou a mercancía á vista coas pezas amontoadas en grupos segundo o seu peso, xunguidas por medio dunhas canas de salgueiro que lles introducira por detrás da queixada, e despois pendurou cada lote nun pao de bidueiro que levaba preparado. As máis grandes que ficaban de unha en unha colgadas duns ganchos a xeito de chambricos, imitando aos utilizados para pendurar os porcos, chegaban ata preto do chan despertando a curiosidade e loanzas dos asistentes.

Viñeron logo outros pescantíns cos seus carros de anguías que foron descargando e poñendo á venda ordenadamente ao longo da mañá que foi pasando de vagar ao tempo que se remataban os tratos. Os bois remoían nos feixes de herba seca depositada nunhas cambeleiras construídas por tras dos casetos agardando o intre de voltar ás cortes.

Apareceron así mesmo tratantes, tamén na procura de facer negocio, que agardaban aos vendedores no camiño ofrecendo mercar a pesca antes da entrada ao lugar da feira. Algúns efectuaban máis tarde a revenda da mercancía, tratando de obter deste xeito algúns beneficios, outros marchaban coas anguías para satisfacer encomendas que foran previamente adquiridas.

Preto do mediodía chegara Xan de Montes veciño que fora do Rulo, e agora dono dun mesón preto da Legua Dereita, mercando por xunto a

pesca que restaba por vender. O Xan era cliente habitual mais aquela mañanciña padecera una certa entrequedencia que lle impedira acudir a tempo á feira, con todo amosou satisfacción por ter conseguido unha porción importante de anguías que unha vez limpas e salgadas tiña pensado pór á venda ao longo do ano no seu mesón, onde as preparaba fritidas ou guisadas con cebola, tendo gañada xusta sona de sabedoras por toda a rodeada.

Rematado o trato, os dous homes na compañía doutros pescantíns coñecidos marcharan xantar á taberna da Primitiva. No lugar gastaron boa parte do tempo en repasar as derradeiras novas de aquí e de acolá. Daquela saíron outra volta vellos relatos das noites de enchentes e pesca nos caneiros, dalgunhas que os mesmos presentes foran testemuñas na súa mocidade e doutras aprendidas dos máis vellos do lugar, feitos nos que a certeza do acontecido deixaba o protagonismo ao adorno e á fantasía, que semellaban ter máis importancia que a realidade mesma.

Sucesos como aquél que lle acontecera a un dos Vilariños de Pás cando tivera a ocorrencia ir armar ao caneiro do crego de Bravos unha noite polo Santaciombre. O caneiro, que espertaba cobiza en moitos veciños darredor, era levado en arrendo, de seis ducias de anguías, polo Xaquín de Novo que andaba a queixarse de seguido do escaso beneficio que lle reportaba o asunto e que según contaba non chegaba dabondo nen para satisfacer o pago da renda. O cura non acreditaba nas razóns do Xaquín e reparaba noite e día dende o corredor da rectoral que cadraba de par do río.

Cando se decatara da presenza do home enriba do caneiro faltou tempo para que colocara a escopeta e posición e guindoulle una perdigonada

tras da outra ata que o Vilariño véndose perdido tivera que envorcallarse de cabeza na auga. A corrente foi dar con él ás comportas do muiño do Vinculeiro donde se mantivo agarrado ata que, contra do mencer, o muiñeiro se apercibira do asunto e baixara en axuda do home que estivera a un tris de afogar.

Algunhas historias máis tarde déronse por despedidos e o Rulo emprendeu camiño de volta empoleirado enriba do carro cantaruxando. Os bois entepostos tripaban mentras o camiño, agora con un andar pousón, semellando que aquela presa amosada por facer o labor tiña tamén rematado e a única inquedaanza que os movía, compartida polo home, era a de voltar á casa antes da caída da noite.

A ELA, QUE QUERÍA VOAR, E TRES RELATOS MÁIS

Por MARÍA XOSÉ CASTELO LESTÓN

2º premio de relato curto da categoría de adultos

Ela durmía a sesta deitada na herba, baixo un sol ardente e a calor abafante que predicían tormenta, pensando nel, e soñaba ás veces que voaba.

El voaba a moitos miles de quilómetros de distancia e pensaba en cousas das que ela nunca sabería nada.

Pese á distancia e ó ruído dos miles de persoas que a rodeaban, podía escoitar con nidia claridade os latexos do seu corazón a 300 quilómetros por hora.

E pensaba nel.

Soñaba con eses ollos de anxo, que vía, de cada vez que abría os seus, na luz cegadora do ceo que queimaba ó mirala. Buscábaos no fondo inexistente dun xerro de cervexa, onde o líquido amarelo e espeso non remataba xamais, cando en cada bico que lle daba ó vaso notaba a lingua del na súa boca e a asa de vidro se convertía en dedos albos, torgos e lenes coma febras de algodón.

En todo lugar, a cada instante, tiñao presente. Logo esa presenza foi todo na súa vida que quedou baleira de calquera outro contido. Todo perdeu importancia, salvo miralo a el. Malia o distanciamento entrambos ela dixo *Ven*, e el acudiu presto, alumeando o mundo dela con esa risa que só usan os seguros de si, os triunfadores. Abriu a porta da cela, entrou e sentouse na herba, ó seu lado.

Abre os ollos. Ó tempo que el lle amosa a súa colección de momentos felices ela colga no cuarto de estar o seu diploma en tristeza.

E a tormenta estalou mentres cruzaba Castela. O ceo de Burgos desfíxose en augas bravas que batían contra os cristais dos parabrisas ó tempo que ela adormecía arrolada polos brazos que recollían un trofeo noutro lugar como premio a alguén que sabe voar.

E ela díxolle *Agarda*. Perdeu o medo e saíu voando, soñando que conducía, ó tempo que pensaba nel.



Foi o tango máis caro dos que gocei, paguei por el nada menos ca dous euros, aquel que un rapaz romanés arrancaba do interior dun anquilosado e vello acordeón. Non reparei nin no valor da moeda. Se as houbese de máis valor teríalla dado igual. Rompín a miña tendencia avariciosa porque as notas dese *Cambalache* me levaban a unha rúa, estreita e húmida, do Quartier Latín parisiense, toda ela recendente a manteiga e pan quente, onde ti e mais eu mirabamos nun escaparate unha fotografía de Marylin debruzada no balcón do ático dun hotel de Nova Iork, contemplando Manhattan ó lonxe.

Todo era en branco e negro. A fotografía. Nova Iork París.

E no medio desa imaxe, un vello músico, exiliado dalgunha grande orquestra, facía falar un violín que dicía "Que falta de respecto, que atropelo a la razón" acompañado dun mociño ó acordeón. Un tango en París. Cousa máis ca extraordinaria. E máis aínda cando o neno dicía *Gracias* con acento da Córdoba arxentina e ó vello se lle enchían os ollos

de auga pensando se cadra naquela do Mar da Prata que nunca vería. "Merci, madame, au revoir". Dime Xaquín, iso que ti dis, que "As mellores promesas son esas que non hai que cumprir", e as peores penas aquelas que non se poden chorar. Por qué se xuntan un vello francés e un neno arxentino? Para facernos sentir saudade de algo que nunca tivemos, e estrañar imaxes que endexamais veremos. Para que de tan ben, nos sintamos mal.

O vello miraba co seu ollo torto, feliz de tocar, aínda sendo nesa esquina, porque alguén o escoitaba, e todo o resto, miserables avarentos, cobizamos por un intre a felicidade que aparentaba, pero esquecemos de cobizar a capacidade de sentirse ditosos con tan pouca cousa.

Ben merecía dous euros quen fose capaz de transformar a rúa Real no corazón do Quartier Latín.

Seguro que nunca estivo na Arxentina, poida que si en París. Non saberá que di este tango nin podería cantalo porque non fala español. Noto en que dá as grazas cos ollos. Coma ti aquel día.

Dí, amor, quen foi de nós o primeiro en esquecer París?

----- ○ -----

A min a enfermidade comezoume cunha cabeza de troita. Non quero dicir que fose por comela nin nada, senón que así empezou a manifestarse. Foramos os tres pescar, nunha mañá de primavera que chovía. Parecía calquera día menos o último luns de marzo. Ía un frío do carallo, e vento, qué queredes que vos diga, o encoro semellaba o mar da Costa da Morte no medio dun temporal. Acendín unha larada e senteime a ler a carón do

lume. E nun momento que erguín a vista vin que unha troita aboiaba a cabeza por riba da tona da auga. Vina tan nidia como vos estou a ver agora.

- Ei, aí, aí saltou unha troita.

E tras esta moitas máis foron sacando as cabezas. Eles dous volvíanse tolos, cambiando as canas de sitio, lanzando cando eu avistaba de novo unha cabeza, sen entender como as troitas podían saltar cunha auga tan revolta, nun día tan frío, e moito menos sacar a cabeza, pero críanme, en primeiro lugar pola cara de convencemento que tiña, e en segundo, non había razón para mentirlles. Por suposto aquela mañá non saltara a primeira troita. Só que entón non o sabía. Tampouco lle dei maior importancia ó feito de que eles non as visen. Achaqueino á que andaban moi ocupados preparando as canas.

Á semana seguinte volvín pescar, pero esta vez ó mar, e eu soa. Era unha mañá de domingo ben distinta da outra, clara, soleada, temperatura agradable, coa única coincidencia do vento. Preparei os aparellos, saquei o cebo vivo, miñoca coreana, escollín os chumbos e os anzois. Alí, escondida entre os saíntes dos cantís, en contacto coa brisa, notando o sabor salgado dalgunha pinga dos salseiros que me alcanzaba, sentínme viva por completo, moito máis viva ca nunca. Comecei a lanzar. A mañá estábanse a dar ben. De cada lance traía un vello, un pinto, unha maragota. Ía escollendo neles e devolvía ó mar os que non daban a medida legal. Case non se vía a ninguén polos arredores. Na pequena bocana tan só se divisaban unhas cantas chalanas ancoradas e multitude de boias das nasas do polbo e das áncoras das gamelas.

As boias eran case todas alaranxadas e brillantes, porque a luz do sol se reflectía na humidade que as cubría. E pasou o extraordinario. Ó ir lanzar

xa por última vez vin que a superficie da auga se tornaba negra, as boias desaparecían e quedaba cuberta de cabezas humanas. De homes adultos, para ser máis exactos. A horrorosa visión produciume un profundo arrepío. Case non atinaba a falar, entre o medo e o noxo. Por fin puiden coller o teléfono móbil e chamar. Pulsei a tecla de emerxencia e púxenme en contacto coa Garda Civil. Pedíronme que non me movera do lugar onde estaba, aínda que non era necesario que mo pedisen porque xa non era capaz de facelo. Ó momento apareceron dúas patrullas no alto do cantil e unha lancha de salvamento marítimo planeando pola entrada da bocana.

Non o podía crer. Xirei e volví mirarlle. Non podía ser. As cabezas non estaban. Tan só as boias. Boias por todas partes. Nin rastro das cabezas. Agocheime nunha especie de cova feita polas ondas na pedra. Lancei o teléfono ó mar con tódalas miñas forzas. Tiña un medo espantoso de que eles me pedisen explicacións a min do que pasara, cando era claro que alguén me estaba facendo a puñeta. Alguén puxera alí as cabezas e logo as sacara para meterme en problemas coa policía. Agardei a que se foran e subín. Non tiña nin idea de quen me podía ter tanta xenreira para facer todo iso por min.

Logo, ben, as cousas empeoraron. Unha noite perseguíume un sapo. No funeral dun tío avó meu o sacerdote púxose a tocar un só de violín e unicamente eu aplaudín. Requirín por dúas veces máis a presenza da policía, unha porque o león do cadro de Dalí que teño no salón saíu do marco e ameazaba con comermelo, e outra porque a estatua do estanque do xardín da alameda escondeuse tras unha tulla para atacarme. Daquela vez non puiden saír do paso coma cando o día das cabezas e pedíronme explicacións polo que creron que era unha broma miña. Cando se deron conta de que eu realmente cría que vira aquilo mandáronme aquí. As

cousas melloraron moito, pero non de todo. Podo comer sen que a comida cobre vida no prato, pero se paso moito tempo sen medicación, coma hoxe, aínda sigo tendo visións. Agora por exemplo, estoulles falando, e teño que convencermos de que son persoas, porque dende hai un anaco, todos teñen cara de parrocha.

----- o -----

Mamáaaaaaaaaa!

Que queres Ignacio? Non berres así que vas espertar a madriña.
Mamá hai lobos aí fóra. Escoita

Auuuuuuuuuuu

Non digas toladas, como vai haber lobos na horta.

Si mamá, si. Estounos oíndo, xa hai un anaco que os oio.

É o vento que zoa entre as árbores. Non hai lobos en Cambre. E agora durme.

E porque non vai haber lobos aquí, a ver, dime, por que?

Neno non me enfades, ese é o vento, non ves que hai temporal? E como siga así aínda me han chamar hoxe para traballar, agora destas horas. Ai, maldita sexa, maldita vida. Sempre así, correndo cando chaman. Non teña outra preocupación ca eles mesmos, todo é importante menos nós. Somos só monicreques para eles, que non valem nada máis cás horas que facemos, sen unha palabra amable, sen gracias, sen caricias de ánimo. E todo para nada, para que os anos pasen e non consigas nada

daquilo co que soñaras un día. Vaste apagando día a día, desgastándote entre catro paredes, enfronte a unha pantalla, rodeada de xente tan morta coma ti, entre todos non xuntamos nin un futuro enteiro. Peor sería non ter onde ir, non ter nada. Hai que mirar para adiante, tirar sempre de fronte. Porque eles valen tódolos esforzos, cada día de cansazo, un por unha das noites en vela. Quentan ese local no inverno e son a luz das tardes escuras fronte ó ordenador.

Mamá durme connosco, anda que teño medo.

Eu tamén mamá, creo que hai un lobo aí.

Se entrara un lobo espantábano as cadelas, como vai entrar aquí con sete cadelas grandes coma as nosas?

ás veces os lobos aparéanse coas cadelas, que o vin nunha película onde saían moitos cans e moitos lobos.

Era ó revés burro, as lobas aparéanse cos cans.

E ti que sabes, e ademais, dá igual can que cadela.

Parade, por favor. Estou cansada. Metédevos na cama ou douvos no cu. Veña, os dous a dentro, taparse ben e nada de tolerías, que non quero oír máis de lobos.

Pero hai lobos aquí, mamá, hainos?

Non, están todos onde eu traballo. Fernando, métete dentro. Veña, que me deito eu convosco un anaco. Teño para vos contar unha fábula. Eran un pastor e un lobo que se atoparon un día, o lobo, desexando que o rapaz

Ile perdese medo, foi e díxolle: "Amigo, non sei porque me miras sempre con medo e odio, tesme por malo e non o son, dou fe.

A miña pel en inverno dáche abrigo, cura males e achaques humanos e non deixa entrar pulga nin insecto vil", respóndelle o pastor: "Perverso animal, maldígate o ceo, maldígate amén. Despois de farto de facer tanto mal, que importa que poidas facer algún ben". E agora, a durmir, que o vento zoa e axuda a adormecer, e peta a chuvia nas fiestras, e aquí non hai nada que vos poida facer mal.

Mamá, dorme Fer? Pois déixame que che diga algo, eu xa sabía que non había lobos, era que quería durmir un pouco contigo.

SÍNTOTE

Por NOELIA MARTÍNEZ REY

1º premio de poesía da categoría xuvenil

Coma esas bágoas que medran e escurecen,
e un arco da vella que morre...

Síntote.

As cores vólvense sombras, as verbas, dores;
ante a soidade, inqueda e torpe
voo, choro,
quero escoitarte,
esconxuro infantil, de rima inocente...

Síntote.

Eu, inextinguible amorodo de soños,
medro eterna na túa versión fatal,
persecución de espíritos
que salfiren meramente nunha fuxida de almas;
berce de sal
no que me criaches;
agora e antes...

Síntote.

E quero que naufragues,
esquece os puñais de dor que me cravas;
inexpiable erro que me deixa, así,
fría, soa e namorada;
Ninfea, quero esquecerme, mais...

Síntote.

¿Escoitas?
¿Sentes o silencio do mar
no balbordo das nubes?
Como o raizame ilustre do ferinte poeta
no sinxelo xogo de amar,
máncasme;
e se son belísima eiruga,
¿por que non escoller bolboreta?;
e se son almafí dourado,
¿por que, tristura, por que?
e aínda que non lembro palpar latente...

Síntote.

Será verdade que esta badalada xa non soa,
que os meus sonhos de alabastro fundíronse en ti,
e que perezo nalgures,
morta.

Calado pensamento,
sei que aínda quedan bágoas;
que medran en segredo,
entre espuma e alma.

Desexo outro bico, outra mirada, outro silencio;
aquí, desde o esquecemento...

Busco odiarte,
mentirche,
desprezarte;
pero...

Síntote.

...No eco dun suspiro, volverei a estrañarte algún día.

AVÓ, ONDE ESTÁS?

Por JUDITH ARANGO ARIAS

2º premio de poesía da categoría xuvenil

Avó, onde estás?
É un lugar frío e triste,
semella un hospital.
Instálante nun solitario cuarto
e eu quedo ao teu lado;
mírasme con ollos tristes
e falamos.
Sabes que non che queda moito tempo,
pero intentas ocultalo;
posme un sorriso forzado
e lembramos.

Lembramos os nosos momentos,
os bos e tamén os malos,
sorrímos un para o outro,
e calamos.
E entre o silencio,
e coas mans agarradas,
aproveito para dicirche,
que, aínda que ás veces rifemos,
te quero máis que a nada,
e que sempre terás un lugar privilexiado
no meu corazón, na miña alma.
Pasan os días e a túa vida
consómese igual que unha vela,
que se apaga lentamente,
cada vez máis pequena,
cada vez con menos forza.
Teño que irme,

douche un bico
e entre bágoas ocultadas dígoche:
Pórtateme ben, volverei pronto!
Pero pronto foi demasiado tarde,
a vela chegou ao final,
e todo foi escuridade.
As miradas de esperanza,
son agora bágoas,
e dos sorrisos forzados
xa non queda nada,
é tan duro verte así!

Volves á túa casa por última vez,
despídeste dos teus e marchas,
desta vez para non volver,
e deixas dentro de nós,
un baleiro, unha marca.

É difícil seguir sen ti,
pero eu sei que sempre estarás aí,
que serás un anxo, que me coide e me guíe,
ata que poida volver a estar contigo.
Grazas polos bos momentos,
por todo o que me aprendiches
e por estar sempre ao meu lado.
Pronto volveremos a atoparnos.
Ata sempre avó!

MEMORIA DE BÃGOAS

Por NOELIA MARTÍNEZ REY

2º premio de relato curto da categoría xuvenil

Pica. Picaaa! Mamááá! Pícame aquíí! Si, si aquí. Pero mira, mamááá! Sempre igual, sempre igual; déixanme aquí soíña e non hai que facerlle. Ás veces penso que non me queren, que nunca me quixeron ter e que só estorbo... Choro. Pero que pasa? Veña non chores que viñeron verte e non quererás que te vexan así. Non quero, non quero. Son malos comigo e nunca me traen nada. Non. Non, mamááá!

Bo día, Hermitas. Que tal hoxe? Ben? Díxome un paxariño que ultimamente non falas nada, non ves que hai que portarse ben, muller. (silencio) (silencio).

Non, non, mamááá! Que non volvan, que esta é a miña casa e eu aquí non os quero, nunca me fan caso, claro, se fora máis maior... Sono, aínda ten que cambiarme. Veña, imos, que xa é hora de durmir.

Ai!... Dóeme moito. Teño que marchar que vou chegar tarde e logo o mestre bate en min. Aínda escuridade. Non atopo o caderno. Deus! Vanme rifar. Plaf! Ai... doe. Pero que fas? Fixécheste dano? Teño que ir, teño que ir, déixame. Pasa para a cama e durme.

- Tareixa, e logo hoxe non quedas a almorzar comigo?
- Non, mamá. Vai vir o doutor e xa te acompaña. Eu teño que ir mercar menciñas e logo volvo.
- E os pequenos? Xa hai tempo que non veñen por aquí. Chámaos e dilles que veñan.
- Mamá, os pequenos están en Santiago a estudar, lembras?

- Si, si.
- Mira, xa está aquí.
- Hermitas, que tal muller? Hoxe imos mirar como vai esa tensión.
- Doutor, pero se eu estou ben. Non entendo como me teñen aquí sen facer nada e non me deixan ir mercar e non me deixan ir tomar un viño, nada.
- Cóntame logo, que fixeches onte?
- Ai, mira... pois agora mesmo non me lembro. Pregúntalle á miña filla que che é máis nova. E estiven pensando en facer uns arranxos na cociña, que xa ten uns anos, pero terei que consultalo con ela; supoño que non terá ningunha obxección.

Enfádome. De sempre fun xogar á praza diante da casa, e agora así de súpeto, non. Ódiate. Pero por que? Eu quero ir. Xa me estarán a agardar todos e eu aquí, metida no cuarto. Non o entendo. Iamos xogar alí, todos xuntos, desde pequeniña. Mamáááá! Pero déixame! Aquí non o paso ben, eu quero saír e xogar. Lévame ao parque! Non, hoxe non. Por que? Non. Quero ir. Xa verás, é igual. Así, así, sen que te deas conta. Shhhhh.

Paseniño. Pecho e corro. Si, a que xogaremos hoxe? Agardarían por min? Seguro. Uf! Que barullo! 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10... vou! Onde vos metedes? Por min! Chove. Frío e móllome. Onde se meterían estes falcatrueiros? Baixo uns soportais. Frío! A mamá esquecéuselle poñerme o abrigo. Están no parque, sen dúbida. O parque, o parque... é que eu soíña nunca fun... e esas casas? Que altas e grandes son!. Hoxe non fun á escola, cando volva... Medo, medo, medo. Choro. Mamá non me deixou. Onde están? E mamá? Onde está mamá? Choro. Medo. Tremo. Frío. Móllome...

Atópase ben? O parque... non, non falo con estraños. Alí! Alí están os rapaces! Non... non son. Quero a miña nai. Agora xa non sei volver. Berro e

choro moito. Señores de azul e laranxa. Que non! Que non falo con estraños! Cóllenme. Choro. A onde vou? Só quero volver para casa e ver a mamá... Tranquícese! Calma! Non. Non vou. Non quero estar aquí, nesta padiola.

Forza. Caio. Doe. Señora! Non. Mamá...
Todo branco. Branquísimo.

- E onde estou? Teñen que chamar á miña filla.
- Señora, como se chama? E a súa filla? Número de teléfono?

Preguntas. Preguntas.

- Chámome Hermitas, Hermitas Lourenzo.
- Moi ben, Hermitas, atópase mellor?
- Mellor? É que non sei... non entendo, non sei...
- Mamá! Menudo susto! Grazas a Deus! Non volvas facelo... Perdóame. Quérote.

----- O -----

- Pica. Picaaa! Mamááá! Pícame aquííí!
- Onde? Aquí?
- Si, si aquí. Pero mira, mamááá!

Farta, estou farta e non sei canto tempo máis poderei seguir con esta desgraza, con esta presión aquí, no peito que, por veces, nin pasar deixa aos suspiros de aire morno, é tanto e eu xa non podo... e chora.

- Pero que pasa? Veña non chores que viñeron verte e non quererás que te vexan así. Entre sufrimento e sufrimento, alguén se achega; ódioo

tanto, que queren? ver o afortunados que son ou botar unha man? A tristura corroeume os meus adentros, perdón. Non. Non, mamááá!

- Bo día, Hermitas. Que tal hoxe? Ben? Díxome un paxariño que ultimamente non falas nada. Non ves que hai que portarse ben, muller.
- Non, non, mamááá!

Foxe. Eu síntoo. Hoxe non é un bo día. Quizais doutra verédela mellor. Non a podo deixar soa, marchade.

Mentres camiño con lixeireza detrás dela, temendo calquera cousa posible, dúas bágoas escorregan por unhas meixelas que nin cor, nin luz, nin alma teñen. Axuda.

- Veña, imos, que xa é hora de durmir.

Déitome un anaco. Os soños bátenme contra as paredes débiles da miña mente que un día foran fortes e impenetrables muros. Precisaría durmir para sempre, pena que iso nunca chegue. Non, non me renderei agora, ou si?; un pouquiño máis. Plaf! Deus! Que foi iso?... non.

- Pero que fas? Fixécheste dano?
- Teño que ir, teño que ir, déixame.
- Pasa para a cama e durme.

Outra vez máis...

Parece que adormeceu. As miñas pálpebras, aínda que pechadas, agachan uns ollos inquedos que non deixan de darlle voltas a ideas, beliscando cada obstáculo non meu ser e... impedindo o voo.

- Tareixa, e logo hoxe non quedas a almorzar comigo?
- Non, mamá. Vai vir o doutor e xa te acompaña. Eu teño que ir mercar menciñas e logo volvo.
- E os pequenos? Xa hai tempo que non veñen por aquí. Chámaos e dilles que veñan.
- Mamá, os pequenos están en Santiago a estudar, lembras?
- Si, si.
- Mira, xa está aquí.

Parece que a fazaña á noitiña lle calmou a imaxinación. Respirarei hoxe? Quixera crelo. Collo un gran refacho de suspiros e blasfemo sobre a vida, a dor, a sorte e as farmacias. Ábrolle a porta ao doutor.

No camiño tampouco cesan as miñas cavilacións. Lembro aquela época na que todo semellaba tan sinxelo... por veces gustárame fuxir de toda esta porcallada que me rodea e esquecer... mentres lonxe, refacer unha vida ou nacer outra vez. É tan complicado. Este sentimento que non me deixa saber que non todo é tan gris, esta soidade que me perde, esta tristura toda que esvaece calquera aproximación de soño, e eu, tan morta xa.

Que ben coñezo a faciana da señora tralo mostrador e que felicidade noxenta transmite o seu sorriso de dentes impecables.

De volta, algo oprime as miñas ganas de berrar que de cotío asoballan o pesadume da miña alma, sinxelamente, simples variacións de vellos sentimentos.

- Mamáááá! Pero déixameee! Aquí non o paso ben, eu quero saír e xogar. Lévame ao parque!
- Non, hoxe non.

- Por que?
- Non.

Cando está así, páteseme o ser enteiro. Fraquean as forzas e síntome abatida, pero teño que continuar, é o reto.

Chamo por ela.

- Mamá, onde estás?

Silencio. Non está. Onde se metería? Non. Tan alporizada que estaba, e eu, enfrascada nas miñas estúpidas reflexións, paseino por alto. Deus! Non está! Saio á rúa. Xente, xente e xente. Pero síntome soa e ela non está. Miro, busco, o meu ollar plana no vento sobre as cabezas de xente apurada e allea ao resto. A desesperación bloquea calquera oportunidade de alento, corro e non sei cara a onde, berro e non sei a qué, sinto afogar nun pozo escuro do desastre que había tempo se fora construíndo con bágoas de enfermidade. E esa culpabilidade que non me deixa pensar... con vagos rezos a non sei o qué, emprendo o camiño cara ao “fogar” e chamo a cantos hospitais se me ocorren, agardando esa cordial resposta que me mantería viva por un ratiño máis; e si, chega. Os meus pesares e angustias foxen ao meu carón ata o hospital...

Todo branco. Branquísimo.

- Mamá! Menudo susto! Grazas a Deus! Non volvas a facelo...
Perdóame. Quérote.

E alguén descoñecido murmura preto dela verbas, só verbas

- O alzheimer segue avanzando.
- Seino.

O MEU AMIGO

Por ISABEL RODRÍGUEZ GAY
1º premio de poesía da categoría infantil

*A lúa estaba mirando
para o sol escondido,
por entre os altos cumes
e as escuras nubes.*

*O vento cantaba
pola madrugada.
O vento bailaba,
por toda a fraga.*

*As árbores asubiaban
co pasar do vento,
os paxariños cantaban,
e non gardaban silencio.*

*Levo catro días
pensando no outono,
para poder asubiar
no porta do trono.*

*O trono ía esperto
un encosto moi esperado,
un desexo moi agardado
que me faría vibrar.*

*Cantas veces soñaba
nas tardes de verán,
que sairía a bailar
co meu amigo "o charlatán".*

*O meu amigo charlatán
contaba cousas sen parar,
e non sentía ningún ton
no seu pequeno cabezón.*

*Parecíame estar a mirar
as nubes na noite de San Xoán,
cando o meu charlatán
bailaba sen parar.*

*A lúa xa non miraba,
o sol xa marchaba,
co meu amigo "o charlatán"
bailando o tan, tan, tan.*

O NADAL

Por PATRICIA DÍAZ BARREIRO
2º premio de poesía da categoría infantil

O Nadal é esperanza
paz e alegría,
e é que Xesús naceu
e entréganos o seu amor.

Vexo ese neno de louros cabelos,
os seus ollos azuis como o azul ceo.
o seu gran corazón que vos brinda o seu amor.

Se pensamos e vivimos estes sentimentos,
encherán por completo a nosa vida
e serán como unha vela prendida
na nosa alma intranquila,
farannos espertar
e da nosa vida
as penas olvidar.

Pensamos no Nadal, si
pero ¿Só polas gominolas
ou polo significado desta palabra?

Se é polo primeiro,
Señor esperta o noso cego corazón
para facernos ver e sentir esa alegría.
Se é polo segundo
o noso corazón xa o recoñeceu;
non deixes que se nos volva quedar durmido.

Quizais o Nadal e todos estes recordos espirituais
aínda que son realidade parécennos un soño fantástico;
pero cando espertamos efectivamente,
todo é tan fermoso
que quixeramos soñar sempre.

Señor fai que non espertemos
desta realidade marabillosa,
deste mundo que ti nos ofreces.
Fai que todos te amemos,
pois merécelo.

Amigos/as neste Nadal e para sempre
busquemos a paz,
vivamos con amor,
e camiñemos con semblante de alegría,
cara a un mundo mellor,
señor abrásanos co teu gran lume de amor.

O MISTERIO DO AGASALLO DE NADAL

Por CRISTINA PERNAS PEREIRO

1º premio de relato curto da categoría infantil

Raquelíña era unha meniña á que lle encantaba escoitar os pequenos contos que a súa nai mais a súa avoa lle narraban pola noite para que soñara cos anxiños.

Cando chegou a época do Nadal, como Raquel era aínda moi pequechiña, Carmiña, a súa nai, decidiu escribirlle ela mesma a carta aos "Reis Magos". Como sabía que á súa filla lle gustaban moito os contos, decantouse por estes.

Pouco antes do día de Reis, Uxía, a avoa, e Carmiña déronlle a carta ao seu amigo Xurxo, o carteiro do concello do Corgo, onde elas vivían.

Xurxo foi cara á súa "Cova Secreta". Ninguén o sabía, pero os "Reis Magos" sempre tiveran centos de trasnos, ¡mais ben miles! que viaxaban por todos os concellos do mundo para recoller as cartas que os nenos escribían para despois levarllas aos Reis.

Pero os trasnos eran trasnos! Ou sexa, que eran moi revoltosos e algún que outro aproveitaba para facer algunha trasnada no transcurso do seu traballo.

Cando Xurxo chegou ata a súa "Cova Secreta" os trasnos estaban comendo as lambetadas que o carteiro tiña reservadas para cando se portaran ben. Pero non se parou a rifarlles, traía tres cartas máis e o importante agora era entregalas.

Unha das cartas era de Pepiño, o neno máis "pedichón" do concello: ¡a súa carta medía dous metros!. Outra era de Rosaliña, unha nena que viña pasar as vacacións á casa dos seus avós do Corgo, e a última xa sabedes de que era, de Raqueliña.

Xurxo deulle a carta de Pepiño a Fortachón, o trasno con máis forza de todos. Claro, non lle ía dar aquela carta tan grande ao trasno máis "debilucho".

A carta de Rosaliña foi parar ás mans de Timitín, un trasno vergoñoso e a de Raquel a Trasniño, o máis revoltoso de todos.

Cando Trasniño tivo a carta abriuna, e despois de lela dixo:

- Bo!, contos e máis contos: ¡non me gustan nadiña de nada! ¡Haiche que ser ben burriño para pedir tales cousas aos Reis!

Trasniño érache un trasno moi revello: ¡con ideas de bombeiro! Era regordecho: ¡pasaba o día vendo a "tele" e xogando aos videoxogos; non comía nada máis que lambonadas e non facía exercicio ningún!. E claro, como xa vos decatariades, os libros non lle facían pizquiña de gracia. Por este mesmo motivo decidiu converter as cartas dos nenos que pedían contos aos reis en anacos para que así os libros deixaran de editarse. A primeira carta que rompeu foi a de Raqueliña.

Máis tarde Xurxo, o carteiro, chegou cun montón de cartas.

Pola tarde, case noite, cando o sol se empezaba a poñer e os trasnos xa remataran a súa xornada de traballo; Xurxo atopou moitos pedaciños de papel nun recuncho no medio dunhas rochas da cova. O carteiro movido

pola curiosidade, decidiu investigar que era o que estaba acontecendo. E pouco tardou en decatarse do que ocorría.

Algún dos trasnos rompera todas as cartas nas que se pedían contos. Iso non podía ser, os desexos dos nenos tiñan que facerse realidade. El mesmo se tería que encargar de que as cartas chegaran ós Reis. Para viaxar ao mundo máxico destes, tiña que utilizar o "Trasnotransportador" un automobiliño no que só viaxaban os trasnos: ¡nun aparello tan pequeno non cabía unha persoa coma o carteiro Xurxo! Por iso, ó saber que alí tan só cabía un trasno ou unha persoa duns 50 cm., decidiu ir buscar a Raqueliña, a única que cumpría estas condicións e que estaba implicada no caso.

Xurxo foi buscala na súa bicicleta (respectaba moito o medio ambiente) ata a súa casa. Cando chegou, contoulle á nai e á avoa da meniña o que acontecera e pediulles permiso para levala onda el.

A nai e a avoa aceptaron encantadas: ¡que orgullo era para elas que a súa filla e neta salvase os contos do Nadal!

Despois de o carteiro coller á meniña nos brazos, os dous marcharon cara á "Cova Secreta".

Cando xa estaban alí, Xurxo explicoulle a Raqueliña o que tiña que facer, acomodouna naquel pequeno aparello e deulle unha carta na que lle contaba aos reis o que acontecera. Cando xa estaba todo preparado, o carteiro deulle ó "ON" (comezar). Aquel dispositivo empezou a tremer e a moverse un chisquiño cara á dereita e outro cara á esquerda repetidas veces ata que o Trasnotransportador comezou ja voar!. Raqueliña tiña un sorriso de pícara... ¡Iso de voar non se facía todos os días! Despois de tres

días voando (se contamos polo reloxo do mundo máxico, xa que se contamos polo do mundo real, serían tan só cinco minutos), a pequena internouse no mundo máxico. Todo estaba cheo de cores e ledicia. Pasou primeiro polo "país" das meigas e princesas, logo polo de dragóns e demais seres fantásticos, despois polo de fadas e "gnomos" [...], ata chegar ao dos personaxes de Nadal e as súas fábricas de xoguetes e outras cousas...

Como o Trasnotransportador era un aparello de tecnoloxía bastante intelixente, parou cando chegaron ao seu destino. Cando os Reis se decataron da presenza da meniña, preguntáronlle que facía alí:

- ¿Que fas aquí pequechiña?, ¿deuche algún dos trasnos o seu automóbil?- dixo o rei Baltasar.

A meniña respondeu cun movemento de cabeza lado a lado e entregoulles a carta aos Reis. Cando estes a abriron, leron:

Queridos Reis:

Bos días, son Xurxo, o carteiro do Corgo. Hoxe polo tarde atopei uns anacos de cartas que escribiran algúns nenos. Cando me acheguei ata eles descubrín que todas tiñan un mesmo agasallo que pedirvos: contos.

Non podo acusar a ninguén deste feito, pero o que si teño é algún sospeitoso. O problema non é tan só que os donos das cartas se queden sen os seus contos, senón que deixen de ler

e de escribir e que os nenos do futuro non poidan adquirir estes coñecementos.

Ademais a min tamén me afecta, xa que se ninguén sabe ler nin escribir, non haberá máis cartas e eu atoparíame sen traballo.

Espero que poidan facer algo ao respecto.

Un saúdo

Xurxo

-Moi ben meniña, agora a túa misión é esta [...].

Os Reis contáronlle un plan a Raqueliña e cando estivo de volta na cova, deulle ao carteiro a notiña que escribiran os Reis.

Ao día seguinte, cando os trasnos volvían á súa xornada do traballo, Xurxo rifoulle a Trasniño pola súa trasnada e fíxolle ler (tal e como lle ordenaran os Reis na notiña) un libro de bastantes páxinas.

Esta historia tivo un final feliz, todos aqueles nenos que pediron contos de agasallo puideron gozalos, e Trasniño deixou a tele e a "videoconsola" para facer un gran oco nos seus caixóns aos seus libros: ¡agora ler era a súa actividade favorita!

O ARMARIO ENCANTADO

Por NEREA BALBOA IGLESIAS

2º premio de relato curto da categoría infantil

O que vou contar agora é algo que me ocorreu fai bastante tempo, era o ano mil novecentos oitenta e catro, eu todavía era un cativo de once anos e como todos xa sabemos, os cativos de once anos estamos nunha idade e un adolescente. Queremos ser persoas adultas pero a nosa mentalidade segue a ser a de un neno pequeno, cando algo nos sae mal ou nos asusta corremos polas ganas, a contarllo a mamá. Pero claro de pronto decatámonos de que somos adolescentes e dános vergoña acudir a xunto dos nosos proxenitores a pedir axuda.

----- ○ -----

¡Parvo de min! Eso mesmo foi o que me ocorreu a min. Nesta historia que vos vou a contar, que nunca ata agora me atrevín a contar, non sei se por vergoña, se por medo de que pensara a xente de min. Pero o que si sei é que estes feitos que me ocorreron ós once anos me siguen atormentando, uh! Nada máis pensalo e pensar que o vou contar faime arrepiar de medo, e non o vou negar de vergoña tamén.

No ano mil novecentos oitenta e catro, eu todavía era un neno de once anos, ía ao colexio todos os días, e ía bastante contento pois alí aprendía cousas novas e por suposto o que máis me gusta do colexio, coma a maioría dos nenos, era facer trasnadas e xogar ao fútbol á hora do recreo.

Eu tiña un amigo moi especial, pois ademais de ser da mesma idade, eramos veciños, os nosos pais eran moi amigos e nós non nos afaciamos

un sen o outro. Se un de nós se poñía enfermo o outro xa vía moi negro o día pois non sabiamos que facer para pasar o tempo.

----- ○ -----

O meu amigo chámase Ramón. Ramón era un neno bastante responsable para a nosa idade. Eu chámome Daniel e non podo dicir que non fora responsable pero de ámbolos dous eu era o máis trasno e o que máis fantasías tiña na cabeza, por iso pasaba a soñar todo o día. Imaxinábame que pasaría se eu agora fose un can; ¡que sorte teñen os cans! O único que fan e comer, pasear e durmir.

Ou que pasaría se os mobles puidesen falar con nós, pois así cando un estivese só na casa xa non se sentiría tan abandonado e aburrido.

Un bo día cantado chegamos de clases coma case todos os días, Ramón e mais eu sempre faciamolos deberes xuntos; este día tocábanos na casa de Ramón. Cando chegamos, a súa nai xa nos tiña a merenda preparada, merendamos e puxémonos a estudar. Cando rematamos saímos ao xardín a xogar e despexarnos antes de cear e de que a miña nai berrase por min. Que era o que sempre ocurría pois eu nunca tiña ganas de separarme do meu mellor amigo. Nunca nos era suficiente o tempo para estar xuntos, por iso ese día quedamos en xuntarnos despois de cear, cando os nosos pais se fosen para a cama e estivesen durmidos. Nese intre eu saíría pola fiestra da habitación, saltaría á árbore que comunicaba as nosas habitacións e alí estaría agardando coa fiestra aberta.

----- ○ -----

E así foi cando os nosos pais se quedaron durmidos, saín pola fiestra do meu cuarto, avancei pola árbore con coidado de non caer e de non facer

ruído e de contado xa estaba no cuarto do meu amigo.

El xa estaba alí esperándome coa fiestra aberta.

Metémonos os dous rapidamente na habitación a escuras e sen facer moito ruído, non fora ser que os pais de Ramón se despertasen e se nos fora a pique a nosa aventura.

Estabamos os dous emocionados; ata o de aquí todo o que planearamos saíra ben.

Sentámonos os dous enriba da cama e comecei a fantasear coma sempre.

Estabamos a escuras, pero entraba pola fiestra unha luz tenue do foco da rúa, o cuarto estaba cheo de sombras, os cadros ao lonxe parecían edificios dunha cidade, as figuras e coches que tiña o meu amigo nun andel parecían os habitantes desas cidades; eran misteriosas.

----- O -----

Ao outro lado da fiestra estaba a árbore por onde saltei. Co aire movíanselle as polas e ese movemento parecía darlle vida a aqueles homes e coches de xoguete. Parecían talmente unha cidade en movemento un día normal de traballo.

Era algo fóra de serie.

Pero de pronto entrounos o sono e os dous quedámonos durmidos

Eu comecei a soñar con aqueles coches e homiños que se movía sen parar naquelas misteriosas cidades. Pero de repente algo sobresaltoume, oín uns ruídos moi raros no cuarto, levanteime e mirei para o lado. O meu amigo Ramón non era pois durmía placidamente.

Volvín a cabeza dun lado para o outro fitando cada un dos recunchos do cuarto pero non vin nada. Porén, de súpeto as portas do armario comezaron a abrirse e a pechase soas, emitindo ruídos que parecían lamentos.



Ao primeiro, asusteime e pensei que o mellor sería seguir deitado e durmir pero a miña curiosidade era tanta que non me puideren resistir, e dun brinco púxenme diante do armario, as portas estaban pechadas, estiven un anaco mirando para elas e de repente abríronse.

Non se vía nada estrano; coma todos os armarios tiñan colgada roupa, que naturalmente era de Ramón.

Así que, decidín volver á cama, pero cando ía dando a volta oín Demos pedindo axuda ¡Socorro, socorro...! ¡Axúdanos!

Achegueime con coidado e nun tris sentín coma se alguén me agarrase e cando me quixen dar conta eu estaba dentro dun cuarto escuro, baleiro, rodeado de nenos coma min, alá presos, cheos de medo. Aquilo era moi misterioso, ningún dos nenos me respondían ás preguntas que eu lles facía. De súpeto mirei para o reloxo, eran as doce e logo sería hora de voltar á escola, e eu alí metido. ¿Como ía facer para ir ao colexio? Comecei a berrar por Ramón pero non me oía, pois non obtiña resposta algunha.

Estaba moi asustado e atormentado e non lograba atopar a forma de poder saír de alí. Xa botaba en falta ver a meus pais, a Ramón, aos profesores. ¡Quero saír de aquí! Exclamei, pero ninguén me facía caso.

Pensei para min, “se logro quedarme durmido e non teño medo, esto seguro que era un soño”. Entón deiteime nun recuncho do cuarto e logrei quedar dormido. Cando me despertéis, ¡sorpresa! Estaba na miña casa. Pero, ¿Cómo podía ser esto? ¿Eu fun durmir á casa de Ramón? ¡O seu armario tragoume e agora aparezo na miña casa! ¿E que sería daqueles outros nenos?

Cando fun á escola mirei se había alí algún dos outros nenos do armario, pero non vin a ninguén e ao longo dos anos sigo sen saber que misterio garda o armario e o que foi daqueles nenos.

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DA II EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Sendo as 12:00 h do día 24 de decembro de 2008, na localidade do Corgo, reúnen os membros do xurado para fallaren os premios da II edición do Certame Literario “Terras de Chamoso”, convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, do que forman parte:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
D. Xosé Manuel Castro Castedo
D. Rubén Ruibal
D. Antonio (Toño) Núñez
Dna. Marica Campo

Exercendo de secretario do xurado, sen voto, o secretario da A.C. Arumes, D. Mario Otero Iglesias.

Logo das deliberacións pertinentes e das votacións oportunas, os membros do xurado conclúen declarar premiados na II edición do Certame Literario “Terras de Chamoso” como segue:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “O castiñeiro dos sentimentos”.
2º premio: Marina Pérez Toro, de Pena (Castroverde), pola obra “Amiña vila”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Mauro Catone Fernández, de Lugo, pola obra “A mascota agochada”.
2º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “Un sopro de esperanza”.

1º accésit: Marta Toirán Somoza, de Rubín (Sarria), pola obra “O boneco de neve viaxeiro”.

2º accésit: Raquel Marey Otón, de Queizán (O Corgo), pola obra “Unha historia de risa”.

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

1º premio: Deserto.

2º premio: Deserto.

Modalidade: relato

1º premio: Deserto.

2º premio: Deserto.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

1º premio: Alberte Momán Noval, de Santiago de Compostela, pola obra “Constritor”.

1º premio: Luz Airado Bello, de Román (Vilalba), pola obra “Das túas augas”.

1º accésit: Xosé Daniel Costas Currás, de Moaña, pola obra “Beizos e man de illa”.

Modalidade: relato

1º premio: María Xosé Castelo Lestón, do Burgo (Culleredo), pola obra “Dos días estragados”.

2º premio: Beatriz Fernández Herrero, de Lugo, pola obra “Outra vez, sempre”.

1º accésit: Marcelino Sisto Deibe, do Ferrol, pola obra “A Carricanta Guedelluda”.

Os membros do xurado agradecen a colaboración da mestra Dña. M^a Consuelo Vázquez Castro polo seu asesoramento na categoría infantil. Asemade, xustifican os accésit entregados nas categorías de infantil e adultos pola cantidade de obras presentadas e pola calidade das obras gañadoras. Do mesmo xeito, deciden entregar dous primeiros premios na modalidade de poesía da categoría de adultos pola excelencia das dúas obras.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, cando son as 14:00 h do día 24 de decembro de 2008.

Asdo.: Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Asdo.: Xosé Manuel Castro Castedo

Asdo.: Rubén Ruibal

Asdo.: Toño Núñez

Asdo.: Marica Campo

Asdo.: Mario Otero Iglesias

CONSTRITOR

Por ALBERTE MOMÁN NOVAL

1º premio de poesía da categoría de adultos

I

facerse boa
non semella máis que
unha cuestión de aprexamento
por iso de ser constritor

II

adoecer dos mesmos males
que as figuras
(sempre figurantes)
que recreo

imaxes de anos
que miraron por min
sen máis ousadía
que a de ser firmes
na compañía
necesaria
sempre dende a distancia xusta
para ser vistas
e recoñecidas
dende os currunchos todos

os espazos que frecuentei
sempre
na fuxida

III

sangro

se me falas
por cada poro da pel enxoita
pois foi a túa forma masculina
a zugar de min
todo

as horas
os espazos
nos que me sentín colonizada
en cada instante mísero
souben ser a mala que describiches
con grande exactitude
por medio de ausencias
en silencios eternos

DAS TÚAS AUGAS

Por LUZ AIRADO BELLO

1º premio de poesía da categoría de adultos

Oriundo manancial da vida,
comezo e fin.

Son paxaro na auga da túa fonte
mansiñamente,
cal xermolo no seu ventre malcriado,
o aloumiño doutras tantas primaveras
caprichosas,
o sono da media noite,
o bico da sede no relento das túas herbas.
son de ti a flor da auga
e o seu pensamento.

¡Ouh, caudal deses teus ríos
camiñantes polas miñas veas
tan faltas de ti!

Son toda auga do teu regato,
raigaño desta morna bidueira,
ollos tatexos das túas augas
aflixidas,
augas de carmín no mes da sega.
Son pecado inzando no teu leito,
enxebre hedra
depenicando na regaña da ialma descuberta.
E velaí as saias coas que cobres as vergoñas
máis vintetrés encaixes
labrados por cadansúa Lúa Chea...

Mar infinito,
antoxo de estrelas e soles.

Son a pena na que bañas as túas augas,
son a auga na que cuspes a túa area,
son a aldraba na túa porta
pechada,
o vizo enchente da marea
polo teu peito descalzo,
polas túas veas.
Son a marusía que te chama,
son o ronsel que te esperta.

Xa non chores máis por min
morna choiva dos teus ollos.

Son a auga alodada durmindo no teu ceo,
e sangue da túa terra,
chorosa papoia no viño negro,
na flor das abrótegas,
receosas,
na lentura do centeo.
Son sede na túa boca,
son orballo no teu seo.

BEIZOS E MAN DE ILLA

Por XOSÉ DANIEL COSTAS CURRÁS
1º accésit de poesía da categoría de adultos

Ofrecinche os meus **beizos** e brincabas
no pailebote escuro de petróleo alimentado
con area branca

o amor non é rock and roll;
din: non hai soño
na cama da pomba branca
había, dicía:

había unha bandeira branca,
unha unlla branca / unha man branca / unha
maré branca
e a morte tamén triste.

Esperei que a canción soara entre os meus **beizos**
Empapados de melodías a ras de chan.

Cantos sinais de ausencias hai no teu rostro
E cantas cartas baleiras chorarán as letras imposíbeis de escribir,
No final das eras de coser e no fondo das mariñas adxacentes.

Había entre beizos agradecidos unha gran
condena de esparto por entre as migallas de salitre
e esconxuros de tipos ilimitados,
rescates de resina que bebían incesantemente
polas ramas.

Partiremos as mil formas de soñar contigo
moverme polo prado coma se fora esperpento
irracional das casas. Ninguén é quen de
penetrar no borde do papel e seguir adiante na
viaxe polas calendas de coral.

Chegaron as vendimas, o tempo era de cristal e
non había espazo para as vidas formando coraza
contra o estoupido lexendario da mañá.

Non esquezas a forma da túa **man** de
xeito e forma do peito,
enrugas quentes da malograda illa de
metal espido.

As pedras ráchanse por dentro e mestúranse
en intersticios de linguaxe e rochas que
saben a forma do pecado e unha lancha
a deriva e o lento fluír até ser vello.

Amigos hai (e non chegamos á **illa** dorida)
polo paso do carbón acendente.

A **man** ten moito de poema,
non precisades dos ollos como a primeira
liña do verso anticuado dos segredos que
albergan a forma do tellado.

A **man** da muller (é privada)
acumulada en forma diagonal,

a man de leite afectará a
forma do feto,
ás cadeiras de pedra da cidade e soan a
pouco máis que a **illa** de manto.

IIIa. A túa man no embigo
e a túa lingua no toxo.
e a fala na boca.

O xantar é
como
o sexo.
desfrutas máis da compañía que dos
medallóns
de peixe sapo con salsa de caviar
de ourizos.

DOS DÍAS ESTRAGADOS

Por MARÍA XOSÉ CASTELO LESTÓN

1º premio de relato curto da categoría de adultos

Non gardo recordos completos desa época, tan só retalos difusos e confusos, que se mesturan con escenas que igual nin sequera pasaron. Foron días raros.

E non só pola miña propia situación, senón por todo canto me rodeaba. Tiña a impresión de que a vida cotiá andaba sempre rozando o surrealismo.

Tampouco é que pasara tanto tempo, e non obstante eu véxoa moi lonxe, a época esa.

Neses días nos que eu me sentín presa de min mesma e non podía saír ao exterior, máis por impedimento mental ca físico, xa que a porta nunca estivo pechada e as fiestras abríanse de par en par, gozaba da compañía do Trostky. Era un can palleirán e barbudo, de pelo crecho e encrespado, tirando a canela. Non era un mal can, pero era estraño. Parecía que non tiña estados de ánimo, mantíñase impasible e co humor invariablemente neutral. Daquela o único que facía era perseguirme pola casa. Mentres eu me movese, el movíase comigo; seguíame á cocina, ao cuarto, polos corredores. Cando eu me sentaba no cuarto de estar el deitábase na alfombra, apoiaba a cabeza no sofá e quedaba alí, durante horas, coa mirada perdida no baleiro. Nesas horas mortas nunca o vin mover o rabo de alegría como fan os outros cans, nin mostrar inquietude por baixar á rúa, nada. Só a mirada posta no infinito con ollos inexpressivos e vacuos, pero que non parecían demostrar nin dor nin pena. Parecía que carecese de sentimentos, dos máis básicos sequera.

Aínda que, ben pensado, a min pasábame algo parecido ao can. Deixábame estar horas e horas sentada no sofá, poñía o televisor tan só para sentir ruído pero nunca lle facía o menor caso. Chantaba a vista nun punto calquera da parede e alí a deixaba quedar. Tampouco eu manifestaba variacións perceptibles. Se o penso ben, o pobre do can non facía senón copiarme, reflectía no seu ser o meu propio estado anímico. Xesús, e a de veces que o maldicín por ser así.

Cheguei mesmo a collerlle manía ao pobre animal sen saber que a súa actitude era consecuencia da miña, mentres eu a cría causa.

Compartiamos a soidade mutua sen facernos compañía estrictamente falando. Mais ben estabamos os dous, pero nin sequera se podía dicir que xuntos. Cada un existía con independencia do outro, parecía que non nos estorbásemos pero que tampouco nos precisásemos para nada.

E logo esa sensación tan rara que tiña eu comigo mesma. Non era exactamente sentirse mal, senón estraña dentro do meu propio corpo, como prisioneira do meu organismo, sentindo medrar algo no meu interior, tamén independente de min aínda que neste caso si que me precisaba. Era como ter un parasito que vivía ás miña expensas pero que no fondo non pertencía en senso estricto a min senón que só me utilizaba namentres non puidese vivir no mundo exterior. Sentíame tan mal por experimentar esas sensacións e, con todo, non podía evitalo. Ao principio intentei velo como unha relación simbiótica, pero visto que eu notaba tan só efectos negativos acabei por vela como era, unha relación parasitaria, e que Deus me perdoe. E o can vixiante, seguíndome a todas partes, á espreita de cando eu me levantaba ou me sentaba no cuarto de estar. Como se alguén lle encargarse non perderme paso e el se fixera cargo

coma se fose a máis aburrida das tarefas, con desgana pero con eficiencia.

Agora que lembro, non recordo tampouco velo comer ou beber naqueles días. Nunca me pediu ir de paseo como oía que facían os outros cans. Non sei porque daquela non me estrañaban este tipo de cousas. Non sei onde tiña a cabeza. E a modista dicindo sempre que o can estaba só na miña cabeza.

As dores de cabeza que me deu daquela a modista.

Canto se pode tardar en facer un traxe? Tres meses? Pois logo xa non me vai facer falla, se non o podo estrear en dúas semanas non o quero, en tres meses non me meto dentro. Non penso estar aí cada día tomando as medidas.

Tampouco tes nada mellor que facer, así polo menos saes da casa e entreteste un anaco.

Non quero saír da casa. Quero que me fagas o maldito traxe xa.

E para que che corre tanta presa, se pode saberse, se non vas a saír da casa, a ver?

Quero ver como me quedaría, se puidese saír e lucilo.

Pois será porque non queres.

E agarrei e marchei, sen despedirme sequera. Qué carallo sabía ela da miña vida!

Pasaron tres, catro, cinco semanas, e o maldito traxe sen facer, que me cago en quen a bautizou. Cando mo trouxo, claro, como eu dixen, xa non me cabía, e tampouco era xeito de andar encanando nel.

Pois úsalo logo, cando xa che entre, e problema arranxado. É un traxe precioso, sinxelo e elegante dos que non pasan de moda.

E cando me vai servir iso, dime, xa que es tan lista?

Cando sexa.

Agora, a vista atrás, vexo que era a única amiga que tiña. Ela e o Trostky, a raro que pareza. O can seguía a espreitarme, e ela colábaseme na casa sen avisar. Tocaba a campaiña ás horas máis intempestivas, a mediodía, pola tardiña, cerca de media noite, sempre sacándome do meu atordamento de sofá, obrigándome a levantarme ata a cociña, preparar café, pór cuncas na mesa e, o peor de todo, obrigándome a falar durante minutos, ás veces horas, momentos que se me facían eternos e que eu intentaba evitar non entrando nunca a fondo na conversación, respondendo con monosílabos ás súas preguntas, facendo que escoitaba as súas paroladas mentres fixaba a vista na cafeteira de aluminio co cu negro por tantos anos de lume. Ela tiraba e tiraba da lingua tentando que eu falase hoxe algo máis ca onte. Recoñezo que se precisa unha paciencia infinita e unha bondade non comúns para portarse como Adela a modista. Traíame decote doces e pasteis con chocolate, biscoito de noces e cousas así. *Para adozar a espera*, dicía ela.

Eu perdíame nas súas lérias e cando se ía deixábame caer no sofá, sen folgos para nada e vingábame aborrecendo ao can, que me miraba imperturbable. O curioso é que non aparecía nunca polo salón cando

chegaba Adela. Agochábase nalgún curruncho do que non saía ata que oía a porta bater. Por iso se lle ocorría a ela que o can non existía.

Xa cara ao final perdeu a súa habitual diplomacia e abrollou no seu ser un chisco de intransixencia, nunha tarde que me espetou en xusta reprimenda pola miña actitude. *Algún día haste de arrepentir dos días que estás estragando.*

Podía dicirse que na maioría deses días aos que ela se refería, non fixen nada en concreto. Erguíame só para ver pasar as horas, un día tras outro, sentada medio ás escuras vendo morrer as tardes. Algunhas veces entretíñame en intentar rizar o pelo que curiosamente estaba a sufrir un cambio asombroso, e de ser crecho pasara a volverse liso e fino. Antes alisábao decote, mais nunca me aguantou nin unha xornada liso, e iso se non falamos dun clima húmido. Os días de humidade non chegaba nin a saír da casa con el decentemente peiteado. Pero nesta marea de transformacións que sufría o meu corpo, tocálle agora a vez ao pelo, e non soportaba velo así de liso por si mesmo, como se el tamén tivese vontade propia. Non era nin dona do meu propio cabelo, que se rebelaba cara min tomando a iniciativa de cambiar o seu aspecto sen a miña intervención. Así que collía as tenaciñas quentes e poñíame dálle que dálle, empezando polas puntas e os medios, para rematar nas raíces. En van, porque aínda eu non apagaba o aparato e os rizos xa se descolgaban coma elásticos sen forza.

O caso é que tamén se volvía máis brillante e iso si que non podía arranaxo de ningún xeito. O que máis me molestaba era o feito de saber que tras este proceso volvería ao seu estado detestable e que só se mantiña tan ben neste intre a propósito para facerme rabiñar. Ata que no sexto mes non o soportei máis e o cortei de todo. Comecei polas puntas e

as guedellas que me enmarcaban o rostro, pero funme quentando pouco a pouco e cando quixen dar-me conta parecía un quinto da armada.

Pero que ben, que che senta. Pareces outra. Dende logo que te ves moito máis nova, e máis fresca, va que si.

E este, can, sempre por medio, convertido na miña sombra mentres eu daba voltas e máis voltas pola casa vendo como a luz de fóra se atenuaba a cada paso meu e aparecía, outra vez, a noite. Esta última hora da tarde era a peor do día, sen dúbida. A luz amarelenta e amortecina que se coaba polas persianas venecianas e se reflectía no verniz do chan dáballe a todo canto me rodeaba un aspecto tan nostálgico que non podía soportalo, era como estar vivindo nunha tarxeta postal vintage en color sepia, esas que se empeñan en representar escenas cotiás de principios do século XX, con mulleres de traxe longo e longas cabeleiras recollidas en moños. E a min dábase por xirar como unha sevillana sobre os meus pasos, indo do sofá á fiestra, de alí á librería, e volta a empezar.

Xa cara ao final a cousa empeorou. Cada vez me custaba máis erguerme e andar. Pasaba moito máis tempo sentada, pero para compensar sentíame un chisco máis acougada e podía ler ou escoitar algo de música, ao tempo que o Trostky durmía ao meu lado, pero cun ollo aberto, sempre á espreita, coma un bo vixía.

A Adela viña agora moito máis a miúdo, ata tres e catro veces no día, comprobando que todo ía ben. E seguía traendo montañas de comida que eu remataba por tirar ó caldeiro do lixo. Pouco a pouco funme afacendo á súa presenza, á súa compañía. O día que tardaba en vir, botábaa de menos e agardaba con impaciencia o toque nervioso e insistente da campaiña anunciando a súa chegada.

Cando chegou o día, estivo alí. Tamén o médico de sempre e a parella esa. E pronto todo acabou e quedou tan só o recordo. Marchou o médico, marchou a parella levando o que viñeran a buscar.

Ese recordo si que o teño claro, o momento no que se foron. Había pouca luz na habitación, debían ser sobre as seis da tarde e, en novembro, xa se sabe. Sentín que volvía ser eu, que o meu organismo volvía a pertencerme. De repente comecei a verme invadida polos sentimentos que durante eses meses fuxiran de min. Ao mesmo tempo estaba feliz porque todo rematara e triste polo mesmo motivo.

Deixei que a cabeza repousara na almofada, relaxeime todo canto puiden e un pranto inmenso e incontrolable saíu do máis fondo do meu ser, a modo, pero con forza botei fóra todo canto viñera gardando estes nove meses.

Todo cambiou nun segundo. O ambiente volveu a ter matices e o tempo fluíu de novo con normalidade. Rompeuse ese silencio que nos inundara tantos días, outra vez se colaron pola fiestra os sons da vida. Os coches, os pasos da xente, risa de nenos e voces sonoras. Entraron os olores do outono, a madeira e terra mollada, a humidade.

E por fin o Trostky deu mostras tamén de romper a barreira emocional que lle impedía toda manifestación sentimental. Por primeira vez, ladrou, vino mover o rabo, e púxose a lamberme con ansias a man que eu tiña pousada por riba da colcha.

Decateime de que non era un mal can. Mágoa, porque nunca volví a velo.

OUTRA VEZ, SEMPRE

Por BEATRIZ FERNÁNDEZ HERRERO

2º premio de relato curto da categoría de adultos

Aquela mañá, cando espertou, tivo unha sensación estraña: vacacións recentemente comezadas, os fillos que marcharan de campamento, o marido traballando, a casa e o día para ela soa. Era a primeira vez que vivía esta situación nos últimos anos: chegada a unha vila interior por motivos laborais, incorporárase ás súas rutinas case sen decatarse; compañeiros de traballo, amizades, parella, nenos, entraran na súa vida paseniño, e ela asumira todo aquilo dun xeito natural, sen pensar moito no que deixara atrás, a vila natal, as compañeiras e compañeiros de xogo, a casa, a familia.

Pouco a pouco tiña sido arrastrada por aquela voráxine da profesión, as tarefas domésticas, as actividades e o lecer dos rapaces, e tantas outras cousas que non lle deixaban tempo para dedicarse a si mesma.

E aquela mañá... aquela mañá estaba soa, sen ningunha tarefa pendente, sen ninguén de quen preocuparse, sen présas; tiña por diante un día que se faría co ritmo que ela marcara. Revolveu na cama, preguiceira, ocupándoa enteira, e buscou a esquina na que daba o sol oblicuo que entraba pola ventá. Deixouse así un cacho, sentindo a calor dos raios no seu corpo, os músculos relaxados, e cando se quixo dar conta estaba sorrindo sen saber por que.

Ergueuse a modo, e deu voltas pola casa, sen a máis mínima intención de recoller a roupa que estaba sobre a cadeira do dormitorio, o libro que quedara no sofá a noite anterior ou a bolsa das compras de última hora.

Preparou café, zume e torradas, e almorzou tranquilamente, escoitando o silencio; decidiu darse un baño e encheu a bañeira de auga moi quente, botando as sales de eucalipto e menta que mercara había meses e non tivera tempo de estreir. O vapor que se desprendía facíalle entornar os ollos, aspirar profundamente e sentirse ben. Non quitou o tapón ata que comezou a sentir fresco; entón, unha ducha rápida fixo que voltara á realidade. Vestiuse con roupas lixeiras e saíu á rúa, sen rumbo, disposta a camiñar e a mirar escaparates sen pensar en nada importante. A xente pasaba polo seu lado en grupos ou en solitario, con prásas ou lentamente, sen espertar nela ningún interese definido; escoitaba retallos das súas conversas, percibía as cores das súas roupas en movemento, pero nada causaba nos seus sentidos unha impresión o suficientemente intensa que a fixera saír do seu ensimesmamento.

Ata que de súpeto, un aroma encheu o seu nariz e estalou no seu cerebro en mil anacos, cada un dos cales lle lembraba a súa nenez. Tiña oído que os rexistros olfactivos deixaban na memoria unha pegada maior cós outros, e efectivamente, naquel intre todo o seu corpo sentiu con intensidade aqueles cachiños de infancia: a morneza inocente do verán, as risas dos seus primos e primas cando ían espertar da sesta ao avó, todos xuntos, e se repartían as almofadas para bater nel mentres que outros, desde debaixo da cama, tentaban levantar o colchón para sacudilo. E coma premio por ter executado ben tan importante tarefa, alí estaba a avoíña, que os levaba a todos ata unha habitación en penumbra e collía a súa caixiña máxica que contiña aqueles pos cosméticos, e cun algodón de cores, empoáballes a cara, facéndolles sentir que xa non precisaban de nada máis para seren felices.

Era aquel perfume, o dos pos da avoa, o que a fixera estremecer. De onde viña? Rapidamente deu a volta e distinguiu a unha muller moi maior que

camiñaba collida do brazo dunha moza con aspecto sudamericano. Era tal a forza da evocación que sen pensalo dúas veces comezou a andar detrás daquela muller; observouna; levaba o cabelo recollido nun moño, e vestía en tons violetas, brancos e grises, exactamente das cores que ela lembraba na roupa da avoa. Seguiu os seus pasos entornando os ollos, indiferente a todo o demais, soamente concentrada en aspirar aquela fragancia feiticeira.

Viñeron á súa mente as sensacións de baleiro que experimentara cando, no mes de xuño dos seus nove anos, lle dixeran que a avoíña morrera, e sentiu outra vez no estómago o medo que pasara semanas máis tarde, mentres todo o mundo durmía a sesta e ela entrara ás escondidas no cuarto en penumbra: daquela palpou a soidade e, tremendo, dirixiuse á cómoda na que estaba pousada a caixa máxica, disposta a levala. Dubidou; non se atrevía. Colleuna e volveuna deixar varias veces. Ao fin, agarrou unha miniatura que estaba xusto ao lado: un pratiño de porcelana de Limoges moi amigo, diminuto, que cabía na palma da súa man infantil, pechou o puño con forza e saíu correndo, co corazón a piques de estalar.

Aquela fora a primeira vez que roubara, e nunca máis o volvería facer, como xamais contaría a ninguén o seu segredo. Aquel pratiño fermoso non se separara dela dende entón: permaneceu gardado no fondo dun caixón mentres viviu coa familia, acompañouna nos anos de universidade en Compostela e agora repousaba nun lugar preferente nunha vitrina da súa casa, xunto con outros pequenos tesouros que fora acumulando ao longo dos anos e que soamente tiñan significado para ela.

A velliña camiñaba arrastrando os pés e ela seguía detrás, como un can fiel segue o seu amo, xunguida a ela pola suave fita violeta do seu perfume, que lle ascendía polas fosas nasais ata o máis profundo dos

seus recordos. Non existía no mundo máis nada. Sempre considerara que aquel acto clandestino fora o auténtico rito de iniciación para a transformación que pouco a pouco experimentara a medida que ía acadando a madurez: nas reunións familiares, era cada vez máis frecuente escoitar dos labios dos seus tíos e primos maiores o moitísimo que se parecía á avoa; ela mesma, mirándose ao espello, recoñecía no seu propio rostro a aparición dos trazos dela nas súas expresións, na mirada, nos beizos, no nariz, e sobre todo, no carácter agochado debaixo deles.

Ignoraba se, cando se recolleran as cousas da casa e se repartiran entre os fillos, alguén se decatara da ausencia do pratiño. Algunha vez pensaba que houbera sido máis doado pedilo; sen dúbida ninguén lle negaría un obxecto de recordo, nin sequera a caixa máxica da que descoñecía o paradiro, de tela solicitado. Pero no fondo sempre soubera que non houbera sido o mesmo: a transgresión formaba parte do ser daquela muller marabillosa e da súa relación coa neta. Hoxe en día calquera consideraría insignificantes e mesmo cómicos aqueles pequenos actos de rebeldía que xuntas tiñan cometido: lembrou divertida a cara espantada da súa nai, a nora, un día que ela regresara á casa despois de ter pasado a noite cos avós, sentíndose a nena máis feliz e fermosa do mundo cando, para vestirse, a avoíña lle propuxera poñer unha roupa interior vermella digna da máis sedutora das actrices, cal se a avoa de Carrapuchiña Encarnada se tratara, naqueles anos en que a lencería das nenas se facía a ganchillo; e cando, no momento do peiteado, unha mirada cómplice entre as dúas decidira que non había que sufrir para desenredar o cabelo alborotado da noite; non fixeran falta as palabras; tan só unhas tesoiras que puxeron fin á melena loura que a mamá tantos coidados lle dedicaba.

Avanzaba paseniño polas rúas, a non máis de cinco metros da muller que desprendía tal feitizo, aspirando a maxia do pasado, sufrindo a ledicia dos

recordos, sentindo a intensidade do eterno. A vella e a súa acompañante entraron nun portal escuro e pecharon a porta. Ela ficou parada, sen se atrever a soltar o aire perfumado dos pulmóns por medo a que con el saíran aquelas emocións que tanto tempo durmيران no seu interior. Instintivamente deu a volta e apurou o paso; peregrinou ansiosa por varias perfumerías, buscando aqueles pos cosméticos que parecían non fabricarse xa.

No sétimo establecemento a dependenta fixo un xesto afirmativo: "Temos; hai unha empresa que continúa a facelos, aínda que case que non se venden". Acompañouna ata o fondo escuro da tenda. Nun expositor esquecido amoreábanse unhas poucas caixiñas de plástico, clasificadas por etiquetas que indicaban a composición do produto. "Cal é a que buscas?". A resposta estrañou á vendedora: "Non sei, teño que ulilas".

Deixouna soa para que elixira. Abría cada caixa e volvía pechala con rapidez, segura de que non era aquilo o que buscaba. Ao cabo dun intre, por fin, unha das poeiras deixou saír a lembranza da avoa. E alí, naquel espazo en penumbra, enterrou os seus dedos no contido da caixiña, aspirou profundamente, evocou coa totalidade dos seus poros, permitindo que a intensidade da sensación inundara tódolos recunchos do interior do seu corpo, sabendo que xa nunca máis perdería o aroma que ela sempre levara dentro.

A CARRICANTA GUEDELLUDA

Por MARCELINO SISTO DEIBE

1º accésit de relato curto da categoría de adultos

Contoumo un paxariño:

Hai unha fraga, preto da miña vila, no que pasan cousas incríbles.

Nun recanto pouco mesto desta fraga, onde entran as raiolas do Sol, hai un fato de cogomelos, chamados cogordos, formando un rueiro e, nun deles, viven o Caracol e a Caracola.

O día do conto o Caracol foi traballar ó Campeiro do Brión e a Caracola, lembrando que nesa data estaban de aniversario, matinou darlle unha sorpresiña e argallou agasallalo cunha torta de arandos, da que era moi gulusmeiro. E púxose ó asunto con moita habelencia.

O Caracol rematou a súa tarefa e, recollendo os seus apeiros, tornou á casa, camiñando engordido, que é como o fan sempre. E, deste xeito, gozando da paisaxe e uliscando, aquí e alá, algún froitiño silvano, que xa encetaban o seu agromar, pola primavera, como aqueles careixóns á beira do regato, que xa arrubiaban e se podían comer.

Faltando pouco para dar chegado, veulle ós narnos un recendo coñecido e lembrou que estaban de aniversario. ¡Tiña unha compañeira que daba xenio! E el sen unha regalía que lle facer: daríalle unha boa aperta. Abofé.

Petou na porta:

- ¡Toc. Toc. Toc!
- ¿Quen é?
- ¡Son un parrulo famento! —e puxo voz de ogro.
- ¡Ai, que medo me das! —dixo ela con brincadeira. ¿E por que chamas?
- Porque pensei que, se cadra, non queredías que entrase sen avisar.
- Tanto me tiña, porque o recendo debe chegar ata a beira da fraga. Haberíaste decatado de todos modos.
- Pois achégate, que che hei dar unha aperta moi forte, por seres tan considerada comigo.
- Dálle os bicos á torta, que para iso cha fixen.
- Póusaa logo na mesa e ímolo celebrar cunha boa paparota. A aperta dareicha logo.

Amañaron a mesa; estenderon o mantel; puxeron tódolos apeiros para o xantar e a Caracola retirou a torta do forno. Pousouna no centro da mesa e tentouna, apalpando a modo, co corniño dereito.

- Está moi quente -exclamou. É mellor que, mentres que arrefece, aproveitemos para dar unha voltiña e gozar deste bo tempinho que temos.

- Entón colle o carabelo e iremos coller uns careixóns que vin preto do regacho. Así, mañá, poderemos facer outra torta de amorodos.
- ¡Anda, que non es nada lambón, hól
- É certo que devezo por estes peperetes, pero tamén gusto das paseadas polo bosque e de falar coas Bolboretas e as Toupas e os Cabaliños do Demo -que non sei porque lles chaman con este alcume, pois ben simpáticos que son e digo eu que se será polo fedellos que adoitan ser-, e con tódolos veciños. Asemade o traballo e o paseíño abríronme o apetito e, tendo diante de nós un manxar tan sabedor, o que debemos facer e dar boa conta del.
- Es un pozo de ciencia e sabedoría.
- Ben o sei.

E alá foron, co seu muñico, parolando polos carreiriños, camiño do regato, bordeando vellos castiros e arrodeando carballos vedraños, ata chegar á súa beira, onde encheron o cestiño de careixóns, os pulmóns de aire puro e os ollos de fermosas imaxes. E tamén latricaron un cacho, das cousiñas de tódolos días, cunha Troita que pasaba por alí, camiño da romaría da Fervenza, que tiña moita sona e che era moi concorrida.

Decidiron dar por rematado o paseíño e volveron felices e ledos, ollando, no seu demorado camiñar, sen bremanza, como as flores se abrían a se enchoupar de Sol, como o bosquiño todo bulía e se espoldrexaba, contento e rebuldeiro, porque xa era primavera e estaban próximas a calor e a luz.

Ó chegaren, díxolle o Caracol á súa dona que sacara axiña o xantar, que degoxaba coa fame. Ela respondeulle que a qué esperaba para meterlle o dente á torta. Retrucoulle el que o que esperaba para meterlle o dente era a tela diante.

- ¿E logo, non a tes?
- Estou cego coa fame, pero non tanto que non vexo o que teño diante dos ollos e só vexo unha mesa baleira. Acercouse ela e comprobou ser certo o que escoitaba. Ante a evidencia, exclamou:
- Pois estou ben segura de tela sacado do forno. ¿Non te lembrás que a puxemos no centro da mesa, para que arrefriase?
- Pois, miña filliña, voou.

Miraron baixo da mesa; remexeron pola cociña; miraron, de novo, o forno. E nada. Parecía causa de maxia.

- Igual a raspiñou alguén.
- ¿Roubala? ¡Non pode ser! ¿Ladróns na fraga? ¡Imposible!...

O Caracol non o daba admitido e á Caracola empezaban a se lle amolentar as súas conviccións de que iso non era posible. Desde logo a torta fuxira. E pés non tiña. Así que a deberon axudar. Alguén de fóra, tal vez.

¿Que tiña pasado? Naturalmente todo ten unha explicación, que bruxas, aínda que as haxa, non existen.

Cando foron dar o paseíño e desapareceron tralo carbollo, enfiando a corripa que leva ó regato, xusto nese intre chegaba á porta a Carricanta coas súas guedellas ó ar. A tal Carricanta gustaba de camiñar ó sancorromanco polo mundo adiante; comer, se podía e tiña e, sobre todo, cantar. Alí viña, esfameada, coa súa guitarra ó lombo. E o cheiro a forno quente, facíalle ferver o calleiro degoxando por se alimentar. Petou no porta, coa esperanza de que lle deran un cacho co que matar a quen a mataba e ata estaba disposta a cantar o que fixera falla para merecelo. Ó non recibir resposta, insistiu. -Non debe haber ninguén- pensou. -Voulles cantar algo, por se estivesen durmindo a sesta e dou en espertalos.- Clarexou a gorxa, tirou a guitarra e berrou o seu cantar.

E nada. Timidamente puxou o poxigo e mirou no interior. Chantada no medio da mesa, unha torta de arandos deitaba un fiíño de fume recendente. Foi máis forte ca ela: entrou, acercouse e comeu un anaco; colleu outro e, raspiñando co que quedaba, foise polo fraga adiante, coa guitarra de esguello ó trascarrelo e a barriga chea.

E é aquí cando volven os donos da casa e quedan parados e amolados. Increíble, pero certo. Acabou a festa.

- Ti queda aquí, que vou preguntar pola fraga adiante, a ver se alguén deu visto algún indicio, algún sinal.
- ¡Vaiche boa, Vilaboa!... Bótalle guindas...
- Verei de amañalo.

E tocou a andar.

Preguntoulle á Toupa se vira algo e esta cabreouse, moi encornada, porque xa é sabido que son medio cegas e colleu a cousa algo atravesada. -Non ulín nada- dixo de mala gana, subliñando o verbo. Preguntoulle ó Corvo que, moi ben traxado, estaba alá arriba, cavilando nunha reunión que ía manter coas Pegas rebordás e coas Grallas e contestou que non estaba el para chuchumecadas. Preguntoulle ó Sapoconcho, ó Esquíó, ó Ourizo cacho, á Rula, ó Xabaril, á Vacaloura... Ata que deu cunha Lebre rillando nunha cenoria, que atopara nunha horta que tiña moitas, e preguntoulle tamén. Díxolle a Lebre que non vira nada pero que, como era moi larpeira da torta de arandos, ela axudaría a cambio dun bo cacho dela, no caso de seren quen de achala. Aceptou o Caracol e, subíndoselle encol do rabo, saíron coma lóstregos por tódolos recantos do bosque: ¡corre por aquí, corre por alí, corre por acá, corre por acolá!, ata que conviñeron en que non quedaba recuncho que non fora xa pescudado. E, cando estaba a Lebre ampeando, a tomar alento, quedou fitando cara a un groso piñeiro e dixo:

- ¿E aquilo que é?

E da parte da atrás do tronco saía, de esguello, o que parecía o mastro dunha guitarra. E debería ter dono.

Acercáronse a modiño, dándolle a volta á árbore e, tras ela, bateron coa Carricanta quedelluda, durmindo a sesta, estomballada e roncando, cun aceno na faciana de satisfacción. As quedellas sobre os ombreiros, a barriga gorda, a guitarra ó seu carón e, arredor dela, unhas frangullas que, examinadas polo Caracol, resultaron ser da torta de arandos.

- ¡Foi ela! Ímola espertar e darémoslle o que merece! ¡Vouna mallar! ¡Dareille unha boa tolona! -dicía o Caracol, todo alporizado a lle tremer os corniños.
- ¡Alto! Acouga. —dixo a Lebre. Ti non corres moito, que digamos. Eu si, como é ben sabido, pero ela sabe voar e eu aí non teño nada que facer. Hai que ir buscar un bo adival e, antes de que se decate, témola amarrada ó tronco. Logo pídeslle contas. Ti queda aquí vixiando, por se esperta, que hei volver axiña. E non sufras, que nunca choveu que non escampara.

Foi pola trela e volveu nunha miaxiña. Collérona un por cada cabo e, termendo o Caracol dun deles, a Lebre comezou a dar voltas rápidas arredor da Carricanta que, ó espertar alabarada, se viu amarrada ó tronco.

- ¡O ceo me valla! ¿Que facedes?
- ¿Que qué facemos? ¿Onde vai a torta? Explicáte.
- ¡Ai, ¿é por iso? ¡Xa!... Comina. Non puiden aguantar. Cheguei a unha casa que ulía moi ben; tiña fame; chamei por ver se me daban un cacho do que houbese, cantei para merecelo e non saíu ningún. Arrechuín a porta e alí estaba a torta. Non puiden facer outra cousa. Non entrei eu: puxou de min a fame, que me turraba. Comín a metade e a outra remateina aquí, sobre esta herbiña goroliza e mulidiña. E sóubome a gloria, é verdade. Excelente cociñeira. Si señor. Os meus parabéns.

A Lebre, ó ver que xa non tiña ren que esperar daquela torta desaparecida, liscou a fume de carozo a lle botar o dente a outra cenoria da horta aquela, que esas non fuxían e abundaban.

O Caracol quedou a soas coa Carricanta e falou:

- Imos amañar as contas, ladroíza. Atende ben: virás á miña casa e traballarás no campo tanto como sexa necesario para conseguir o preciso para nos poñer, enriba do mesa, unha torta de arandos. E só entón deixaremos que te marches. Se non aceptas, chamarei a tódolos animais da fraga e fareilles saber a clase de prea que es ti e botarante fóra de onde queira que vaias. ¿Paréceche xusto?
- Acepto. E acepto porque non son unha ladra, senón unha artista. E, aínda que non me gusta moito traballar de mandado, fareino para reparar o derramo que fixen, o meu mal proceder. Pero que conste que foi a fame quen roubou, non eu.
- ¡Deus dea a quen botar as culpas!

E fóronse os dous cara á casa. Contáronllo á Caracola e adxudicáronlle un lugar nun patamal un pouco vello, que facía de alpendre o cal, amañándoo un pouco, podía valer.

A Carricanta guedelluda traballou; recollía as guedellas nunha coletíña de cabalo e dáballle ó sacho. Aprendeu moitas cousas que non sabía e fixo outros calos distintos ós que tiña nas xemas dos dedos, da guitarra. E, naturalmente, nos momentos de lecer, fixo o que mellor sabía: cantar coa súa guitarra. Tanto e tan ben que o Caracol díxolle un día:

- Oes ti, podíamos facer unha festa. Estíveno remoendo no miolo. Invitaríamos a tódolos veciños e cobrariamos unha pequena cantidade; deste xeito ti gañas uns cartiños e podes ir tentando organizar a túa vida futura. Se che parece, eh. Que quen decide es ti.

E así foi. Amañaron un claro do bosque e invitaron a tódolos que xa tiñan acordado. ¡Miúda festa rachada! ¡Vaia repichoca! Os animalíños do bosque, cando queren, sonche ben divertidos e amigos de troulas. Sonche uns pándegos de moito péparo e uns esmorgueiros de moito rosmillo.

A Toupa bailou co Esquío, a Cabra co Xabaril; o Corvo coa Tartaruga; o Cervo coa Bolboreta e os paxariños balbordaban entre eles, garuleiros, cos seus rechouchíos. Un destes, un paporroibo falangueiro, que ás veces se achega polo meu xardín, foi quen me contou todo isto que vos estou dicindo.

E a Carricanta animaba a festa cantando, cunha voz de torgo moi ben axeitado, es súas animadas cancións.

Cantaba tan ben e era tan contaxioso o seu xeito de animar, que todos aplaudían e esgutiaban e os asistentes decidiron recuncar e facer unha festa daquelas unha vez á semanaña, polo menos.

A Carricanta comezou a xuntar algúns cartiños e principiou tamén a ter certa sona e consideración entre os veciños, que a chamaban para as celebracións que alí, na primavera, había ben delas.

E, entre festa e festa, a Carricanta seguía a traballar ata que, por fin, deu chegado o día no que conseguiu xuntar o produto do traballado na seara:

segou o trigo que tiña plantado e coidado; moeuno, bortelouno, amasouno, gramouno ben gramadiño, foi buscar os arandos e fixo unha grande torta, que dese para todos e poder invitar á Lebre e a todos cantos quixeron participar. E foron todos. Os Caracois, como son pequechos, comeron pouco, pero a fartar; o resto papouna nun dicir amén. E logo cantaron e bailaron ata que, ó escrebar o día, foron indo a se deitar. E aquel día o bosquiño estivo silencioso e acougado de máis. E ata as árbores tiveron o detalliño de non zoar, para deixalos durmir a modo.

Cos cartos que gañara coas festiñas, a Carricanta mercou un cogomelo precioso, dos que chaman choupíns e que, por ser moi alto, tiña moi boa vista. Púxolle unha boa cheminea, cuberta cun cucurucho e mercou un forno ben moderno, para facer algunha torta que outra, roldándose coa Caracola e o recendo esparexíase polo bosque e perdíase entre os fronzas altas das ramallas das árbores, chegando ata o fociño do Corvo que, no curuto dun piñeiro, miraba, miraba e miraba para se decatar de todo. Entón paraba nas súas matinéas e, non podendo resistilo, -tal como lle pasara á Carricanta no seu día-, planaba descendendo en voltas mansiñas e baixaba canda eles. Co seu frac elegante e serio adornaba moito a mesa e parecía un señor. Saudaba, facendo a mancospia educadamente, e comían o que houbese ese día, que sempre era variado, para non o aborrecer.

Cando remataban ían ó patio a descansar todos ou botaren unha brisca, mentres a Carricanta cantaba con moito sentimento.

Algunha vez botaba de menos as súas andainas bohemias e despresas polo mundo adiante e entón pechaba a porta da casa e ía dar unha voltiña por outras vilas e rueiros, levando a súa alegría canda ela, xunto coa súa

guitarra. Cando isto sucedía, botábana de menos e estrañábana, arelando que tornase.

E mira ti por canto, a que parecía unha lacazana preguiceira e nugallá, á final resultou ser o sal e a pementa do rueiro. Xa vedes como son as cousas. Polo menos na fraga que hai preto da miña vila. E supoño que, onde queira que haxa outra fraga, pode pasar algo semellante.

Estate atentos, pois, e non perdades detalle.

E xa me contaredes.

O CASTIÑEIRO DOS SENTIMENTOS

Por CRISTINA PERNAS PEREIRO
1º premio de poesía da categoría infantil

Castiñeiro dos meus recordos,
as túas follas estaas a levar o vento
¿Que fago eu agora?
¿Que fago sen os meus sentimentos?

Castiñeiro dos meus amores,
os teus froitos estaos a levar o vento
¿Que fago eu agora?
¿Que fago sen os meus sentimentos?

Castiñeiro das miñas amizades,
as túas flores estaas a levar o vento
¿Que fago eu agora?
¿Que fago sen os meus sentimentos?

Castiñeiro da miña infancia,
o teu talo estao a levar o vento,
¿Que fago eu agora?
¿Que fago sen os meus sentimentos?

Castiñeiro da miña vida,
a túa raíz estacha arrincando o vento
¿Que fago eu agora?
¿Que fago sen os meus sentimentos?

A MIÑA VILA

Por MARINA PÉREZ TORO

2º premio de poesía da categoría infantil

Castroverde, miña vila,
meu berce cando nena,
agarímanme os teus prados
dende que era pequena.

Bebín das túas fontes,
frías augas do Chamoso,
comín nas túas beiras
amoras e amorodos.

Alimentaches os muíños,
co teu zume azucarado,
augas das terras galegas
que beberon nosos antepasados.

Foron testigos do teu paso
vellos gaiteiros e feirantes,
namoráronse das túas terras
ao son da música e o baile.

Nas fragas soaba a gaita
e nas veigas a zanfona,
instrumentos da miña terra
sons da miña zona.

Meus amigos da vila,
nunca vos hei de esquecer
estaredes toda a vida
no meu grande e bo mencer.

Castroverde, miña vila,
meu leito agora, de vella,
recordo como me agarimaban
os teus prados de pequena.

Recórdote, río Chamoso,
recordo as túas fontes,
recordo as túas beiras.

Recordo as túas xentes
recordo os teus sons,
sons da terra galega.

A MASCOTA AGOCHADA

Por MAURO CATONE FERNÁNDEZ

1º premio de relato curto da categoría infantil

Todo comezou así: unha mañá de venres levanteime, almorcei e ía ao colexio cando pola rúa vin un canciño abandonado, sucio e cunha patiña rota. A min deume moita mágoa e ao chegar ao colexio comenteino cos meus compañeiros de clase. Eles dixéronme que non lles parecía ben abandonar aos animais, pero que non podíamos facer nada.

As cinco horas do cole estiven pensando naquel canciño que me gustara moito; eu sempre quixera ter un can, pero a miña nai non me deixaba porque pensaba que non ía ser responsable para coidalo. Cando remataron as clases eu tiña que irme só á casa, e, como tiña a mochila baleira porque non levaba deberes nin estoxo, collín ao canciño, que era moi pequeno ao ser un cachorro, e metino na mochila deixándolle un pequeno buraco para respirar. Ao chegar á casa subín correndo ao meu cuarto e, coa porta pechada, soltei ao canciño, saín do cuarto deixando ao can dentro e fun á cociña, collín unha cunca para a auga e cortei un cachiño da carne da comida da mañá para darlle de comer.

Subín á miña habitación e deillo; el bebeu toda a auga e comeu toda a carne. Eu procurei unha pelota pequena que tiña nunha caixa e deilla para que xogara, pero a el parecían gustarlle máis os meus peluches, porque os collía e corría con eles; entón deille un. Púxose como un tolo a dar voltas arredor del e ao final decidiuse a collelo.

Xusto nese momento o can ladrou e miña nai preguntoume que facía. Eu dixen que tiña tose e seguí xogando co canciño.

Chegou o sábado e o día pasou ben, pero o domingo tocaba a limpeza xeral na casa; entón, vinme obrigado a pensar un sitio onde poder agochalo, e o único que se me ocorreu foi na saliña pequena que ninguén usaba e estaba ao lado da miña habitación. Deixeiño alí detrás dunha cadeira de brazos e unha caixa, para que ninguén puidera velo. Cando remataron a limpeza do meu cuarto volvíñ a metelo nel e el volveu coller o seu peluche.

O luns, que non tiña actividades, veu o meu amigo Samuel á miña casa e viu ao canciño. Preguntoume se non sería mellor ter un can que non estivera coxo, e eu respondílle que podería telo pero que ese me necesitaba máis. Foi difícil coidar e agochar ao canciño toda a semana, pero eu cada vez me encariñaba máis con el, e el tamén se vía que me quería moito, porque cando chegaba á casa e ía ao meu cuarto recibíame cunhas lambeduras tremendas. Ao domingo seguinte meu pai descubriu o meu segredo e avisou a mamá, que non o tomou demasiado ben. Preguntoume se non sería mellor coller un can san, e eu díxenlle que ese me necesitaba moito, que era o meu amigo e que os amigos non se elixen polo guapos que son senón polo cariño que nos dan, e ela comprendeume perfectamente.

Desde entón vivimos na miña casa os meus pais, eu e o meu revoltoso amigo coxiño, que me come os peluches, tolea a miña nai cos ladridos, que lle esconde as zapatillas ao meu pai e que me esperta a lambidas pola mañá.

UN SOPRO DE ESPERANZA

Por CRISTINA PERNAS PEREIRO

2º premio de relato curto da categoría infantil

Ola!, chámome Zoone e vivo nun poboado do noroeste de África.

Nestes momentos estou colocando, sobre unha mesa de bambú, colares feitos con sementes de cores. Na parte esquerda poño as vaixelas de arxila (que serven para manter a auga fresca cando vai calor) e, sobre uns pequenos caixóns, a froita típica da nosa zona, a mandioca. Ademais, na cadeira de baobab, pouso os ñames (que semellan patacas pero son máis alongados).

Queda moi pouco para que miña avoa mais eu comecemos a vender. Antes de que comece o mercado debemos cubrir o noso posto cun paraugas que nos deran aquel día de inverno...

Eu sempre acostumaba visitar a escola do meu irmán, agochándome detrás das pallas, sen que ninguén me vise, procurando aprender o que o mestre lles explicaba. Nunca me atrevía a entrar, xa que ben sabido é que só teñen dereito a recibir educación os homes.

Pero unha vez descubríronme. Eu non sabía onde meterme, esperaba que me rifasen, que me preguntasen porque non estaba traballando... pero sorprendinme ao saber que os feitos non aconteceron como esperaba. O mestre animoume a acudir aquel día á escola e eu aceptei encantada, aínda que sen saber que dicir.

As clases eran moi interesantes, dunha materia chamada "xeografía" aprendín cousas acerca de Europa, o continente ao que todos os meus familiares soñan chegar.

Cando ía rematar o horario escolar, recibimos a visita de catro cooperantes e de Oana, a miña amiga que marchara no verán a España. Tres homes e unha muller, vestidos cun traxe vermello, levaban un camiión repleto de sacos e caixas moi grandes. Nunca sería capaz de imaxinarme o que alí tiñan: moreas de cousas que na miña vida vira, que só existían naqueles contos que os emigrantes contaban. O mellor era que todo iso ía destinado a nós. Que xente tan boa! O que máis me emocionaba era a roupa, prendas fermosas, de cores moi vivas. E os libros: que bonitos! Eran moitos papeis unidos, con letras que me custaba ler. Logo había unha caixa que parecía un espello, con moitos botóns polo lado dereito. Aquelas persoas explicárannos que era un "televisor". Tamén había outra caixa máis, pero moito máis grande. Cunha porta pequena e redonda que eu pensei que era para meter os animais, pero dixéronnos que era unha lavadora. Que sería iso? De todos modos, daba igual, empregaríaos como mesa ou para gardar millo e outros alimentos, que boa falla me facía.

O mellor de todo foi cando Oana nos falou da súa experiencia. Contounos que vivira en Galicia (un poboado de España), nunha casa moi grande construída con cemento, cuns mobles preciosísimos, e aparellos que ela admiraba. Expresou o que sentira na súa visita, que todo aquilo era o paraíso, un mundo aparte. Tamén comentou anécdotas que a sorprendieran especialmente, como as palabras dun neno chamado Brais:

- O colexio é unha parvada, prefiro ser burro toda a miña vida que ir á escola. É todo un aburrimento!

Quedamos coa boca aberta, era increíble que un rapaz rexeitara a aprendizaxe cando nos loitabamos cada día por tela.

Tamén falou das tendas, nada semellantes ás que tiñamos nós aquí... e do mercado, que se parecía moito máis, onde atopara moitos africanos que lle recordaban a nós. Viunos vendendo roupa, e uns círculos cun burato no medio chamados "cedés" (CDs).

Xogou con bonecas que non estaban feitas con millo, senón cunha especie de goma e tiñan cabelo de verdade! e trouxo unhas para nolas ensinar. A min deume unha moi bonita, loura e cun vestido de flores. Tamén nos deu unhas pelotas, moi chulas e ben feitiñas e unhas cordas. Que ben o pasamos con elas! Saltamos sen parar!

Despois, os cooperantes déronnos unha noticia que cambiaría a nosa vida para sempre: unha persoa adulta podería viaxar a España durante un ano con todos os papeis en regra e un traballo, nun invernadoiro! Meu irmán mais eu, emocionados, mirámonos aos ollos e preguntamos que había que facer para conseguilo. Eles explicáronnos que o elixido debía ser unha persoa forte, que coñecese de preto a agricultura, que tivese os coñecementos básicos...

Ese día, despois de andar unha hora cara á nosa chouza, comentámoslle a papá o que nos dixeran. Era, sen dúbida, unha boa oportunidade para saír adiante. Conseguiríamos cartos que logo empregariamos en sementes e roupa, ademais de meu pai ter a oportunidade de coñecer novas culturas.

Ao día seguinte, meu pai foi falar co profesor, que estaba esperando coa muller do traxe vermello do día anterior. Esta fíxolle unha pequena

entrevista, na que tivo que contar como era o noso día a día. Despois, fixéronse probas nas que participaron todos os homes do poboado, tanto xoves como entrados xa en idade avanzada; aínda que tiñan máis probabilidades de acadar a viaxe os que tiñan menos anos.

As dúas seguintes semanas pasaron con normalidade, aínda que coa normalidade de sempre non, porque comecei a ir ao colexio todos os días salvo os martes e os venres (que axudaba a miña nai nas tarefas do campo e a vender). Os mestres reuniron aos pais o sábado e alí dixeron o resultado das probas e, o que todos esperaban con ansia, o "elixido". Meu irmán mais eu agochámonos tras as pallas, con calafríos percorrendo o noso corpo, desexando que gañase noso pai. Dende logo, el merecíao. Era un bo home sen ningunha dúbida, que loitaba pola súa familia.

E chegou o momento do veredicto final:

- E o afortunado é ... Zibwe. Felicidades, góceo todo o que poida.

Non o podía crer. O meu pai, exaltado, recolleu os billetes do avión; era el o gañador. Dúas bágoas esvararon polas miñas meixelas e polas do meu irmán (ao *que nunca vira chorar*). *Os dous abrazámonos fortemente, con dor e alegría á vez* no noso corazón. O noso pai íase, pero para volver e comezar unha nova vida. Non tiña que depender duns contrabandistas para cruzar o estreito nunha patera. Achegouse dando brincos da emoción cara a nós e bicounos na fronte.

Sete días despois, chegou o momento da despedida. Miña nai abrazábao apaixonadamente desexándolle sorte ao oído. Eu mirábaos, tan namorados coma o primeiro día, pensando no meu futuro, e sobre todo, no do meu pai.

E así foi coma aqueles días de inverno a miña vida cambiou completamente. Agora meu pai traballa no invernadoiro e déixanlle levar parte da colleita que obtén. Ademais de remunerarlle o seu traballo. Ao final de cada mes, envíanos os cartos que recadou. E mándanos unha carta para contarnos o que aprende nas clases que lle imparten. Eu estou moi feliz por el e por nós, aínda que o boto en falta. Sigo indo á escola, para que cando veña se sinta moi orgulloso de min e vexa todo o que aprendín, e axudando á miña nai. Síntoo, téñovos que deixar... o mercado comeza agora, desexádeme sorte nas vendas! E... ata pronto!

O BONECO DE NEVE VIAXEIRO

Por MARTA TOIRÁN SOMOZA

1º accésit de relato curto da categoría infantil

Esta é a historia dun boneco de neve que viaxaba polo mundo moi triste, estaba intentando buscar un sitio máis frío, porque, por culpa do cambio climático, Sarria xa non tiña a mesma temperatura, ía máis calor da que el necesitaba.

Xa había unha temporada que o boneco andaba triste, no inverno estaba mellor porque ía máis frío, nevaba máis e os nenos xogaban con el todos os días. Tamén antes o inverno era máis longo, polo que el se atopaba moito mellor de saúde. Pero cando chegaba o verán tiña que pedirles aos nenos que o axudaran tapándoo e poñéndoo en sombras porque non podía soportar a calor.

Ramón ao chegar da escola subía á habitación a facer os deberes e observaba pola ventá ao boneco de neve. Xa levaba unha temporada véndoo triste e un día ao chegar da escola díxolle a súa nai.

- Mamá, xa hai uns días que levo vendo ao boneco de neve moi triste, vou ir falar con el para ver que lle pasa.
- Moi ben Ramón, iso paréceme estupendo. Así todos saberemos o que lle pasa.
- Si mamá, porque eu quero axudalo e non me gusta velo así.

Entón Ramón abrigouse ben, saíu da casa e dirixiuse a onde estaba o boneco de neve.

Cando chegou onda el comezou a falar:

- Ola! Son Ramón, xa hai uns días que te albisco pola miña fiestra e véxoches unha cara moi triste. Quería saber que che pasaba e se podería axudarche. Non me gusta ver a ninguén que quero así de triste.
- Non pasa nada Ramón, non te preocupes!
Ramón díxolle:
- Pero entón porque estás con esa cara todos os días? Se tes frío podo traerche algunhas bufandas e algúns gorros que teño na casa e que xa non me serven.

E o boneco respondeulle:

- Mira, todo o que me pasa é por culpa do cambio climático!

Ramón contestoulle:

- Non te preocupes, porque eu non sei que é iso, pero mañá buscareino en Internet e preguntarei a meus pais por se saben algo disto, e vouche axudar!
- Grazas, es moi amable.

Ramón marchou para a casa moi pensativo. Cando chegou, díxolles a seus pais que xa sabía o que lle pasaba ao boneco. Era algo así como de “cambio de clima” e que estaba moi preocupado por iso.

- Eu non sei que é iso. Vós escoitástelo antes?
- Si Ramón, é un tema complicado. Por culpa da contaminación, a capa de ozono ten uns buratos polos que entra máis calor do sol e o boneco non pode aguantar tanta calor.

Ao día seguinte, cando Ramón chegou do colexio, marchou correndo onda o boneco e explicoulle:

- Mira boneco, eu penso que sería mellor que foses buscar un sitio máis frío para vivir, porque se segues aquí acabarás derreténdote.
- Levo vivindo aquí toda a vida, e daríame moita pena ter que marchar, pero se non me queda máis remedio ...adeus!
- Adeus bonequiño, que o pases moi ben. Botareite de menos, pero xa che mandarei postais!

Entón o boneco fixo as maletas e deu rumbo á viaxe, buscando un sitio máis frío no que el puidese vivir e empezar a súa nova vida.

Tomou rumbo a Asturias directo á súa capital, Oviedo. Alí pasouno ben, fixo moitos amigos, pero houbo un co que se levou moi ben que o axudou a instalarse nesta cidade:

- Estou moi ben aquí, Xoán. E ti trátasme moi ben, pero necesitaría un sitio máis frío.
- Pero logo non cres que esta cidade é fría? Pero, se non estás ben, a min non me importará que te vaias. O mellor é que ti esteas ben nun sitio coa temperatura axeitada para ti. Adeus amiguiño!

O boneco volveu marchar, esta vez un pouquiño máis lonxe, decidiu ir a Bilbao. O éuscaro dábaselle moi ben, pero alí aínda non encontrou unha boa temperatura, e tivo que volver a abandonar esta cidade. Fíxoo rumbo a Francia porque lle dixeran que alí ía máis frío.

- Xa saín de España, a ver se neste país dou encontrado o que procuro.

Chegou a París, parecíalle un bo ambiente, era todo moi fermoso. Adaptouse rapidamente porque aprendeu a falar francés moi ben. Alí pasou unha temporadiña, pero tivo que marcharse tamén porque estaba comezando a notar calor.

O boneco xa estaba desesperado, levaba percorrido moito camiño, e non dera atopado ningún sitio, pensaba que se ía derreter antes de encontrar un sitio no que puidese vivir a gusto. Cada vez estaba máis triste. Púxose a andar e encontrou a outro boneco co mesmo problema, e este díxolle:

- Eu vou á Antártida, se queres podes vir comigo, porque alí vai moito frío e imos estar moi ben.

Despois de varios días de camiño chegaron ao seu destino, a Antártida. Alí estíbbase de marabilla. O boneco xa era feliz, aínda que se acordaba moito de todas as experiencias que vivira e mais de seu amigo Ramón.

Ao chegar á Antártida non só estivo a gusto, senón que lle deron o premio ao primeiro boneco de neve políglota.

UNHA HISTORIA DE RISA

Por RAQUEL MAREY OTÓN

2º accésit de relato curto da categoría infantil

A historia que vos vou contar pasou na realidade.

Todo ocorreu cando uns amigos e eu estabamos xogando nun prado ao lado dunha casa abandonada.

Os meus amigos chamábanse: Paula, Raquel, Alex e David; viñeran á miña casa porque era o meu aniversario, cumpría os 10.

Xogamos a todo, ao pilla pilla, ás agachadas... Cando estabamos a xogar no prado ao fútbol, saíron moitos esquíos do monte. Internámonos nel no momento en que o ceo estaba de cor vermella. Andamos un pouco máis e atopamos unha casa que non sabíamos se estaba habitada ou non.

- E se entramos para saber se hai alguén -propuxo David.
- Non eu non quero entrar -dixo Paula rexeitando a proposta de David.
- Todos nós imos entrar, ou é que queres quedar fóra? –díxolle Raquel.
- Cuuuucuucu -oíuse ao fondo do monte un ruído estarrecedor.
- Vale. Mellor vou, pero non nos temos que separar. OK? –dixo Paula un pouco medorenta.
- Paula non teñas medo, o ceo está arrubiado porque estamos no verán, e todos os esquíos saíron polo mal que cheira aquí -dixo Alex todo intelixente- E ti David deixa de xogar á pelota, aínda has de romper algo como sem...
- CRIIIIIIHC -tronzou un vidro.
- ¡Que fixeches David! -exclamaron todos ao mesmo tempo. Agora vas ter que ir buscar a pelota ti só.
- Non penso ila buscar eu só, ou vides comigo ou queda aí a pelota- díxolles David.

- Eu vou contigo porque é a miña pelota -díxenlle eu.
- E nós tamén imos -dixeron os demais.

Todos se achegaron á casa "abandonada" e abriron a porta; non se daba aberto moito e tiveron que darlle un empuxón. Estaba moi escuro e abriron as contras para que entrara algo de luz. Todo estaba cheo de arañeiras e de mobles cubertos con sabas, encima dunha mesiña había un papel que poñía "mudanza dos Estaferson, lugar da mudanza Inglaterra..."

Nós non sabiamos quen eran os Estaferson, nunca se viran na vila nin sequera se oíran rumores deles.

- ¿Por que non imos buscar a pelota en vez de estar aquí parados? Quero saír de aquí pronto -dixo Paula toda enfadada.
- Si, axiña imos -díxenlle eu.
- Muuuuaaaoo -oíuse un ruído que procedía de máis alá do corredor.

Todos nos asustamos, pero decidimos ir ver que era. Eu fun o único valente que se atreveu a entrar, ao fondo da habitación había un precioso gato coas súas crías nunha manta.

- ¡Que gato tan bonito! -dixemos todos á vez, achegándonos para tocalo.

O gato resulta que era o da miña prima que vivía moi preto de aquí e estaba desesperada por atopalo. Raquel e Paula colleron o gato e levárono para fóra con elas. Os demais foron ao piso de arriba a buscar a pelota.

Leváronlle o gato á prima e púxose moi contenta, despois marchamos para a miña casa a xogar. Foi unha historia de risa.

ACTA DA REUNIÓN DO XURADO DOS PREMIOS DA III EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO “TERRAS DE CHAMOSO”

Sendo as 19:00 h do día 17 de decembro de 2009, na localidade do Corgo, reúnense os membros do xurado para fallaren os premios da III edición do Certame Literario “Terras de Chamoso”, convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, do que forman parte:

D. Xurxo Xosé Rodríguez Lozano
D. Xosé Manuel Castro Castedo
D. Xabier Cordal Fustes
D. Lois Diéguez Vázquez
Dna. Marisa Núñez

Exercendo de secretario do xurado, sen voto, o secretario da A.C. Arumes, D. Mario Outeiro Iglesias.

Logo das deliberacións pertinentes e das votacións oportunas, os membros do xurado conclúen declarar premiados na III edición do Certame Literario “Terras de Chamoso” como segue:

CATEGORÍA: INFANTIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Lucía Méndez Gómez, de Vilar de Sarria (Sarria),
pola obra “O inverno”.
2º premio: Rocío González Pin, de Vilar de Cas (Castroverde),
pola obra “Eu son...”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo),
pola obra “Pac, Pastri e Xeri en: A todo cocho lle
chega o seu San Martiño”.

- 2º premio: Abril Lamela Gómez, de Pedrafita do Cebreiro, pola obra “Todo foi un soño”.
- 1º accésit: Noelia Gude López, de Castrillón (O Corgo), pola obra “Historia de Agustina e Marisa”.

CATEGORÍA: XUVENIL

Modalidade: poesía

- 1º premio: Deserto.
- 2º premio: Deserto.

Modalidade: relato

- 1º premio: Deserto.
- 2º premio: Marina Pérez Toro, de Pena (Castroverde), pola obra “Máis aló de Bagdad”.

CATEGORÍA: ADULTOS

Modalidade: poesía

- 1º premio: Xosé Daniel Costas Currás, de Moaña, pola obra “O delicado cheiro de Aumaxab Marma”.
- 2º premio: Montserrat Doucet, de Aranjuez (Madrid), pola obra “Acertando nas cereixas”.
- 1º accésit: Orlando Viveiro Veiga, de San Lourenzo de Aguiar (Outeiro de Rei), pola obra “Poemas en Outono”.
- 2º accésit: Luz Airado Bello, de Román (Vilalba), pola obra “Versos pra Lúa”.

Modalidade: relato

- 1º premio: Lois Pérez Díaz, de Lugo, pola obra “A miña verdade”.
- 2º premio: Tito Pérez Pérez, da Coruña, pola obra “O misterioso enigma do encoro pentagonal”.

Os membros do xurado agradecen a colaboración de Dna. Mª Consuelo Vázquez Castro, Dna. Josefa González Díaz e D. Roberto Rodríguez

Páramo polo seu asesoramento na categoría infantil e xuvenil. Asemade, xustifican os accésit entregados nas categorías de infantil e adultos pola cantidade de obras presentadas e pola calidade das obras gañadoras.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, cando son as 22:00 h do día 17 de decembro de 2009.

Asdo.: Xurxo Xosé Rodríguez Lozano

Asdo.: Xosé Manuel Castro Castedo

Asdo.: Xabier Cordal Fustes

Asdo.: Lois Diéguez Vázquez

Asdo.: Marisa Núñez

Asdo.: Mario Outeiro Iglesias

O DELICADO CHEIRO DE AUMAXAB MARMÁ

Por XOSÉ DANIEL COSTAS CURRÁS
1º premio de poesía da categoría de adultos

a maré vai deixando mortos

en cada nova lanzada de beizos
as madeiras son incómodas para a conversa
(doída e falsa entre vidros tapados)
as excepcións son festividades de contrabando
corrixímonos e identificámonos entre amarres de amoras frescas

a esas horas nin se mira pola fiestra

non hai ninguén pola rúa
e estabamos alí
naquel anaco de casa aberta
ás *Paghonas*

aí queda iso

ela a administrativa con corazón permanente de fedayin de nós

a politóloga universitaria con vontade de ocultar fiestras con cores e
texturas
e a que rompe as mañás sen quere-lo
había un estraño tamén que morrera a noite anterior
pero o seu recordo deambulaba entre patacas e *calimocho* de mención
así morrera pola boca
e mais eu máis estraño aínda pero vivo

cando se chega a unha casa a altas horas da madrugada

pretendendo estar alí un pouco aínda
o normal é presentarse cunha botella
pero aparecín con papeis firmados e tinta de imprenta
o meu xenio sabía que acertaba con aquela administrativa
adicada ás labores maternais
 (ela sábese preto de min
 e sei que hai algo diso
 a nosa unión
 é de conversas de terceiras persoas

as palabras de verdade sempre xermolan)

o que ía ser unha visita

con agasallos de papel e tabaco
converteuse nunha loita etílica de sotas de bastos
con ases de copas baleiros sobre a mesa da cociña
que ledicia sentirse entre amigos a altas horas
e batallas de cartas
con condenas de botellas
e alusións aos encontros

imos camiño da illa

agora que as mulleres marabilla do conto de Alicia
buscaban arremetendo pandeiretas de sal
nesta noite súpeta de novos amigos e vellos
 e mantiven a man en alto
 até que as bandeiras perderon a cor
 na alba seca da madrugada.

ACERTANDO NAS CEREIXAS

Por MONTSERRAT DOUCET

2º premio de poesía da categoría de adultos

Agarimos do insomnio (Saudade de Galicia)

Non, nunca imaxinei
que poboarías os meus soños
das túas terras máis verdes que a lembranza
alá no fondo
escuro, inmarcesible dos teus montes.
Que as túas primulas rápidas
turrarían do meu ausente corazón,
cara á túa neve onde todo agarda,
cara á túa neve que se funde e voa
tan só e soamente
no amarelo botón
do seu sol peregrino.
Que as túas ferverzas chorarían os seus ceos
sobre o meu persistente corazón.
Que a túa néboa de longos dedos fúlxidos
acaricia de noite
aínda os meus insomnios.
Que o teu ceo tantas veces bicado pola sombra,
ah, por voar tan preto da terra,
mordería coa súa luz
aínda docemente os meus recordos.

Saudade II

Hai un lugar onde a tarde é ampla
e o horizonte é verde
a forza de ser tan bicado
pola auga da noite preta.
Alimento de paxaros
sen terra e sen destino!

Máis alá, ao oeste de todo
e de todos os soños
bate a auga a súa espuma amarga,
escura de algas
e sobrada de estrelas.
É onde o vento xira
e as nubes torcen o seu rumbo
na noite espindo a herba.

E aínda aquí desta parte do monte,
voan as grallas indecisas,
enchendo o lado en sombras do solpor,
alleas aos lirios amarelos
e ao paso do tempo sobre a maceira.

Eu habitei ese lugar
de verdes e verdes case azuis
soñando nas tardes outros paxaros.
Recollín a menta e os iris da auga
e busquei e busquei si, até atopar
outros lugares sen portas ao vento.

Hoxe o meu corazón morre por voar ao Oeste
a ese outro lado do azar,
aínda que sexa un torrente de soños.

Acertando nas cereixas

O país da chuvia
aínda me segue a chamar
en cada día que se precipita
sobre a sombra permanente dos soños,
-horizontal espera da miña alma-.

E lanza a súa paragóxica luz
desde as néboas que se apartan
inventando de súpeto un escenario novo.

Quixera volver pero aínda non é o tempo
máis propicio e azul
para acertar nas cereixas,
instantáneas ofrendas case que de amor
na verticalidade dos teus montes.

POEMAS EN OUTONO

Por ORLANDO VIVEIRO VEIGA

1º accésit de poesía da categoría de adultos

I

Percibo breves calmas
entre o bater desaforado do vento,
e levo conta dos silenzos espetados
que dividen os refachóns inmisericordes.

Cobizo daquela o acougo do centeo
recén outonado nas cavadas,
dende o primeiro suco
ata o derradeiro cadullo.

Fuxo de cada pinga de sarabia
que golpea sen piedade o meu ser,
no preludio da tormenta
que se achega.

Devezo pola quentura das carrochas
acesas no fondo da lareira,
relatos contados nos escanos
en circundo máxico da tribo.

E de sons afastados apenas perceptíbeis
debuxados nun solpor do mes da sega,
polos eixes ao rozar nas entreitoiras
cando os carros transportan a colleita.

Esperto e son consciente da distancia
do agora ata ese soño que me fala,
sen ser quen de precisar
de onde nin cando.

Tal como auga esvaece entre as mans
no intento desesperado de apreixala,
logo o silencio das horas
enche a noite e fica a nada.

II

Outono longo de silencios
árbores murchas vento maino,
baleiro de dor intensa
na canle en lugar de auga.
Pedras mudas noutrora
criadoras de cantares,
testemuñas dun vivir ledor
de conversas en noites arredadas.
Muíño de sentimentos
perdidos na escuridade,
agardar esluído dos ecos
irreais nun roular fondo.
Mans de pan agarimoso
a remexer nas muxegas,
antergo remuíño de espíritos
construíndo eidos colectivos.
Sons de esperanza no lonxe
crecida de agromar novo,
devalar de sentimentos
breve luz de vida entre os penedos.

III

Marabilla é posuír o don
fecundo da palabra,
aproximada descrición sonora
para os propios sentimentos.

A fala sino labrado no horizonte
do vivir constante cada día,
esencia conservada
por nós durante séculos.

Seremos quen de sementar
a colleita que xermole outono adiante,
facho aceso na ribeira que nos guíe
neste mouro mar agora embravecido?

VERSOS PRA LÚA

Por LUZ AIRADO BELLO

2º accésit de poesía da categoría de adultos

Sentinte agochar entre as pedras de Baroña...
Ías borracha de cinza.
Naquela escuridade mesta de ciúmes
riches ó lonxe
e esgazou a fina cortina de fume que te recubría.
¿Quen foi a musa que te perfilou no horizonte
tan chea de vida?

¡Ouh, Lucía!
Eu son o que che carreto cada noite eses montes de silvas
e levo cada púa espetada nos poros da miña pel.
Terei que verme na túa cara tinguida,
nas súas manchas,
ata que de min se apiade a vella Diana.

Seica buscaches a miña luz fecundada,
que enganadamente a sentiches no ventre
e que artellaches un niño de carabullos embarrados
onde pór a xerminar a fe.
Críaste preñada da vida e do meu luar xaneirento.
Eu era toda Lúa nada na Morte,
Lúa Morta alumando ó teu seo.

Saín por entre o manto escumoso do mar esta noite,
na túa busca
e silandeiramente erguín a man por se che apalpaba os cabelos espertos
ou chos peiteaba namentras texías unha canción de berce
das máis fermosas oída nunca.
Asubieiche á orella por se me oías
e chosqueiche un ollo,
mais non estabas,
esta noite non estabas no ceo espellado
agardando por min coma noutroa.

Hoxe vistes engalanada de noiva perante o altar celestino,
de veos lascivos recóbreseche a cintura
e cheiras a erotismo verdecente.
Sei que me estás ollando con desexo de espuma
penetrante,
escorregadiza dozura
polas miñas tempas abertas.
Esta boca, devezo da túa
tenta manter a compostura
sendo cosida con fíos inxenuos e febles,
vencidos pola atracción que hoxe espertas en min.
E fáiseme a boca toda auga consumida en desexo.

Vés a min esta noite fría,
fría a sangue que me bule no máis íntimo sentir.
Vés a min en busca do calor deste meu alento,
do lume da miña pel a roxo vivo,
na busca dunha gavela de estrume seca na que durmires
e recachar o sono.
Baixaches tan baixo que te biquei por inteiro
namentras te facías a durmida,
que che apalpei todas as estrelas que baixaron contigo
esta noite
apregadas ó teu carnosos carmín
e que che prendín lume coas meniñas.
Era unha noite de frío estrelado,
a derradeira noite *pra* ti e *pra* min.

A MIÑA VERDADE

Por LOIS PÉREZ DÍAZ

1º premio de relato curto da categoría de adultos

"Conducindo toda a noite,

perseguindo un espellismo,

axiña, nena ... resolvereino todo"

Bruce Springsteen, The promised land

"Era un tío liberal, xa daquela tiña unha caravana" Lembro que lle suxerín este título ao meu amigo Brais para unha novela, respostando así a un correo seu, felicitándome pola publicación dun texto meu que recibira unha mención especial nun certame; contáballe tamén que me atopaba transitando polos polígonos industriais da literatura, coa sorna de quen escribe sobre a súa propia existencia en clave de conto literario, descoñecendo aínda os perigos de facelo. Dixeran que a frase a escoitei nunha gasolineira? En calquera caso, é mentira que lle dixera nada dun título así, malia que o pensei.

Á semana seguinte andei enredando nun conto: traballei a bastante bo ritmo case todas as noites, as que máis foron a do luns e a do martes, ao día seguinte adoito ter pouco traballo, e pode que non me deitara nas dúas ocasións até ben entradas as dúas da mañá. O luns tomei bastante café e o mércores fumei algo de marihuana e en ningún dos casos se pode dicir que me axudara demasiado, se ben na noite do mércores vivín unha desas xornadas polas que é gratificante escribir, polo xeral un atópase coas súas propias limitacións en calquera cruce de camiños, pero esa noite foi das poucas: quilómetros de autovías da túa propia cabeza sen coche ningún, con todos os semáforos en verde. Tratábase de escribir un

conto que dera a sensación de poder deter o tempo por un intre, e coido que era un conto que tiña moita maxia no seu interior (demasiada, como referirei máis adiante).

O venres á tarde debín chegar á casa arredor das sete da tarde. Deixei a cazadora e fun cara ao ordenador. Traballei para rematar o conto que comezara o luns, quedándome a piques de rematar a páxina vinte e sete, das vinte e nove que tería o conto finalmente. Mirei en Internet o horario de Correos dos sábados, poñía que pechaban ás dúas e media do mediodía, o prazo de entrega remataba ese sábado. Aínda é venres, pensei. Tranquilo, mañá pola mañá revisas todo, imprimes, fotocopias, datos, sobre, e achégaste a Correos e bóvalo.

Aquela noite fomos cear cuns amigos a unha churrascaría preto do río, nunha das noites máis treboentas dos últimos meses; coido que non deixou de chover e tronar en ningún intre da cea. Comemos e polo medio da cea eu xa levaba unha boa castaña dun viño moi bo, aínda que a miña sensación bebendo era coma cando un analfabeto escoita un conto de Borges: un sinte que está diante de algo grandioso, pero non sabe de onde procede grandeza semellante.

Cando caemos do restaurante eran as dúas e media da mañá e aínda fomos tomar un par de copas ao centro. Na cea falamos de sindicatos, pode que de fútbol, e non sei de cantas cousas máis; aínda que camiño da rúa eu teimaba en pensar que discutiramos de Aldous Huxley, dunha trepidante páxina dunha novela súa, na que falaba da arte e da verdade. Comentaba o autor que de cando en vez a arte podía ser verdade de máis, sen a menor impureza, coma a auga destilada. Cando isto acontece, é unha abstracción que non se asemella a nada do mundo real, ao contrario

que a realidade, sempre chea de impurezas, por iso nos conmove a arte, sentimentos quimicamente puros.

Chegamos á casa ás cinco, seguía chovendo. Estaba moi canso. Sei que comín algo e que fiquei de pé na cociña reparando nos cristais dunha porta antes de deitarme, sen extraer conclusión ningunha que me ceibara do aqueloutramento alcohólico.

Espertei á mañá seguinte, eran as doce. Achegueime ao ordenador e rematei e corrixín dúas veces a miña historia. Cando a fun imprimir eran preto das dúas. Antes, realizara unha primeira viaxe ao locutorio da esquina ás carreiras, na procura dun paquete de folios para a impresora.

Cando xa tiña todo preparado, caín na conta de que aínda non lle puxera título ao meu conto. E dixeran: *Fóra de prazo*. Si, un bo título, tendo en conta a temática do conto, que non convén explicar aquí. Fóra de prazo. Perfecto. Corrí de novo cara ao locutorio, fotocopiei o relato e dirixínome a Correos. As rúas estaban desertas e coma pequenos avisos que a vida envía de cando en vez, ao dobrar a esquina do Concello, vin borrarse no outro extremo do edificio o regueiro negro e sobrio dun garda de seguridade. Pensei que quizais fora o garda de seguridade de Correos. Mal asunto. Cando cheguei, eran as dúas e dez e o edificio estaba pechado. No cartaz da porta lin que os sábados pechaban ás dúas. Seica na Rede non tiñan actualizado o horario. Ben, tranquilo, pensa, dixeran para min, cando un aínda non é consciente de que se atopa no centro dun problema que non ten solución. Voltei contrariado á casa e chamei por teléfono despois do xantar ás distintas compañías de transporte urxente da cidade. En ningunha recibín resposta, descansan os sábados á tarde. Había dous xeitos de enviar o relato: ou ben remitíndoo a unha concellaría

de cultura ou ben a un apartado de correos, e os dous camiños atopábanse pechados para min. Pensei que tiña un bo relato e que era unha mágoa perder unha oportunidade de envialo. Así que, cara ás cinco da tarde, collín o coche e dirixinme ao polígono industrial do Ceao, na procura dalgunha empresa de transporte urxente que aínda tivese as súas dependencias abertas. Ía bastante vento, e o día era dun gris definitivo, poeirento, a clase de gris coa que un non quixera definir Lugo no outono. Comecei a pensar na posibilidade de mandar o relato fóra de prazo o seguinte luns, confiando en que se chegaban a abrir o paquete e lían o título, se cadra admitisen daquela o conto. Axiña descartei esa opción, e ao tempo que paraba nunha gasoleira, comecei a intuír algo do que ía acontecer. Paguei, e entrei no polígono industrial, soaba unha canción de Dylan polos altosfalantes do coche, nela falaba dun home que se atopa na beira do río e que ve a torrente baixar a toda velocidade, ao tempo que o vento bate na súa faciana, ela abandonouno á mañá e entón non pode facer outra cousa que fitar aquela auga. Apaguei a música. Precisaba concentrarme. Pasei por diante das primeiras empresas de transporte urxente e aparteime da estrada para ver se había alguén: o mostrador atopábase baleiro ao outro lado da porta de cristal, as luces estaban apagadas e só estaban acesas unhas pequenas luces de publicidade que iluminaban o sorriso dunha rapaza moi feliz. Voltei á estrada e entrei no polígono, vin noutra gasoleira unha furgoneta de transporte urxente, axiña me desviei, coa esperanza de poder comentarlle ao condutor a miña situación. Cando conseguín entrar na gasoleira, logo de tomar o desvío axeitado, a furgoneta puxérase en marcha e fórase, polo cal continuei coa miña ruta. Pasei por diante doutra nave de transportes urxentes, estaba pechada. Había unha enorme pucharca de auga escura na entrada, e entón ao virar o coche, vin uns remolques de camión noutra dirección e outra furgoneta de transportes. A rúa aquela estaba chea de remolques iguais e idénticos, e máis adiante vin outra nave de transportes, e unha

vivenda no piso superior: nunha das fiestras, vin unhas cortinas brancas e unha vella lámpada acesa, e pensei no triste de vivir nun lugar tan estrambótico. A rúa remataba nunhas silveiras e había moitas máis pucharcas, as beirarrúas atopábanse deformadas e estragadas polos pesos dos remolques e a erosión que provocaran os camións ao subir por riba delas. Tomei outra vez unha das avenidas principais do polígono e pasei por máis rúas, lugares polos que había anos que non pasaba: enreixados ferruxentos ao pé de máis beirarrúas ateigadas de raíces e arbustos altos de mais, naves mareladas, pezas de chapa, negras ou rosas ou mareladas, vermellas e podres, ao carón de cadros de luces abandonados e cristais esnaquizados, coches abandonados de cores rechamantes, rodas de tractores inservíbeis, cartaces de *alúgase* (*non fagamos literatura, poñía Se alquila*) en baixos comerciais baleiros e cheos de po, antenas caendo de teitos que non se sostían, talleres pechados e moreas de coches de segunda ou terceira man en aparcadoiros improvisados, moitos máis remolques de camións, naves de transportes coas bocas de carga pegadas a grandes camións sen ninguén no seu interior. Virei por outra das rúas e vin tres cans no medio da estrada, tiveron que frear o coche para non atopelar a un deles, caneei unha vella caixa de refrescos no medio do asfalto tamén, vin máis cans, polo visto andaban soltos os sábados pola tarde para coidar das naves. Un dos cans, que se achegou con faciana de poucos amigos ao coche, tiña uns ollos moi azuis, máis impurezas, pensei. Virei co coche por outra rúa e concedín que non había posibilidade ningunha de atopar algunha empresa de transportes que puidese enviar o meu relato. Só máis rúas de naves esperpénticas, e a natureza pantasmal e delirante do polígono industrial, sen presenza humana aparente baixo aquel ceo gris fíxome pensar en cousas diversas: Eslovenia, Rusia preto de Siberia, Iugoslavia despois da guerra, a pel branca daquel lituano baloncestista, Rimas Kurtinaitis, pensei en vellos pavillóns lituanos, os poetas morren nos

lagos, area na boca, cos collóns conxelados non hai zume de coco, Turquía, aínda que desbotei axiña Turquía, Turquía non podía ser así, Torrejón de Ardoz ou Chernobil, arde o castelo, rezarei axeonllado, pálida dama, as bestas entrando na catedral, a raíña pasouse ao inimigo, morreu o rei, e moitas máis estupideces deste tipo até que xa conducía pola nacional camiño da casa e vin a vella fonte onde ía coa miña avoa a por auga.

Antes de chegar á casa, detívenme nunha gasoleira, porque tamén foi unha tarde de gasoleiras, e metín o coche nunha desas máquinas de lavado. Un home bastante maior atendeume e guioume para situar o vehículo no lugar axeitado, logo foise e a máquina comezou a funcionar. Abrín o paquete cos contos fotocopiados e reparei no título: *fóra de prazo*. Logo pensei no estraño daquela tarde ao tempo que conectaba de novo a música do Dylan, co seu home á beira do río. E entón foi que reparei naquelas palabras do Huxley sobre a verdade e as impurezas, daquela foi que pensei na realidade que cobraran as miñas palabras, aquela metáfora que lle escribira ao Brais sobre os polígonos industriais da literatura, os mesmos polígonos que se fixeran tan insoportabelmente reais naquela tarde, e todo casaba, incluído o título do meu conto: *Fóra de prazo*.

Nesta ocasión, a realidade amosáraseme perfectamente artística, preclara e límpida de impurezas, tal como dixera o Huxley. E confirmei entón, unha vez máis, que escribir non é gratuito. Todo o que comeza como xogo, remata coma traxedia. Pero obviarei esa parte do conto tamén.

Agora reparo no relato fotocopiado que repousa riba da miña mesa, naquel andel: *Fóra de prazo*. Lembro tamén as rúas do polígono, tan

silandeiras polo xeral, pero que me dixeron tantas cousas nesa tarde, e penso se todos estes despropósitos non estarán amañados por algunha cabeza dun universo moi adiantado ao noso, en fin... ¿Que importa todo, se aínda hai follas en branco e chegou a noite?

Fóra, na rúa, un home pasea a un can, dous anciáns soben nun coche, todo segue igual.

O MISTERIOSO ENIGMA DO ENCORO PENTAGONAL

Por TITO PÉREZ PÉREZ

2º premio de relato curto da categoría de adultos

A súa feitura era a dun afiado pentágono de regulares proporcións. En cada un dos seus vértices situábase un longo e estreito trampolín que penetraba, como camuflado, a rentes das mansas augas que o ateigaban con espectral tranquilidade. No centro exacto de cada lado, aparecían unhas sinxelas escaleiras de elegante escintilar metálico.

Arrodeando ó singular encoro, estendíase un verde campo, tapizado de concienciada e milimetricamente recortada herba e salpicado por moreas de esplendorosas roseiras que, cos seus graciosos pétalos vermellos, amosaban indómitas a súa acuguladora frescura. Un pouco máis afastados, imponentes cereixos en flor remataban por engalanar o fantástico cedro coa súa palpitante expresión de abrancazada fermosura.

No centro daquel misterioso pentágono, atopábase un arisco leñador. Mergullado de cintura para abaixo, enarboraba iracundo un ciclópeo machado.

Aparentaba uns cincuenta anos e o seu aspecto delataba unha extrema rudeza e un desaliño absoluto. Brancos cabelos, resecos e estrepitosamente despeiteados, brotaban do seu cocote e ondeaban baixo o sol cunha luminosa palidez acentuada. A súa faciana, sucada sen consideración por infinitos bordos asimétricos, semellaba un inextricable mapamundi de acartonada superficie. O malpocado tentaba desesperadamente chegar a unha das escaleiras laterais, mais, todo o seu esforzo era baldío. Por moito que forcexara, non conseguía moverse o

máis mínimo do centro xeométrico do pentágono, que parecía ter un raro imán encadeándoo. Os seus esqueléticos membros expresaban, no seu palpable rubor de batalla perdida, a desalmada impotencia daquel que foi rezo e poderoso e que co paso do tempo foise transformando en murcho e decadente.

Debaixo dun dos moitos cereixos en flor, había alguén observando. Unha xovial moza repousaba tranquila, acenando de cando en cando con ledicia e despreocupación.

Levaba un grácil vestido branco, decorado con incontables bordados de albeiras flores como as dos cereixos, pero dun feitío se cadra máis exquisito. O seu cabelo era longo, pardo e encrechado en moitas e variadas ondulacións. Desprendíase del un fascinante brillo que competía en viveza cos asolagadores vermellos das refulxentes rosas. O seu rostro estaba cuberto por unha máscara en forma de flor semellante ás do vestido. Xusto riba dela, apousentado nunha das pólas do cereixo, atopábase un inmóbil e meditabundo leopardo de albino pelame, ollando tamén con desleixo cara ó coitado prisioneiro.

Pese á desesperanzada loita do leñador por acadar a liberdade, ámbolos tres permanecían en completo silencio. O único son que se escoitaba, proviña dos tenues acordes dunha invisible arpa, chegados se cadra doutra dimensión, e portadores dunha etérea precisión e dun penetrante e inequívoco efecto que embriagaba o ambiente cunha caste de acolledora e mol brétema.

----- ○ -----

Contábase noutro tempo que aquel leñador fora o mellor de toda a bisbarra. Co seu lendario enxeño, os seus vigorosos brazos e os seus funcionais e mastodónticos machados, fabricados ex profeso na mellor ferrería en moitas leguas á redonda, non había árbore que se lle resistira. Por moi espesa e rexa que fora a súa cortiza, os rítmicos e fortes golpes do hábil leñador remataban por furala, penetrando deste xeito nos seus incólumes alicerces e derribándoa con firmeza e precisión. Ademais, contaba co apoio do mellor par de cabalos de carga coñecidos naqueles lares, que transportaban no seu robusto carro, con extraordinaria e eficaz presteza, as moreas de troncos e pólas das desvencelladas árbores.

Cando había necesidade de madeira, tódolos veciños da parroquia acudían a el sen dubidalo. Sabían de seguro que non tardaría en traela e que sería dunha excelente calidade, da mellor que houbera no bosque. Pouco a pouco, a súa fama acadou tal resón que os seus servizos comezaron a ser demandados dende outras parroquias lindeiras e pequenas vilas e, ó cabo, dende a populosa cidade, sempre ávida dun material tan prezado e útil como a máis selecta madeira das fragas virxes.

O leñador, perante tal cantidade de traballo, pronto comezou a labrarse unha auténtica fortuna. No entanto, en troques de retirarse, a súa cobiza fixo que continuara esquilmando a fraga, mercando mellores machados e apeiros e contratando novos e afoutos aprendices dedicados a aumentar a celeridade e a eficiencia do seu traballo e, por ende, o volume do seu xa, rebordante peto.

Mais, certo día, desapareceu repentinamente.

Moitos dixeron que marchara cara ás Américas coa súa grande fortuna, a vivir a vida entre cabarés e casinos, arrodeado de fermosas mulleres e de

delicados licores, lonxe da terra, pero gozando dos voluptuosos praceres que outorga o monetario elemento.

Mais, outros, tentaron buscalo durante longas tempadas, sempre sen resultados.

As únicas novas que se tiveron del, foron narradas por un estraño viaxeiro, que xurdiu da néboa nunha pegañenta tarde de outono.

Era un home que destacaba por unha sobria elegancia e por un falar tético e vagaroso. Ía vestido de longa levita negra, sombreiro de copa e impecables pantalóns raiados de amarelo apagado e negro. Entrou na fonda do pobo e pediu un grolo de augardente e unha noite de aloxamento. Ofrecéuselle de comer, mais non quixo. O seu extravagante aspecto excitou o espírito lingoreteiro do rexente da fonda, que o interrogou con degoxo de lería sobre as súas orixes e os seus quefaceres. Daquela, o viaxeiro, diante da xente que alí se atopaba -o pousadeiro, a súa cativa e un par de cazadores que remataban a xornada-, narrou co timbre do seu lúgubre falar a historia do leñador. A continuación retirouse, impávido perante o silandeiro pulo da súa intimidada audiencia. Ó día seguinte partiu antes da alborada sen ser visto. Endexamais se volveu saber del.

Moitos seguiron buscando ó leñador, pero ó cabo todos desistiron. Dicían que unha deusa dos bosques o castigara polos seus pecados.

No entanto, dende a chegada do viaxeiro, tódolos nenos dos arredores ven nos seus soños ó leñador atrapado no encoro pentagonal e ós seus silandeiros gardiáns asexándoo, ó ritmo do lene son da arpa que os adormece.

MÁIS ALÓ DE BAGDAD

Por MARINA PÉREZ TORO

2º premio de relato curto da categoría xuvenil

Querido Yassim, non sabes canto me alegrou saber que seguías vivo. Aínda recordo cando paseabamos polas rúas de Bagdad... Canto nos ríamos!

Souben polo teu irmán Leid que os israelís entraran na vosa casa e que asasinaran aos teus país, o meu máis sentido pésame. Alégrame tanto saber que estás vivindo coa túa muller e coa túa filla nos Emiratos Árabes...

Unha enorme aperta.

NABIL

Yassim era o meu mellor amigo na universidade de Bagdad, viñera de Palestina, da máis grande miseria, dunha familia moi humilde, para estudar periodismo e gañar diñeiro para mandarlle aos seus pais. Era un gran amigo...

Unhas vacacións foi a Palestina visitar á súa familia e eu tiven que irme de Iraq por razóns políticas. Andei un tempo de país en país ata que cheguei a España para quedarme. Pasaron 35 anos ata agora: casei, tiven un fillo e fíxenme profesor de árabe; nunca máis volvíñ saber del, ata hoxe. Un correo dun tal Yassim Alkhalifa chegou ao meu ordenador e, só con ver o seu nome, un gran sorriso e unhas cantas lágrimas saíron dos meus recordos...

Querido Nabil, al jam du li-lah, por fin falo contigo, só pasaron uns terribles anos, unhas cantas guerras e a caída de Saddam.

Que tal estás?

Eu estou ben, dentro do que cabe... como dixeches, meus país morreron, pero casei, teño unha filla e vivimos nos Emiratos Árabes. Pronto iremos a Palestina pero só ida e volta; non quero estar moito tempo, teño medo... non quero ver como uns malditos xudeus extremistas destrúen ao meu pobo. Polo demais, todo ben.

Saúdos á túa familia

YASSIM

Durante moito tempo estivemos mandándonos correos, volvemos ser os de antes...

Grazas a el recordei todo o bo da miña mocidade, porque despois de ver tódolos días na televisión árabe e de falar coa miña familia dicíndome o que non se vía na televisión, parece que se me esquecera sorrir e como facelo. Cada vez que abro un correo seu, miro ao meu fillo... todas as cousas que el ten... acórdome como nos divertíamos alí en Bagdad, roubabámoslle as macetas aos veciños e faciamos unhas cantas trasnadas máis... mesmo un día mandoume nunha carta 50€ e un papel no que poñía que era só un pequeno agasallo para meu fillo, para que loite, como o fixo seu pai, polos dereitos do seu país. Aínda que era simbólico, xa que nunca lle podería pagar o que eu fixera por el... Mais a miña historia despois de Bagdad segue...

Cheguei aquí a Lugo, co fin de encontrar un bo traballo e poder pagar os estudos e mais para mandarlle cartos á miña familia. Andaba vagando polo mundo, era mozo, coñecín a moita xente, ningunha festa se me esquecía en ningún país... que ben o pasara! Mais escapaba da policía e moitas veces me tiveron que esconder nas casas dos amigos...

Quedei en Lugo, en concreto aquí en Castroverde, porque me gustou a súa paisaxe. Era tan distinta á de Bagdad... Cando cheguei, coñecín a un gran amigo que me dicía que Galicia era os verdes prados coa herba ben cortadiña grazas ao bo labor das vacas, ese cheiro ao enxebre, ese cheiro ao leite recente sacado da vaca, eses bosques, con fermosas fragas de castiñeiros, pradairos, "abedueiras"...e corzos correndo, un lugar onde os agricultores lles gañan aos empresarios e aos executivos, onde os palleiros e "pendellas" lles gañan aos grandes rañaceos, onde as xentes humildes e os poetas loitaron por conservar a máis fermosa das linguas: *"cando penso que te fuches, negra sombra que me asombras; ou, e quen son eu? Un poeta, ou como quen di un paxaro ao que tallaron o bico...*

Cada vez que chegaba do traballo miraba o correo. Meu fillo ría de min, dicía que estaba recuperando a infancia tecnolóxica que non tivera. Como ía dicindo, estivémonos escribindo moito tempo; eu contáballe que viñera para aquí, que meu fillo se parecía moito a min... el contábame que estaba moi contento coa súa familia pero que non tanto co seu país. Tiña moito medo. Dunha vez ata me mandara unha foto coa súa filla. Detrás da foto poñía que, se algún día morría, buscase a súa filla e lle dese esta foto... a min pareceume moi entrañable, e non dubidei en prometerlle que o faría.

Fixémolo durante meses, un día mandoume un correo onde dicía que ao día seguinte marcharía a Palestina, pero que me deixaba o que máis quería no mundo, a súa filla. Chegaría mañá ás 12.00 ao aeroporto da

Lavacolla, nun voo provinte de Abu Dabi. Eu pensaba que era moita responsabilidade, que nos reencontráramos dende había pouco, que era como se nos esqueceramos e nos coñeceramos logo. Pronto comprendín por que fora...

Ao día seguinte, eu estaba ás 11.30 no aeroporto. Ás 12.00 xustas chegou un voo provinte de Abu Dabi; unha nena, mouroa de pel, co medo nos verdes ollos empapados en lágrimas. Cunha "chilaba" vermella e un pano na cabeza... Saímos do aeroporto rapidamente, eu levaba un pouco de présa, xa que miña muller e meu fillo me estaban esperando na casa, porque íamos facer un obradoiro de debuxo.

Ela non sabía falar español, só árabe. Chamábase Aisha, tiña 12 anos e non era moi faladora...

Chegamos á casa, e o primeiro que fixo foi asomarse ao balcón, sen que me deixara presentarlle a meu fillo. Cando xa a puiden sacar de aí presentéillo, pero non lle fixo moita gracia; así que pasei á miña muller, e o único que fixo foi arrimarse a ela. Logo, ensíneille o que ía ser o seu cuarto durante esta semana. Deixei que se familiarizase coa casa, encerrouse no seu cuarto e nós dende fóra escoitabámola chorar; eu abrí a porta da súa pena e animeina a que viñese facer debuxos connosco, díxenlle que se pasaba moi ben e ao final veu...

Todos empezamos a debuxar: meu fillo debuxou un coche, que era o que o apaixonaba, con moitas cores e cunhas rechamantes rodas; miña muller debuxou un bodegón, ela era unha profesional da pintura e quería que a súa familia seguise os seus pasos; eu debuxei ao pai de Aisha e mais a min, nos nosos tempos mozos, aínda que meu fillo dixo que era máis un debuxo "abstracto". Cando me fixei no debuxo de Aisha... tiña debuxado

un pobo en chamás. Eu pregunteille que lugar era, pero non me soubo dicir...

Aisha era unha nena das que como din aquí "riquiña", non moi faladora, pero eu estaría igual se meus pais me deixasen na casa duns descoñecidos, esperando a que eles volvesen dunha dura e longa viaxe. A cativa non era parva mais facía porque o parecese...

Durante esa semana fixemos todo tipo de actividades: carreiras, manualidades, cursos de olería, montamos a cabalo... Pero eu notaba algo raro, Yassim non falara nada comigo e eu empezaba a preocuparme, era moi estraño que me deixara así á súa filla, como quen di a un descoñecido. A nena integrárase moito, fixérase moi amiga do meu fillo, pero aínda así... el díxerame que só pasaría unha semana con Aisha e que o último día viría por ela, non nos falabamos dende había unha semana e media. Mais iso non era tan sorprendente, xa que estaba en Palestina e tivera que preparar todo.

Aisha de cando en vez preguntábame como fora a nosa mocidade, cantos teléfonos tiñamos no móbil, cal era a nosa consola favorita... ao que eu lle contestaba:

- A miña consola favorita? Eu creo que era a que tiña un xogo no que eu tiña que axudarles a meus pais...

Ela escachaba a rir...

Un día, unha carta escrita en árabe antigo chegou á miña caixa do correo, era un tanto rara. O peor foi cando a abrín, era de Leid, o irmán de Yassim: *Querido Nabil, xa sei que estes días te reencontraches co meu irmán, moito falaba de ti... mais non é unha carta para contarche isto. El*

desexaría que foses o primeiro en sabelo. Onte chegou ás miñas mans unha carta de Yassim, poñía que matara a un israelí para defender ao seu pobo. Morrera diante da embaixada Estadounidense nun coche bomba coa súa muller para defender ao pobo iraquí. Cunha bandeira que poñía COIDADA MIÑA FILLA, YASSIM.

Nabil, déixame dicirche que isto o fixo polo teu pobo, e maiormente por ti... quero que teñas moi en conta o que poñía a bandeira...

Eu sabía ben o que tiña que facer, Yassim morrera por min, eu desvivírame pola súa filla, xunto co meu fillo e coa miña muller; esa mesma noite dixeríno a Aisha que botou toda a noite e parte do día seguinte no seu cuarto, chorando, mais, cando se acercaba a noite, entrei no seu cuarto e deille a foto que me mandara seu pai. De repente ela sorriu, miroume fixamente cos mesmos ollos empapados en lágrimas como cando chegara aquí e díxome:

- Entón, ti serás o meu novo pai?

Eu mireina e sorrín:

- Parece que si...
- Cántame como era. Non, como erades, que faciades no voso pobo?
- Teu pai foi a mellor persoa que coñecín nunca, era o meu mellor amigo. Coñecémonos na universidade, mais facíamos cousas de pequechos para nos divertir...

Aisha mirábame atentamente...

- Como cales?

Eu olleina, sorrín, agarreina do brazo fortemente, saímos do cuarto correndo, agarrei a meu fillo co outro brazo e saímos á rúa. Xa era de noite, moi tarde, serían as cinco da mañá...

Ao día seguinte todas as macetas dos veciños estaban na casa do lado, mesmo nas da outra rúa...

O INVERNO

Por LUCÍA MÉNDEZ GÓMEZ

1º premio de poesía da categoría infantil

Inverno, inverniño,
triste, chuvioso,
enfadado e furioso.

Trasnos un manto branco,
que envolve a leira
e molla a eira.

Inverno,
ti traes a treboada,
e a noite de xeadas.

Eu vin a neve,
banca e fría,
por riba dos agros, ela sorría.

Contigo,
o Nadal
e os ríos fóra de caudal.

Inverno, como é a túa cara?
Clara, escura pequeneira,
tépeda ou falangueira?

Quero que veña, en decembro,
a Noiteboa,
coa súa churrusqueira coroa.

Pequerrechiño, cando te marches,
leva contigo o frío,
pois eu quero a calor do estío.

Tamén o Aninovo,
dando badaladas,
como voces de fadas.

Máis tarde,
os Reiciños,
para poñer ledos aos meniños.

EU SON...

Por ROCÍO GONZÁLEZ PIN

2º premio de poesía da categoría infantil

Chámome Rocio
nacín en Vilar,
unha vila pequeniña
que me viu medrar.

Hai un pequeno río
que separa Vilar e Nadela,
no inverno vai moito frío
coma noutro sitio calquera.

É unha vila humilde
onde abunda a xente bela,
non raros nin famosos
senón xente plebea.

Sempre estamos faenando
nunca andamos enfadados,
porque ao ter facenda
andamos tras dos rebaños.

Polo quince de agosto
é a Santa María de Vilar,
veñen familiares e amigos
e todos bailamos ata cansar.

Despois xa logo vén outubro
hai patacas, uvas e castañas,
é o mes máis escuro
e sempre trae boas mañás.

Se nos queres visitar
anda pronto e ven axiña,
non te vaias olvidar
da que é xente veciña.

PAC, PASTRI E XERI EN: A TODO COCHO LLE CHEGA O SEU SAN MARTIÑO

Por CRISTINA PERNAS PEREIRO
1º premio de relato curto da categoría infantil

Ola! Chámome Pac, son un coello e vivo nunha granxa do concello do Corgo. Son branco coma a neve, por iso agora que é tempo de Nadal, custa moito recoñecerme!

Nesta última tempada, xa fixen moitos amigos. En especial un: Pastri. Somos de razas diferentes (el é un can... si, si, como volo conto!), pero de iguais sentimentos o un cara ao outro.

A primeira vez que cheguei aquí e vin ese fermoso pelo de ton marrón, con esas manchiñas brancas, quedei sorprendidísimo. El non é moi grande, pero tampouco é tan pequerrechiño coma min! Pasa todo o día falando, contándome as súas experiencias (que non son poucas)... ademais é moi bo amigo e sempre está aí cando o precisas.

Xeri é un cocho que tamén vive na granxa. É grande, robusto e forte, mais tamén moi fachendoso e preguiceiro. Non me falo moito con el, pero axudeino varias veces e el di que son o seu mellor amigo.

A verdade é que, cando escoito iso, síntome un chisquiño mal, porque a min cáeme mellor Pastri e con el non se leva moi ben... non sei o porqué pero sempre andan a discutir.

Hoxe é o día antes de noiteboa, e estou moi emocionado porque vai ser a primeira vez que a pase cos meus dous amigos! Nestes intres estou facendo un debuxo para que sempre recordemos a nosa amizade.

Os meus donos, Manolo e María, tamén andan moi atarefados preparando a cea para mañá, a decoración, a música, colocando todas as figuriñas no Belén, colgando todos os aderezos na árbore de Nadal... xa que mañá vén a súa filla acompañada do seu home mais dos seus fillos: Xián e Xiana, que xa nos viñeron visitar máis veces; e aos que quero moito porque sempre que me ven danme unhas poucas verzas e son moi agarimosos.

Ai! Que dor de orellas!

María está berrando moito, di: Manolo, sae do sofá, e ven axudarme! E por certo, pódese saber que é iso de deixar a tapa do váter levantada? Criches, que isto é un hotel e que me tes a min de criada? Non, señor, non! Ti es aquí un membro máis e todos temos que colaborar na casa.

Cantas veces terei escoitado eu iso! A miña dona bérrache de coidado, sempre que vocifera dáme a sensación de que me vai rebentar a cachola.

Aí vén Pastri, vouno saudar.

- Ola Pastri, que tal?
- Eu ben, ti non tanto...
- E logo, porque dis iso? -pregunteille.
- Veño da cociña da casa.
- E como conseguiches entrar? -interrompino.
- Bo! Iso agora non importa, escoítame! -respondeume cunha voz furiosa e clara- escoiteille a María unhas cousas que non che van gustar nada... -vacilou e dixo: queres que cho conte?
- Como non, encántame escoitarte -respondinlle.
- Sabes que mañá é a cea de noiteboa, e sabes cal vai ser o segundo prato?

- Non sei non, pero seguro que vai estar moi rico, porque sempre prepara unhas comidas ben saborosas!
- Home, se che gusta o coello, entón tes razón! -respondeume alporizado.
- Coello, coello? Como vai haber coello?
- Si, Pac, creo que chegou o día do teu asamento...
- Pero iso non pode ser, os nosos donos non son así!
- Se eu xa o sei, quen son así son os humanos en xeral, xa me gustaría a min velos a eles nunha cazola... -respondeu con sarcasmo.
- Non, non e non! Non podo morrer tan novo -dixen nunha mestura de susto e enfado.
- Tranquilo, Pac, non deixaremos que iso ocorra, de acordo?
- De acordo entón.

E agora que fago eu? Segundo di Pastrí, esta noite xa me asasinarán cruelmente!! Son un coello bo, nunca cometín ningún dos cinco pecados capitais! Ou eran sete? Bah!, non me lembro. Iso que importa agora! Vou morrer: e non quero! Non mo merezo!

Voulle pedir consello ao meu amigo Xerí!

- Ola Xerí, sinto dicircho así de seguido, pero vou morrer! -dixen histérico.
- Bóla de pelo, acouga un pouco e explícame iso.
- Que si, que hoxe vanme matar os donos para comerme!
- Non te preocupes, a todo cocho lle chega o seu San Martiño, menos a min, claro.
- Pero logo non che preocupo o máis mínimo? Pastrí preocupouse moito máis.

- Pastri? -acendéronse os ollos como xistos- Como non me vas preocupar, Pac do meu corazón, impórtasme moito máis do que lle preocupas a Pastri. En que queres que che axude?
- Para comezar: a salvarme a vida!
- Pois déixame pensar un pouco a ver que se me ocorre...
- De acordo, pero bule, que só temos ata a noite!

Espero que Xeri pense un bo plan, senón estou perdido... máis ben morto. Nunca pensei en chegar a dicir isto...

Xa son as sete, pouco queda para a miña hora, estou chorando como nunca. Creo que se ao final se arrepiñen, xa estarei no ceo dos coellos por deshidratación...

O meu amigo Xeri estame chamando, vou onda el, de seguro que xa ten unha boa idea.

- Ola, Pac.
- Ola! Xa sabes que facer?
- Si, pero necesito que chames ao teu súper amigo, temos que contar con el -neses intres, desconfiei un pouco das súas artimañas, pero accedín ás súas ordes.

Fun buscar a Pastri, que estaba mastigando un pouco de penso.

Máis tarde, Xeri explicounos o que tiña pensado. Cando me viran a buscar para levarme á pota, eles poñeríanse diante miña para protexerme, aínda que entón tamén correran perigo. Pouco a pouco, iamos buscando as mellores posicións e conseguimos rematar a nosa conversa con plan semellante ao das películas.

Ás dez, cando estabamos todos esperando o momento, sentimos uns pasos. E todos nos puxemos en posicións. O que viña era Manolo que lles ía explicando a Xián e Xiana como me ían atrapar!

Cada vez estaban máis cerca, e Pastrí, ás présas, púxose diante miña; mais Xeri non fixo así. El foise cara atrás e marchou a esconderse! Fora un mentiroso, e tendéranos unha trampa para que eu e o seu eterno inimigo, caeramos na loita por manernos vivos. Pero agora non era tempo de pensar niso. Xa me quedaba pouco de vida, por desgraza.

Polo menos levaba o consolo que na miña outra vida ía facer algo bo: alimentar e facer felices a unha familia en Noiteboa...

Non podía con todos eses pesos e púxenme a chorar coma un descosido, mentres Pastrí me protexía. Manolo xa alongara o brazo para collerme, cando os dous nenos dixeron:

- Avó, non o fagas. Están chorando, non te decatás? A nós échenos o mesmo comer unha ensalada que coello... ademais, eu non me sentiría ben comendo ao noso amigo. Se queres, dílle aos Reis que non nos traian as bicis, pero non mates a este pobre bichiño.

Eu non daba crédito ao que oía e ao que estaba vendo. Manolo colleume, pero con agarimo, e deume unhas freguiñas na barrigola mentres a Pastrí o acariciaba cariñosamente e dicía: "tedes razón, nenos, temos unhas preciosidades na horta e non as imos desaproveitar. Cearemos ensalada, cenorias e verzas, se non lles importa a Pac e a Xeri. Agora, ímonos para a cama que xa é de noite e está comezando a nevar".

Os nenos e meu amigo o can salváranme a vida! Estaba ledo como nunca!

Neses intres, saíu Xeri da corte todo enfurruñado e Pastrí díxolle:

- Tes o que te merecías. Pac xa se decatou de quen en realidade eras, non o farás sufrir tanto como a min. Agora, non che vai chegar con poñer cara de anxiño cando queiras algo, terás que demostrar que o mereces con feitos.

Dende logo, é boa verdade o que me dicía o meu avó coello: "Non saberás quen son os teus amigos ata que caías na desgraza".

TODO FOI UN SOÑO

Por ABRIL LAMELA GÓMEZ

2º premio de relato curto da categoría infantil

Era unha vez unha nena que se chamaba Abril e vivía nunha vila pequeniña de montaña, Pedrafitas do Cebreiro. Abril suspendera un exame de lingua galega por culpa dos bes, uves, xes, gues, dos tiles e estaba moi enfadada con quen inventara todo iso.

Ese día na casa de Abril había “sopa de letras” para cear e ía comendo bes, uves, xes, gues, pero Abril non tiña moita fame, así que deixou a metade da sopa no prato, e... menos mal! Porque ao día seguinte, algunhas das letras que Abril comera descolocáranse completamente.

Cando Abril se ergueu pola mañá, a súa nai estaba a preparar “zume de laranxa” e díxolle:

- Abril, queres “cume”?
- Que dis de “cume” eu quero zume!
- Zume? Que é iso?
- O que ti estás a preparar. Que vai ser o zume?
- Zume?
- Si, zume.
- Abril que dis? Aínda non estás ben esperta?
- Por que dis iso?
- Pois porque estás a inventar palabras.
- E logo, agora xa non sabes o que é o zume?
- O zume!
- Si, o zume.

- Abril, de verdade, estás a tomarme o pelo?
- Pero non dixen nada malo!
- Abril queres pasar toda a tarde estudando?
- Non!
- Pois...
- Non importa, tomarei leite.

E a que non sabedes que había ao lado do leite? Os cereais, pero na caixa estaban escritos con “z”!

- Mamá, si que é burro o que escribiu isto con “z”!
- Pois claro con “z”, con que ía estar escrito?
- Con “c”.
- Si, xa.
- Si!
- Abril, non me estraña que suspenderas o exame de lingua galega.
- Pero... Xa está! Levaréille o cartón á miña profesora.
- Abril. ..

Entre toda esta conversación xa pasara moito tempo e era hora de que Abril marchara á escola.

Cando chegou, foi directa á súa aula onde estaba a profesora.

- Ola Abril! Que queres?
- Mira cereais con “z”! A que non se escribe así?
- Siiiiii, como queres que estivese escrito?
- Se é con “c”!
- Non , é con “z”.
- Con “c”.
- Abril é con “z”! e agora marcha que teño que rematar unhas cousas.

Abril aproveitou para saír ao patio antes de entrar na clase e alí estaba a súa amiga Inés, que tiña un debuxo para ela e ademais había unha nota que poñía:

- Para a miña mellor amiga.

Pero non así escrito, miña mellor amiga está escrito con “y”.

Abril púxose a pensar no que lle estaba a pasar e nisto...

- Abril, esperta!
- Todo era un soño! Menos mal!

O primeiro que fixo Abril ao levantarse foi ir ver como estaba escrito cereais, menos mal que estaba con “c”.

Dende que Abril tivo ese soño non comete case ningunha falta de ortografía...

E... COLORÍN, COLORADO ESTE CONTO REMATOU DE CONTADO!

HISTORIA DE AGUSTINA E MARISA

Por NOELIA GUDE LÓPEZ

1º accésit de relato curto da categoría infantil

Había unha vez unha castaña, chamada Agustina, que estaba aburrida de estar todo o tempo metida no ourizo; pero un día tirouna un forte vento, deixándoa desmaiada no chan.

Cando espertou viu que non estaba metida no ourizo e con moita alegría botou a andar.

Ao facerse noite tiña un pouco de medo polos vermes que podía haber polo bosque, pero colleu unha folla de castiñeiro e fixo unha manta dela.

Coa luz do día espertou. A súa sorpresa foi que unha landra a estaba observando detidamente cun pouco de medo, pero que se lle quitou cando a castaña lle dixo:

- ¿E ti quen es?
- Pois son Marisa, unha landra que anda un pouco perdida. - contestoulle.
- Pois se queres, podes vir comigo a coñecer o bosque -suxeriu Agustina. E Marisa aceptou.

Comezaron a camiñar cara ao corazón de bosque onde coñeceron a Mario, que era un cogomelo deses roxos moi chillóns. Informounas da Gran Raíña do bosque, que era a árbore máis vella. Elas interesáronse en coñecela e Mario mostroulles o camiño, que era sinxelo; só que tiña un tropezo, había que pasar por xunto dunha flor xigante que sempre estaba

chea de vermes. Agustina botouse para atrás, pero Marisa convenceuna para intentar coñecer a Gran Raíña do bosque.

Emprenderon a súa viaxe coa primeira luz do día e recolectaron a munición necesaria para toda a viaxe.

Foron por todos os lugares que Mario citou ata chegar á flor xigante que, efectivamente, estaba infestada de vermes.

Ás dúas treméronlles as pernas ao ver semellante pila de bichos, pero por sorte estaban a dumar, polo que, con moito coidado, pasaron entre eles. Mais sen querer Agustina pisou un, e cando este espertou botou a correr detrás delas, pero de repente chegaron a un río e Marisa agarrou a Agustina da man e deu unha brusca volta deixando caer ao verme polo río abaixo.

Ao cabo duns minutos de recuperación, seguiron camiñando ata que se fixo noite. Buscaron acubillo onde pasar a noite.

Cando se fixo día, Marisa descubriu que estaban ao lado do muro que encerraba a Gran Raíña. A landra espertou rapidamente a súa compañeira e as dúas comezaron a rubir polo inmenso muro.

Despois de escalalo, contemplaron a Gran Raíña á que tanto ansiaban coñecer.

Finalmente, Marisa e Agustina fixéronse grandes amigas e pedíronlle á Raíña que as deixase quedar a vivir alí e esta aceptou.

O PINO DE FORMENTOR

Traducido do Castelán ao Galego por XOSÉ YÁÑEZ BASANTA

(que o memorizou nos estudos de Retórica no Seminario de Mondoñedo, polos anos cincuenta, e que relembrou este ano no saúdo á Primavera, cando recitou en Soutomerille o poema O CARBALLO DE LUXÍS, de J. Crecente Vega).

Membro do xurado da I edición do certame

Hai unha árbore na miña terra que venera o meu corazón;
de cedro a súa ramaxe, de céspede o seu verdor,
aniña nas súas follas perenne primavera
e arrostra os torbóns que azoutan a ribeira,
anoso loitador...

Non brota das súas ramas a flor enamorada,
non vai á fontela as súas plantas bicar;
mais báñase en aromas a súa frente consagrada
e ten por terreo a costa acantilada;
por fonte o ancho mar...

Ao ver sobre as ondas raia a luz divina,
non escoita o débil trino que ao home dá pracer.
O berro oe salvaxe da aguia mariña
e sente a aba enorme que o vendaval domina
a súa copa estremecer...

Do limo da terra non toma vil sustento;
retorce as súas raíces en forte peñascal;

bebe rocío e choivas, raiosa luz... e ventos,
e cal vello profeta recibe o alimento
de efluvio celestial.

¡Árbore sublime...! Enseña de vida, que adiviño,
a inmensidade augusta domina por doquier.
Se dura lle é a terra, celeste o seu destino
lle encanta, e aínda lle serve o trono e torbelliño
de gloria e de pracer.

Ouh Si; que cando salta a ribeira
os ventos e as ondas, con hórrido fragor
daquela ir e canta coa borrasca fera
e, sobre as rotas nubes, a augusta cabeleira
sacude triunfador...

¡Árbore, a túa sorte envexo! Sobre a terra impura
dun ideal sagrado a cifra en ti hei de ver...

Loitar, vencer constante, mirar desde a outura,
vivir e alimentarse de ceo e de luz pura...

Ouh vida ...! Ouh nobre ser...!

Arriba ouh, alma forte! Desdeña o lodo inmundo
e nos austeros cumes, arraiga con afán,
verás, ao pé, estrelarse as ondas deste mundo,
e libres como alcións, sobre ese mar profundo
os teu cantos voarán..

Por MIGUEL COSTA LLOVERA

Presbítero.

Poeta mallorquín que o escribiu en Catalán

e logo traduciu ao Castelán.

Comentario:

Despois de agradecer a Mario Outeiro, o secretario da A.C. Arumes do Corgo, que me invitase de novo, como o fixera cando tiveron o gusto de formar parte do Xurado do primeiro certame literario, quero engadir á presentación, que encabeza o poema O PINO DE FORMENTOR, e na que o relaciono co poema de José Crecente Vega O CARBALLO DE LUXÍS, que tanto nos gusta aos seus conveciños da parroquia de Ponte de Outeiro e o seu anexo de San Salvador de Pacios, onde se conserva dito carballo xunto da Casa de Luxís, Concello de Castro de Rei. Quero engadir -diciá- este curto comentario para destacar a importancia das árbores na nosa cultura e educación, respectando a natureza e ambiente, no que nos tocou vivir. Todos temos algunha árbore presente na nosa máis ou menos extensa memoria. Eu lembro dende moi novo as maciñeiras da casa de miña nai e os vellos carballos da eira de meu avó paterno, así como outros exemplares ocos, que había no Campo da Festa da Portería, nos que xogabamos á “lebre escura” os nenos do Catecismo. Máis adiante aprendín dos antergos que estaban ocos por ter rebentado, cal bombas,

unha noite de tanta xeadá que se podía camiñar polo xeo que había no Miño, xunto da Ponte. Outras consideracións da importancia das árbores, desde poéticas até utilitarias, poden verse en diferentes medios; mesmo no Parque de Rosalía en Lugo, ao lado dos exemplares máis outos, había e segue habendo, escrito en pedra, un precioso canto á árbore, titulado PLEGARIA DEL ÁRBOL.

O PONTECIÑA

Por ANTONIO REIGOSA CARREIRAS

Membro do xurado da I edición do certame

Todo o que non é tradición, é plaxio

José Ortega y Gasset

O neno que mama ó meu peito
é o avó dos meus fillos
é o home da miña nai;
adiviñe, señor rei,
e, se non, solte ó meu pai.

Seica as crías femias dos animais poden chegar a aleitar aos seus proxenitores en caso de necesidade.

No antigo Exipto practicábanse ritos de adopción de adultos, sen haber parentesco, por amamantamento simbólico e en Etruria representábase o mito de Era e Hércules como o aleitamento dun adulto.

Con protagonistas humanos xa se contan casos supostamente reais sucedidos na Grecia de Alexandre, casos que se difundirían na Roma no século II a. de C.

Valerio Máximo (cara ao 30 d. C.) achega a referencia escrita máis antiga que se coñece no seu anecdotario *Facta e dicta memorabilia* cando conta dunha moza chamada Pera que libera á nai e ao pai da inanición e da cadea aleitándoos do seu peito. A nai fora recluída e condenada a morrer de fame, mais a filla dálle de mamar e sálvaa. A outra historia é a de Micón, o pai de Pera, home maior preso nunha cadea que había en Roma no Foro

Holitorio, mesmo debaixo do templo dedicado a Venus Sospita. Pera dálle o peito ao pai clandestinamente e tanto a nai como o pai son indultados en recoñecemento do amor amosado pola filla. Plinio, Hixinio e Xullo Solino reproducen esta anécdota entre os séculos I e o III d. D. C. A partir dunha tradución desde o francés feita por Mossen Ugo de Vries aparece en castelán por primeira vez en 1495, e de aquí en adiante moitas outras veces.

Da cidade de Pompeia consérvanse murais e terracotas que reproducen a escena, Rubens pintou arredor de trinta versións sobre o motivo no século XVII. Caravaggio tamén o reproduce no seu *Pio Monte della Misericordia*, que está en Nápoles. Diego Monroy Aguilera, pintor cordobés do século XIX, pinta a mesma escena que o cristianismo adoptou como representación da caridade, do amor e da piedade filial. No recibidor da Biblioteca Nacional de Madrid houbo un grupo escultórico coa escena. Byron en *Childe Harold* (Canto IV) e Steinbeck en *As uvas da ira* recrean a mesma historia.

Na tradición oral rastréxase profusamente o asunto da filla aleitando ao pai en todas as literaturas populares do mundo e en Galicia con versións recompiladas no Valadouro, Tui e Tomiño. Acadou grande difusión en forma de adiviña ou, máis propiamente, de conto-adiviña ou enigma, tamén documentado en Galicia. Neste suposto o carcereiro debe resolver o problema ou liberar ao preso. Nos catálogos tipolóxicos dos contos de tradición oral do mundo hispano aparece adscrito ao tipo 927 B.

O Ponteciña

Pedro Álvarez de Soutomaior, Pedro Madruga, conde de Caminha, o gran batallador galego dos tempos medievais, aquel que gastou a vida en leas

coa coroa castelá e coa igrexa compostelá, mandou prender ao Ponteciña, un home alcumado así por ser natural do lugar do mesmo nome, en Tebra, Tomiño.

O Ponteciña foi preso no castelo de Tebra logo de negarse a entregarlle ao conde a parte das colleitas que este lle demandaba. Prendérono e condenárono a ser privado de alimento e á tortura da “goteira” que consistía en deixar caer sobre a súa cabeza rapada unha pinga de auga ou de aceite quente. A morte sería lenta pero certa e, cando morrese o reo, as propiedades pasarían a engordar o patrimonio do conde.

Os veciños de Tebra foron pedir clemencia a Pedro Madruga, e este, soberbio, fachendoso, tan convencido estaba da morte certa do preso, comprometeu que se ao cabo dun mes o reo non morría, había repartir as súas propiedades entre todos eles.

Sabedora disto a filla do Ponteciña, que estaba recentemente parida, ía visitar ao seu pai todos os días e como era imposible pasarlle ningún sustento, reservaba do que había mamar o seu meniño achegándose ao castelo onde estaba preso o pai e a través do enreixado dun ventanuco dáballe o peito.

Pedro Madruga preguntaba cada día se morrera o Ponteciña, e sempre lle contestaban o mesmo: aínda non, e non ten traza.

Pasaba o mes, o Ponteciña resistía, e a filla que lle daba a vida vendo que Pedro Madruga non cedía, ideou unha estratexia para liberar ao pai.

Primeiro fíxolle saber a Pedro Madruga que se non o liberaba ía ter que enfrontarse a un inimigo moi poderoso. Logo convocou aos veciños das

parroquias de arredor e pediulles que xunguisen bois e vacas, e que arrastrasen ramallos polos camiños de arredor do castelo.

Era verán, e a poalleira que se ergueu ao paso dos animais era tan grande que Pedro Madruga pensou que era verdade, que viñan contra el non un senón varios exércitos así que ceibou ao Ponteciña e repartiu as súas propiedades entre os veciños do castelo de Tebra.

E así foi, ou non, que eu non o vin, que mo contaron.

FONTES

Bleuter, Gisela, «Adivinanzas de tradición oral en el Norte de Santander (Colombia)», en *Thesaurus*, tomo XVIII, nº 2, 1963.

Camarena, Julio e Maxime Chevalier, *Catálogo tipológico del cuento folklórico español. Cuentos-novela*, Centro de Estudios Cervantinos, Madrid, 2003.

Contos e lendas do Miño (ed. de Susana Casal e Xosé López), A Nosa Terra, Vigo, 2008.

Deonna, W., *L Deux études de symbolisme religieux: légende de Pero et de Micon et l'allaitement symbolique; L'aigle et le bijou; A propos du collier d'Harmonie décrit par Nonnos* (Collection Latomus, vol. XVIII), Berchem-Bruxelles, 1955.

Gude Méndez, Pepe, *Mitos e lendas de Tomiño*, Concello de Tomiño, 2009.

Laguna, Gabriel, Blog: Tradición clásica, *The girl nursing her own father-la muchacha amamantando a su padre*

(<http://tradicionclasica.blogspot.com/search?q=La+hija+mamantando+a+su+padre>)

Martín, Paco, *Que cousa é cousa? Libro das adiviñas*, Galaxia, Vigo, 1985.

Pisón, X., Lourenzo M. e Ferreira, I., *Contos do Valadouro*, CCL, Edicións do Castro, Sada, 2005.

Taylor, Archer, *Straparola's Riddle of Pero and Cimon and Its Parallels*, Romance Philology, 1 (1947/1948).

A EXCURSIÓN Á COVA

Por RUBÉN RUIBAL ARMESTO

Membro do xurado da II edición do certame

Eu tan pequeno á súa beira parecía un anano, ou el un xigante, eu estaba nervioso e tiña medo, el andaba anicado porque non collía do alto que é, no equipo de baloncesto mete tódolos tiros un atrás do outro, non falla nunca, e a miña linterna daba pouca luz, non tiña pilas, eu íballo avisando e el díxome chssst e todo estaba escuro, el ía diante miña e non se tropezaba nunca, eu si, é que eu son tan trope e tan pequeno. El levábame da man, tiña quentiña, ía frío, eu tiña ganas de facer achís porque me picaba o nariz, metíase me o pó dentro del e amolábame, e fixen achís e el volveuse para dicirme chssst co dedo na boca e eu volví a achisar e el deu luz coa súa lanterna que era grandísima e azul coma un coche de carreiras que eu teño e miroume con cara de mal humor e con ollos de enfadado como papá o mira a el cando fai algunha cousa mal ou lle contesta, ou fala mal, e eu díxenlle non puiden aguantarme, e eu pensaba que papá había de me mirar así tamén a min cando chegásemos á casa tan sucios, tan tarde, pero papá non sabe nada disto, é unha sorpresa que imos darlle e ti non llo vas contar, ¿a que non?, senón non é sorpresa, díxome, e para que te traería, rosmou, non ía deixarte só, e eu ía chorar e chegamos á casa e meteume no baño sen dicir ola papá e lavoume ás presas e o xabrón picábame nos ollos e eu estaba nervioso e pregunteille quen era o señor da barba que nos miraba no bosque e el ría por todo e movía a queixada e ulía a metal e díxome ¿o señor de barba?, un boneco que van botar pronto en Barrio Sésamo, e eu díxenlle que non, que o señor boneco non era, que tiña cara de profe de maiores, e Luís díxome cala a boca e eu tiven que dicirle bicando a cruz dos dedos que polo neno Xesús non llo ía dicir a ninguén, pero con papá é distinto, papá

sábeo todo porque llo di un paxariño, un que se chama Tomás pola mañá e Antonio polas tardes, papá había de sabelo o mesmo se non os matabamos a todos, pero eu non quería, a min gústame velos voar, e papá ía quentarme o cú de todas todas, a Luís non lle pega porque xa é maior e non pode con el, pero a min si e eu téño lle medo, el quere que lle teña respecto pero eu non sei, e ó secarme Luís facíame dano coa toalla que rañaba e eu díxenlle se é que quería que eu fose un calvo e el logo de rir púxome roupa limpa todo mollado e encheuse de manchurróns, non te preocupes dixo Luís, é auga, non pasa nada, ti cala, prometíchesmo, e fun ó salón e papá estaba pasmado vendo a tele cos vídeos ó seu lado, el sempre me anda berrando porque me gustan os xogos da tele e dime xa deberías estar durmindo neno mimado e el está alí sen facer nada, pero eu non podo pegarlle nin dicirlle que me teña respecto e ás veces ata berra porque non oe a tele e mándame calar, e logo como me van andar sen o ruuuuuuuuum a min os coches, digo eu, ou bérrame porque lle peta e nos mira mal ou cólleme e me belisca e me dá bicos e me fai cóxegas e eu río e non podo parar e logo escapo pero el nunca me vén detrás, bueno, algunha vez si, díxome para cama e eu quería contarlle que alí dentro facía calor pero non me atrevía porque había de enfadarse e eu quería dicirlle que alí dentro estíbame fresquiño que podíamos ir o sábado que eu sabía o camiño, a xantar, e ía contarlle o das pedras que medran coa auga como as plantas e o das bolsiñas brancas de medicina para o nariz, e que Luís me dixo que cunha chegaba, que era suficiente, e o do señor que estaba escondido detrás das árbores con barba e ollos azuis azuis e a mentira de Luís de que era un boneco que ían botar pronto no Barrio Sésamo para que lle berrase por troleiro e na tele estaban botando unha señora sen roupa e papá chamou a Luís e mandoume a durmir e miroume ulindo a xabrón verde todo limpiño e Luís chegou peiteado como se fose sábado e fósamos ver a mamá e colleume con forza polo brazo e fíxome chorar e cando llo ía chivar a papá xa me metera na cama e apretou forte a saba

como a min me gusta para durmir apretado e quedei durmido e espertei e era de noite e había unha lúa moi grande e moi branca sentada na xanela e un fantasma saíu da habitación cunha pistola e non era un fantasma, que era o boneco de Barrio Sésamo coa barba e os ollos azuis azuis e colgouse da póla da árbore e eu ía dicirlle a Luís o boneco o boneco e púxenme nervioso como cando vin ó xogador de fútbol que non me acordo do nome e Luís sacoume a foto ó seu lado e el xa estaba esperto cos ollos abertos sen se mover e tiña a almofada e as sabas e o pixama manchados e eu chorei e díxenlle non fagas bromas que me encabreo e entrou papá berrando que pasa que pasa que pasa diosmío está morto que pasa que pasa diosmío está morto e viu a bolsa branca no caixón da mesiña toda rompida e eu pensei e agora quen limpa todo isto e papá o fixo e eu tiña medo porque se Luís morría eu non tiña con quen xogar, eu non sei tampouco enchufar os xogos e non se me acordaba ben o camiño da cova para levar a papá o sábado que é cando libra e papá dixo non hai nada que facer e saíu correndo e chegaron os policías e eu miraba a Luís todo manchado cos ollos abertos mirándome con cara de parvo de broma e eu non sabía que facer e chegou papa e sacoume ó corredor e os señores de branco con bigotes levaron un vulto que non era un vulto que era Luís escondido debaixo da manta pero vinlle os pés saídos como na cama e berrei por Luís ó velo pero el non pandou e papá choraba, eu nunca vira como chora un papá, e deume pena e chorei e papá abrazoume e deume dous beixos e díxome cala e case me esmagou e eu quería escapar a ver se me viña detrás pero el non me deixou e me trouxo ó hospital no coche dos policías pero un díxome home, non se pode chorar, home, e logo Luís non veu despedirme nin meterme na cama nin contarme cousas de mamá e eu díxenlle a unha señora enfermeira quero ver a Luís e ela dixo pero é que eu non sei onde está e deume de beber e díxome non vas chorar a que non e eu non chorei máis porque os nenos non choran e eu xa son maior.

RAPSODIA TEMPORAL

Por TOÑO NÚÑEZ

Membro do xurado da II edición do certame

TEMPO TRES: Jénifer Teixeira Pereiro, ca mirada cega, enfoca cara ó areal de Santa Cristina dende a ventá do Hospital Oncolóxico. Os seus ollos húmidos aboian nas ondas azul herba que apousan segredos de anónimas singraduras na tona da area, quen se deixa aloumiñar compracida e esponxosamente receptiva. Pero o seu pensamento non fica varado na pegada escumosa con arrecendo a salitre que a auga deixa e recolle no leito mole das gaivotas, deserto a aquelas horas. Non, o seu pensamento, anegado de serena, á vez que fonda tristura, voa lonxe; fuxe, recúa no tempo á procura da memoria.

TEMPO UN: E aniña no recuncho dun xardín *parisien* onde seu avó, Manuel Pereiro Cancela, gradaba a terra cunha grade improvisada, tirada por súa avoa. Eilí, naquel anaco de xardín reconvertido en horto, que lles deixaran os amos da casa onde a súa avoa traballaba de criada; onde sementaban patacas, nabos, leitugas, *fréjoles* e tomates pre encher o baleiro dos domingos. Si, porque os días de labor, el dobraba quenda nunha fábrica de rodas de automóviles e non lle quedaba tempo pre dedirlarlles ás cebolas. Eilí onde seu avó asimilaba o francés á lingua de seu pre atopar solucións tan orixinais como a de chamarlle, en francés, á carne, vianda... Non puido reprimir un sorriso acedo.

TEMPO DOUS: Pero o seu pensamento non acouga. Reinicia o seu voo e percorre ás présas as follas do libro do tempo. E refúxiase, agora, noutro capítulo senlleiro que ten por protagonista a Marisol Pereiro Fonte, unha

nena criada por seus avós nunha aldea de tres ou catro puñados de casas, aló preto da raia galego-astur-leonesa; na aldea de Murias de Rao, pertencente ao concello lugués de Navia de Suarna. Unha nena que medrou ó abeiro da súa avoa Carme Cancela Carballo, de quen aprendeu a dicir mai, xato, xugo, xeadá, paxaro, garabullo, bincallo e, mesmo, runqueiro ou biouteiro. Aquela nena que, con tan só once anos, deixou de alindar vacas camín de Pandozarco pre dedicarse a debullar libros á procura dun futuro, libros mercados con francos franceses chegados de Francia. Unha nena que se fixo enfermeira e que casou co empregado do banco onde recollía os cuartos que seus pais lle mandaban. Aquela enfermeira que mudou de palabras e deu en dicir madre no canto de mai, que deu en chamarlle cuchillo ó cutielo, leche ó leite ou manzano ó pumar.

TEMPO CATRO: Jénifer Teixeiro Pereiro, violinista profesional e adicta á palabra do vate Manuel Rivas, arrincou os ollos do mar e buscou no libro que sostiña nas maus, outra vez, unha nova dose salvífica, pre lutiar ca dor. E leu, por enésima vez, aquel poema que tamén lle lera ó avó Manuel: *Hai que darlle unha alegría aos vellos / Que solten os poldros na eira / Que se encha o ceo de fariña / e de máscaras o corazón doente / Que cante o cuco / Que non saiban da nosa rendición / **Que os netos falen a súa lingua*** E un conforto morno percorreu o seu peito magoado.

TEMPO CINCO: Jénifer Teixeiro Pereiro espaxouse as cinzas pola alfombra de herba e follas daquel antigo prado onde súa nai gastara tantas páxinas do seu calendario vital tornando das vacas; aquel vello prado, hoxe soute novo poboado de castañeiros plantados, con toda a habelencia e con todo o agarimo dos que fora dono, por seu avó, recuperado xa da ferida da emigración. E sentiu que abonaba aquelas árbores, que adoptou como súas, con toda a responsabilidade que aquela decisión supuña. E sentiu

que abonaba, ó tempo, o seu futuro. E sentiu como un fluxo primixenio de seiva quente subía da terra e percorría as frebas do seu corpo, os ósos do seu esqueleto e asolagaba o sangue das súas veas. E sentiu retoñar nos seus adentros, como o toxo fanado no monte, a herba inconfundible do compromiso.

SER NELAS

Por MARICA CAMPO

Membro do xurado da II edición do certame

*Poema inédito, lido na gala da ONG "Implicadas"
celebrada no Teatro Principal de Santiago
o 9 de xaneiro de 2010,
á loita contra o feminicidio na India*

Perderase o meu rastro na galaxia dos días,
aumentará o outono as cinsas derradeiras
de venenos e ditos que me arderon a alma,
mais vivirás, Samali, e en ti poderei ver
o sorriso de Sirius, a Cruz do Sur no ceo
e o florecer do loto en pétalas de carne.
Xa que Samali é ramo, enfeitarás o mundo,
será vicioso e verde o porvir que che soño.

Algún día as palabras non han de acubillarme,
mais ti que es Dhara, terra, acollerás o froito
palpitante, o latexo, deste meu corazón
cando o reloxo marque exacta a miña hora.
Terá pulo do tigre, saltarache no peito
a dicir que es muller e vences o destino.
Non seguirás morrendo a mesma morte antiga,
non cumprirás sentenzas, será de teu o código.

Xirasol, Vanalika, a miña testemuña
da luz, da aurora á noite. unca terá o teu xiro
submisión ao rei astro, aprenderás da lúa
o baile na distancia, a conxunción perfecta
na rota do universo, o dereito a existir,
que non hai luz cativa se fende a escuridade.
Cando eu non estea, sé ti as miñas pupilas.

Espléndida ou Indira, para ti deixo o orgullo,
os xestos con que afirmo que estou e son e esixo.
Revíveme na rabia, na carraxe infinita,
no brado ante o que é inxusto, sen pedires licenza.
Endexamais claudiques, di o teu nome en voz alta,
érgueo como bandeira, rompe as cordas cos dentes.

Uma, ti, nai, constrúe a casa que me acolla
igual que inmenso colo contra os lobos e a sombra.
Aquí che deixo o reino que perdín hai mil anos,
aquel do que se sae e ao que xamais retorna
quen borrou coa memoria os pasos no camiño.
Que os fillos que non tiveron nazo de ti e recorden,
que ensarten as caricias nun colar imposíbel.

Serei en vós –seremos!-, Uma e Indira, Dhara,
Vanalika e Samali, nenas que rescatamos
das poutas máis noxentas dunha lei non escrita.
Non deades as grazas: temos de dalas nós
desde esta vida gasta que en vós renace e medra
e se redime, acaso, de ser baile de máscaras.

Desde este vello mundo mandamos os farrapos
do amor pouco que resta. Pola fenda do espanto
ollamos cara vós a soñarnos máis puras.

Non deades as grazas, deixádenos no espello
o voso rostro limpo para que nos reflecta
enteiramente humanas, eternamente novas.

ORIXES DO TURISMO RURAL

Por XABIER CORDAL FUSTES

Membro do xurado da III edición do certame

I

Noriega, por poñer un caso, engadira
o pasqualini á lista de palabras prohibidas:

- unha vaca é unha vaca é unha vaca é unha vaca é unha vaca é unha
vaca é unha vaca é unha

(ao final da metáfora a vaca era Europa, coma nos poemas)

II

chega o bispo e bota incenso
sobre o coche do paquete

- *E canto é?*
- *Nada ho, a vontade...* –di o bispo.

III

entra un ministro de España e ponse

se queredes vender leite hai que pagar
xa vos diremos canto

despois anuncia que as vacas están tolas
gol de Iniesta

IV

así que se oxida a maquinaria

os rapaces e algún artista

mercan ferrados de estrelas

para botar un foguete con música

(a parte de atrás do coche)

ESTRAÑO OBXECTO

Por LOIS DIÉGUEZ VÁZQUEZ

Membro do xurado da III edición do certame

Arm-25 apenas se decatou, nun primeiro momento, do que ocorría. Só sentiu a alarma intensamente no seu cerebro e viu, nun xesto instintivo, como o pulso dereito se poñía verde escuro. O aviso deixáballe os ollos irritados e maior presión na circulación do sangue. Os paxaros metálicos das torres calaran o alboroto. E daquela, foi consciente do estraño obxecto que viña do ceo, cara a el, de vagar, como se non quixese que a caída fose violenta. Mirouno a distancia pousado na herba artificial. Lanzoulle un raio co seu Mm-3 e non deu perigo. Pero na pantallíña elevouse en triángulo vermello o diagnóstico persoal. Achegouse, por tanto, ao obxecto. Compoñíase dun material descoñecido ateigado de pequenos e numerosos símbolos perfectamente ordenados. E numerosas placas case transparentes, finísimas e unidas por un dos lados. Cando, despois de moito reparo, colleu coas luvas de control o obxecto, comprobou que as placas se pasaban unha a unha sen dificultade.

O cadro científico do Poboado Lunar pasou varias xornadas tratando de descifralo, mais nada conseguiu, e acabaron por depositalo no Museo dos Obxectos Estraños en elevada urna destacada na Sala Gris. Arm-25 demorábase diante del uns minutos cada día, despois de entrarlle aos xeroglíficos desde as imaxes gardadas nos grandes operadores. Nunca nada entendeu. Só lle quedara unha sensación viscosa no corpo. Desde os cinco anos non tivera emoción ningunha, e xa cumprira os trinta, polo tanto aproximábase ao ocaso.

Até que un día, ao entrar na Sala Gris, topou cun neno instalado na vitrina e pasando as placas unha despois de outra como se aqueles xeroglíficos lle comunicasen algún entendemento. Cando o mirou de fronte quedou horrorizado: o neno tiña os ollos grandes e vivos, as mans pequenas, sen aquel dedo inmenso dos moradores do Poboado e movía os labios nunha expresión de preocupante dose emocional. Podíase gobernar libremente sen a Mm-3. Era un monstro. As alarmas todas puxéronse a pestanexar. O Poboado estaba ameazado.

XERMOLA A SEMENTE

Por XURXO XOSÉ RODRÍGUEZ LOZANO

Membro do xurado das tres primeiras edicións do certame

A uns compañeiros que van ser pais

Xermola a semente,
paseniño,
nos agros insondables
do útero materno;
na terra
amorosamente abonada
polos soños infindos
do eterno...
Chega, ao fin, a hora
de seiturar o centeo!
A colleita foi boa:
o gran é farturento!
É preciso erguer as medas,
subir a palla ao palleiro;
cómpre limpar o gran,
amorealalo con xeito...
Hai que levalo ao muíño
e tratar co muiñeiro;
e separar o salvado
cando as augas do caneiro
fagan xirar o rodicio

da infancia e do ensoñamento.
Teredes branca fariña:
amasádea co formento
que gardan con agarimo
as xeracións dos antergos.
Haille que engadir auga,
o sal do mar dos desvelos,
roxar fornos de paciencia
na pubertade dos egos...
Só así se cocerá
un bolo fermoso e tenro:
dourado como as espigas,
flexible coma o centeo,
doce coma esta terra,
ergueito coma os galegos.

PRIMAVERA EN QUINTE

Por XURXO XOSÉ RODRÍGUEZ LOZANO

Membro do xurado das tres primeiras edicións do certame

Feren o ceo
as ponlas dos castiros;
riba do caseto
podrecen os ourizos...
Veu a lavandeira
facer o seu niño;
florece a camelia,
desbórdase o Miño...

E Quinte dorme
no colo do río
aloumiñado
polos carrizos.

A primavera
esperta ao esquío;
os lagartos trenzan,
ourives finos,
alfaías de esmeralda
nos muros de xisto.

Xa pasou outro ano!
Sobrevivimos...
Fóronse as xeadas
dun inverno frío.

E, nesas raiolas,
nos arrechouchíos,
na choiva miúda,
nos chopos do río,
en todo Santalla
agroma a esperanza
doutro novo estío.

O ARCO DO VELLO

Por MARIO OUTEIRO IGLESIAS

Secretario do xurado nas tres primeiras edicións do certame

*A novidade atrae a atención e aínda o respecto, pero o costume faino
desaparecer pronto; apenas nos dignariamos a mirar o arco da vella
se este permanecese por moito tempo no horizonte*

Berthold Auerbach

Os anuncios da tele sementaban de alustros a penumbra da cociña e iluminaban con intermitencia a cara enrugada de Martiño. Tragaba submiso o que aquel enxendro de plasma ciscaba, mentres agardaba a que o resto da familia fora retornando ao fogar das súas xeirás diarias. Un menciñeiro da alma con colares estafalarios interpretaba o soño recorrente dunha preocupada telespectadora ante o asombro de Martiño pola detallada descrición. Ata as cores dos obxectos pormenorizaba!

Dándolle voltas toda a noite, Martiño espetoulle á súa neta mentres quentaba o leite do almorzo:

Oíches Sabela, ti cando soñas, ves as cores das cousas?

Si, dixo coa mirada perdida cara ao seu interior se cadra, e logo?...

Pasou o tempo e o avó seguía amolado por ser incapaz de percibir máis aló dun feixe de grises. Un día amenceu cunha pesada lastra no peito. Deu voltas e máis voltas no leito sen dar aviso e pouco a pouco foi quedando durmidoño e soñou...

Soñou co vermello da roibén do día en que o ceo chorou a morte de seu pai.

Soñou co laranxa das lapas na lareira que daquela nucleaba a vida fantástica do país; contos vellos para xente nova!

Soñou co amarelo das mimosas do ramo que improvisara para pedirlle a man a Oliva.

Soñou co verde intenso dos prados do val do Mazandán en primavera.

Soñou co azul do ceo dos longuísimos días de sega polas airas da aldea.

Soñou co índigo do seu primeiro coche, cando xa tiña netos. Sacar o carné de conducir abriulles as portas dunha independencia nova en plena xubilación.

Soñou co violeta, a súa cor preferida; aquela que os fascistas españois fanaran no corazón dos homes de ben naquel sanguento pesadelo.

E soñou con todas as cores xuntas nun arco da vella polo cal camiñaba paseniño cara a unha infinidade de lembranzas polícromas.

ESCALA DE GRISES

Por MARIO OUTEIRO IGLESIAS

Secretario do xurado nas tres primeiras edicións do certame

A pintura é poesía muda; a poesía pintura cega

Leonardo Da Vinci

A Ánxeles,
cor no meu lenzo diario.

Alexandre é un rapaz novo que aspira a vivir de abrir xanelas nos anacos de lenzo, a facer falar o silencio branco, a sementar de sentimentos un soporte inerte. E nuns tempos nos que todo o mundo é enxeñeiro, avogado ou electricista, non pasa desapercibida a persoa que se dedica á pintura coma algo máis que unha argallada para o lecer.

Dende neno, os mestres do colexio privado elixíano para facer as portadas da revista escolar e para debuxar os escenarios das obras de teatro, así que decidiu, anos máis tarde, e desafiando os preceptos paternos, estudar belas artes en Pontevedra. E aí comezou a súa carreira de pintor profesional. Polo de pronto, fixera un oco na vila natal e abrira unha galería permanente.

Os seus cadros están inzados de luz e de cores. Son cálidos aos ollos, moles, expresivos e iso tamén o sabía don Faustino. Un día achegouse ata o seu estudio. Non se molestou en mirar os lenzos que agromaban en todos os recantos do cuarto. Tampouco perdeu o tempo en presentacións nin en palabras estúpidas. Foi ao gran.

“Mi nieta me falou ben de ti. Te ofrezco quince mil euros si pintas un cuadro que me agrade de mi xardín. Píntalo en primavera, con un día soleado y con todas as plantas en flor. Me voy dentro de un mes para La Coruña, a pasar la Navidad, y quiero llevarlo. Si aceptas, te ensino el pazo agora mesmo.”

E como non ía aceptar semellante encarga! Era a primeira vez que se achegaban ata alí para contratar os seus servizos como profesional, sen esquecer a copiosa remuneración económica. Esa inxección de cartos permitiríalle manter o estudio unha boa tempada sen sobresaltos. Ademais, para el era todo un reto pintar algo que non vía. A luz e a vexetación en outono é completamente distinta, pero el tiña un sexto sentido que pouca xente posuía, soñar en cor. Deste xeito, cando durmía traballaba inconscientemente no cromatismo do cadro.

Achegouse ata o pazo para facer unhas fotografías e tirar as liñas mestras da obra. O resto do traballo faríao ao seu ritmo no estudio. O edificio era toda unha xoia feita en pedra do país, froito do traballo de moitos mestres canteiros da zona. A súa grandeza enxergábase dende que superabas a última curva de entrada ao val coma unha pedra preciosa arrincada á terra. O mobiliario, de estilo colonial, amosaba as grandezas de outrora, mentres que a luz entraba silandeira polos ocos das contras semellando non querer escachar aquela paz monacal.

Por outra banda o xardín, rodeaba todo o pazo e chegaba ata a aba dun outeiro próximo. O estilo francés zumegaba na xeometría dos vieiros de grava e nas figuras feitas con azalea. O gurgullar da auga competía cos rechouchíos dos paxaros naquel magnífico estanque central que facía de espello ao veterano magnolio. Ao leste, posuía unha pérgola con vistas a unha fraga da propiedade, chea de piñeiros e coníferas. Na primavera, aquel conxunto debía ser un auténtico paraíso.

Unha mañá espertou sobresaltado. Custoulle dar co interruptor da luz no medio dunha escuridade atafegante. Sentou na cama; envolto en suor custoulle recoñecer a súa cara de pampo no espello do cuarto. Levantouse ata o baño para que a auga borrasede o pesadelo. Non o podía crer, roubáranlle a cor dos soños.

Non lle daría importancia se nas noites seguintes unha escala de grises non invadise o seu mundo onírico. Tal e como era de esperar o cadro non avanzaba. Por moitas láminas de pintura que consultaba, éralle imposíbel de imaxinar aquel xardín en primavera, e o peor de todo, non era capaz de plasmalo no lenzo. Pasou o tempo e non tivo máis remedio que tragar o orgullo e chamar a don Faustino para dicirlle que non fora posíbel rematalo. El sentenciou dicindo, “ya me lo imaginaba” e colgou sen despedirse.

Alexandre comezou a recuperar paseniñamente a súa virtude e a súa vida profesional volveu á normalidade. Un día de maio de camiño á casa dunha amiga a curiosidade venceuno e decidiu achegarse ata o pazo para ver o que debería ser o resultado final da súa obra. Sorprendido por non atopar ningunha flor no que debería ser un exuberante xardín, preguntoulle a un velliño que quitaba as herbas da horta do lado.

Con ollos cansos e véndolle cara de forasteiro faloulle velándose ser escoitado por terceiros, “o dono do pazo foi o maior falanxista da zona. Detrás desas paredes ordenouse matar a moita xente da rodeada, unhas veces por motivos políticos, outras por simples vinganzas. Dende os tempos da guerra e desafiando á natureza ningún xardineiro de cantos houbo no pazo volveu a arrincarlle un sorriso a ese xardín”.

ÍNDICE

A MODO DE LIMIAR.	
Por Mario Outeiro Iglesias	5

I EDICIÓN DO CERTAME (2007)

ACTA	17
PRAIA DE DONIÑOS.	
Por Marcelino Sisto Deibe	19
BOSQUEXO DUNHA PERNA QUE PRETENDE SEGUIR PARADIANTE.	
Por Cruz Martínez Vilas	21
O CANEIRO.	
Por Orlando Viveiro Veiga	23
A ELA QUE QUERÍA VOAR E TRES RELATOS MÁIS.	
Por María Xosé Castelo Lestón	33
SÍNTOTE.	
Por Noelia Martínez Rey	41
AVÓ, ONDE ESTÁS?	
Por Judith Arango Arias	45
MEMORIA DE BÁGOAS.	
Por Noelia Martínez Rey	47
O MEU AMIGO.	
Por Isabel Rodríguez Gay	53
O NADAL.	
Por Patricia Díaz Barreiro	55
O MISTERIO DO AGASALLO DE NADAL.	
Por Cristina Pernas Pereiro	57
O ARMARIO ENCANTADO.	
Por Nerea Balboa Iglesias	63

II EDICIÓN DO CERTAME (2008)

ACTA	69
CONSTRITOR.	
Por Alberte Momán Noval	73
DASTÚASAUGAS.	
Por Luz Airado Bello	75
BEIZOS E MANDE ILLA.	
Por Xosé Daniel Costas Currás	77
DOS DÍAS ESTRAGADOS.	
Por María Xosé Castelo Lestón	81
OUTRA VEZ, SEMPRE.	
Por Beatriz Fernández Herrero	89
A CARRICANTA GUEDELLUDA.	
Por Marcelino Sisto Deibe	95
O CASTIÑEIRO DOS SENTIMENTOS.	
Por Cristina Pernas Pereiro	107
A MIÑA VILA.	
Por Marina Pérez Toro	109
A MASCOTA AGOCHADA.	
Por Mauro Catone Fernández	111
UN SOPRO DE ESPERANZA.	
Por Cristina Pernas Pereiro	113
O BONECO DE NEVE VIAXEIRO.	
Por Marta Toirán Somoza	119
UNHA HISTORIA DE RISA.	
Por Raquel Marey Otón	123

III EDICIÓN DO CERTAME (2009)

ACTA	125
O DELICADO CHEIRO DE AUMAXAB MARMA.	
Por Xosé Daniel Costas Currás	129
ACERTANDO NAS CEREIXAS.	
Por Montserrat Doucet	131
POEMAS EN OUTONO.	
Por Orlando Viveiro Veiga	135
VERSOS PRALÚA.	
Por Luz Airado Bello	139
AMIÑA VERDADE.	
Por Lois Pérez Díaz	143
O MISTERIOSO ENIGMA DO ENCORO PENTAGONAL.	
Por Tito Pérez Pérez	151
MÁIS ALÓ DE BAGDAD.	
Por Marina Pérez Toro	155
O INVERNO.	
Por Lucía Méndez Gómez	163
EU SON...	
Por Rocío González Pin	165
PAC, PASTRI E XERIEN:	
A TODO COCHO LLE CHEGA O SEU SAN MARTIÑO.	
Por Cristina Pernas Pereiro	167
TODO FOI UN SOÑO.	
Por Abril Lamela Gómez	173
HISTORIA DE AGUSTINA E MARISA.	
Por Noelia Gude López	177

OS TRABALLOS DO XURADO

O PINO DE FORMENTOR.	
Traducido do Castelán ao Galego por Xosé Yáñez Basanta	179
O PONTECIÑA.	
Por Antonio Reigosa Carreiras	183
A EXCURSIÓN Á COVA.	
Por Rubén Ruibal Armesto	189
RAPSODIA TEMPORAL.	
Por Toño Núñez	193
SER NELAS.	
Por Marica Campo	197
ORIXES DO TURISMO RURAL.	
Por Xabier Cordal Fustes	201
ESTRAÑO OBXECTO.	
Por Lois Diéguez Vázquez	203
XERMOLA A SEMENTE	
Por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano	205
PRIMAVERA EN QUINTE.	
Por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano	207
O ARCO DO VELLO.	
Por Mario Outeiro Iglesias	209
ESCALA DE GRISES.	
Por Mario Outeiro Iglesias	211



O Certame Literario Terras de Chamoso foi ideado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo no verán do 2007. Dende aquela non hai un Nadal no que non se celebrara unha entrega de premios no Corgo, sendo a de decembro de 2010, a IV edición. Un certame de poesía e relato breve en galego para as categorías infantil (10 a 14 anos), xuvenil (14 a 18) e adultos (maiores de 18 anos) que nas catro primeiras edicións foi capaz de seleccionar e entregar 47 premios de entre as 316 obras presentadas.

Neste volume recompílanse os traballos gañadores das tres primeiras edicións (2007-2009) ademais das obriñas que dun xeito opcional nos doaron os membros do xurado desas edicións, formando un conxunto de poesías e relatos dunha alta calidade literaria, recomendable para calquera lector que ame a literatura galega.

ISBN 978-84-694-1450-7



9 788469 414507



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura